

## Foz e Mondoñedo súmanse ás protestas contra o proxecto eólico

Veciños de Mondoñedo acudiron á Casa do Concello de Mondoñedo a presentar alegacións en contra dos parques eólicos Ventisca, Boura e Monzón, proxectados por Greenalia, cuxa liña de evacuación atravesaría todo o concello desde Argomoso a Oirán con torres de máis de 40 metros de altura. A estas protestas sumáronse tamén as do propio Concello de Foz, que presentou unha serie de alegacións pola proximidade ás casas, os ruidos e os impactos ao patrimonio natural, concretamente á Zona de Especial Protección de Aves. Barreiros xa presentou tamén as súas. **Pax. 5**

## Loito na industria mariñá

O fracaso da negociación de Alcoa e o peche de Vestas mobilizan á poboación da comarca, que busca apoios para salvar os empregos no sector



Outubro trouxo dúas malas novas para a industria da comarca da Mariña, o fracaso das negociacións en Alcoa, o que impide ir cara adiante na venda da factoría do Aluminio, e o peche de Vestas, que supón 115 empregos perdidos máis. Con estes anuncios chegaron tamén as protestas por estas decisións empresariais. Realizáronse xa varias concentracións e manifestacións tanto na Mariña como en Santiago de Compostela e mesmo en Lugo. Nelas pediuse aos distintos Gobernos que actúen contra estas decisións empresariais como salvagarda dos empregos na comarca. **Pax. 2**

**foz.** A localidade contará co primeiro banco de fotos oficiais. **Pax. 7**

**viveiro.** O Concello logra o desbloqueo da tramitación do PXOM. **Pax. 9**

**burela.** Piden o recoñecemento de Patrimonio á alfrombra floral. **Pax. 11**

**cervo.** Cervo acollerá a primeira pista de atletismo homologada. **Pax. 14**

**xove.** Coñece os negocios do polígono de Camba. **Pax. 16-17**

**alfoz.** A vila rende homenaxe ao profesor Pedro Rubal Pardeiro. **Pax. 18**

**ourol.** A Deputación aglomera catro estradas provinciais. **Pax. 25**

## Volve o programa Mariña en ruta



Haberá roteiros todos os sábados deste mes. **Pax. 4**

## Organizan o I Foro Económico



Terá lugar a última fin de semana de outubro. **Pax. 8**

## Festas de outubro na Pontenova



Desenvolveranse do 9 ao 11 deste mes. **Pax. 14**

## Estreado o programa de viaxes Coñece a túa provincia

A Deputación de Lugo estreou o programa de viaxes gratuítas Coñece a túa provincia, do que, nesta primeira tempada, se beneficiarán máis de 1.200 persoas de 62 colectivos ata o vindeiro 10 de novembro.

Este plan é unha das medidas do Plan de Impulso da Economía da Provincia que ten en marcha a institución para a recuperación dos sectores máis afectados polo impacto da pandemia. **Pax. 27**

Poñémoste a 1.000

# Fibra GRATIS ata 2022

Chama gratis ao **900 651 679**  
[www.adamo.es](http://www.adamo.es)

Promoción válida para contratacións web ou por teléfono

FIBRA 1.000 Mb **GRATIS**

MÓBIL 25 GB **8€** Chamadas ilimitadas

**3 meses GRATIS** NETFLIX

**adamo** Fibra · Móbil · Fixo

## Gana 40€ por cada amigo ao que lle recomendes a fibra máis rápida

<https://adamo.es/conectandoamigos>

2 amigos **80€**

5 amigos **200€**

Oferta válida exclusivamente para novos clientes que non contrataran Adamo nos últimos 3 meses e que contraten entre o 24/08/2021 e o 18/11/2021, ambos incluídos. Non se pode combinar con outras promocións. Internet FAST + Móbil ilimitado 25GB cunha promoción, durante os primeiros 4 meses, 10 pagados 90€/mes, despois 10€/mes. Ademais, 3 meses de Netflix básico. O agasallo enviarase despois da segunda factura pagada. Prezo final con IVE e cota de liña incluídos. Promoción suxeita a permanencia dos servizos de Adamo durante 12 meses. Cota de activación 12,10€ (IVE incluído) que inclúe a instalación dun router premium. No caso de que un cliente solicite a cancelación do servizo e se deuse de baixa antes dos 12 meses, terá un recargo da parte proporcional de 163,35 € (IVE incluído) en concepto de permanencia.



# A MARIÑA

## A industria, en situación crítica

Ao fracaso das negociacións de venda de Alcoa súmase o anuncio de peche de Vestas, que implica a perda de 115 empregos en Viveiro

A industria na comarca da Mariña está a atravesar un difícil momento xa que ao fracaso das negociacións para a venda do sector do Aluminio de Alcoa uniuse agora o anuncio da danesa Vestas, que avanzou o peche da súa fábrica de Viveiro, que afectaría a un total de 115 traballadores. O comité de empresa de Alcoa retomou a folga co cambio de mes e iniciou as mobilizacións na rúa ante o bloqueo do proceso de venda, que consideran roto. Este acordo tomouse na asemblea de traballadores cos votos a favor dos empregados, agás oito.

A primeira das mobilizacións xa se celebrou diante da fábrica coa habitual queima de pneumáticos e coreo de protestas. No relativo á folga, esta seguirá nas mesmas condicións que tiñan xa que, como subliñou José Antonio Zan, voceiro do comité, “non se trata dunha nova así que se manteñen as condicións”.

Considera o comité que Alcoa rompeu as negociacións xa que quería negociar o prezo enerxético para o comprador antes de vender e consideran que “iso non ten lóxica xa que sería o comprador o que tería que negociar”. Afirmar tamén que á multinacional “non lle vale nada do que o Goberno propuxo” e que “a catro compradores lles valía o plan enerxético proposto pola ministra”. Tamén manifestaron o seu malestar coa decisión do Goberno de que a SEPI non interveña porque non lle deixa a Unión Europea, “cando hai uns meses non tivo problema en facer unha oferta que Alcoa no tempo de desconto da negociación

rexeitou”. O comité tiña aprazado o reinicio da folga á espera de que se producira un acordo de venda. A seguinte cita será ante a Subdelegación de Goberno o día 10 de outubro en Lugo.

E tamén os traballadores de Alcoa sumáronse a todas as manifestacións e protestas que convocaron os de Vestas para protestar polo peche da planta de Viveiro.

Segundo informou a empresa Vestas, este peche forma parte dun proceso de reconversión da súa es-



### En bici ata Dinamarca a entregar unha carta

O domingo día 3 de outubro comezou a súa xesta reivindicativa Alejandro Paleo, que percorrerá en bicicleta a distancia que separa Vestas Viveiro e a sede central da compañía en Dinamarca, máis de 2.800 quilómetros de percorrido en diferentes etapas cunha cunha duración total estimada de 15 días. Esta fazaña culminará coa entrega dunha carta en man dirixida aos directivos de Vestas en Dinamarca para que non se peche a planta.

traxectoria, que afecta tamén ás plantas de Lauchhammer, en Alemaña, e Esbjerg, en Dinamarca.

En Viveiro, Vestas fabrica xeradores para a plataforma terrestre de 2 Megawatts (MW), así como paneis de control da turbina mariña V164 para mercados situados fóra de España. Segundo a compañía, a decisión de pechar prodúcese como consecuencia da diminución da demanda da plataforma de 2 MW e da necesidade de optimizar a fabricación de compoñentes para eólica mariña, “algo que fai insostible continuar coa produción en Viveiro”.

Conforme aos plans actuais, Vestas prevé cesar a produción nesta planta a finais de 2021 e ofrecerá recolocacións aos operarios que actualmente traballan en Viveiro noutros centros no país.

Para mitigar os efectos, Vestas asegura que traballará man a man coa Xunta de Galicia e co Goberno central, así como cos axentes sociais.

Os traballadores non tardaron en organizarse para iniciar unha lista de concentracións de protesta que xa se fixeron en Santiago de Compostela, Lugo e na Mariña.

Dende os distintos sectores sociais afirmase que en pleno auxe das enerxías renovables, o anuncio da empresa non se entende; polo que queda en evidencia que Vestas non ten argumentos que sosteñan a súa decisión.

A ese respecto, anunciou o acordo durante os encontros de constituir unha mesa industrial entre os sindicatos, o comité de empresa, o Goberno central e a Xunta.



Concentracións de Vestas e Alcoa



## PREPARA TU CASA PARA EL INVIERNO

### SALONES Y SOFAS



Con cada compra en **MUEBLES ALMAYO** participa en el sorteo de **300€** para consumir en artículos de decoración y decoración navideña en nuestros establecimientos

**BARREIROS**  
Pol. Industrial Cruz do Lobo, Nave 10  
Tels.: 982 585 709 / 652 110 377

**BURELA**  
C/ Curros Enríquez, 12 - Tel.: 660 402 954

**RIBADEO**  
Rúa San Francisco, 2-4 Bajo 6 - Tel.: 636 761 883



## O GDR Terras de Miranda asesora en dixitalización a 15 empresas

O Grupo de Desenvolvemento Rural Terras de Miranda está desenvolvendo dentro da medida Leader en colaboración con Agader, un programa de asesoramento empresarial para revitalizar e impulsar ás empresas agroalimentarias e turísticas.

Este programa ten como obxectivos mellorar as competencias dixitais do sector empresarial, apoiar o tecido produtivo do territorio na súa actualización, incrementar o grao de adaptación das empresas do territorio á situación actual provocada pola COVID-19 e colaborar co sector primario e terciario de cara ao desenvolvemento económico que abrangue o GDR Terras de Miranda.

Das 15 empresas beneficiarias deste programa, 7 pertencen ao eido do sector agroalimentario: A Leira Ecotenda, Ecohorta da Costa, Mel do Rego da Xeada, Muiñeiras de



Requiande, Mel O Trobo, Panadería Lorenzo e Panadería Rubal, mentres que outras 8 pertencen ao sector turístico: Apartamentos A Palleira, Araucaria House, A Balea Verde, Casa da Penela, Finca El Remanso, Hotel Montero, Hotel Residencia Mediante e Oli Vita Hostel Albergue. Estes establecementos están recibindo visitas presenciais nas que se

analiza a súa situación actual para identificar as áreas de mellora e oportunidades, con especial foco no ámbito da comunicación dixital para mellorar a súa competitividade no contexto económico post-covid. O programa estará activo ata finais do mes de outubro, cando se realizará unha xornada de presentación de resultados.

## Varios concellos mariñoos acollen un proxecto musicosocial

Os concellos da Pontenova, Barreiros e Trabada acollen un proxecto musicosocial para nenos de entre 7 e 12 anos. O obxectivo é unirse á orquestra do programa Sinfónico no rural.

Nela aprenderase a tocar, cantar e compartir a música nun espazo de convivencia en grupo. Este programa ten beneficios na educación como desenvolver valores como o respecto ou a perseveranza, mellorar as capacidades como a concentración, a intelixencia emocional, a memoria ou a motivación. Servirá de enriquecemento ás



relacións sociais e aumentará a creatividade e a iniciativa dos nenos, así como, mellorará a autoestima, o potencial individual e a seguridade.

A matrícula é gratuíta e haberá especialidades de violín, viola e cello, clases orquestrais, colectivas, talleres, charlas e moitas máis actividades. Serán dous días á semana.

Para anotarse, haberá que facelo antes do 14 de outubro, e para solicitar praza as inscricións deberán facerse no email [info@festival-balygay.com](mailto:info@festival-balygay.com).

## A UNED, galardoada con dous premios nacionais



Ana Belén Traseira e Carlos García, da UNED

O Observatorio Nacional ODS da UNED ven de fallar os premios ODS na Universidade, resultando galardoados dous proxectos do centro universitario lucense cunha contía de 6000 euros: PlanetaODS 2.0 e FOZ 2030. As iniciativas premiadas están deseñadas no marco do proxecto #LugoNaturalMente dirixido por Ana Belén Traseira e Carlos García. Este proxecto arrincou na primavera do ano 2019 con unha tripla misión: a contribución e posta en valor do patrimonio natural da provincia, á loita contra o cambio climático e a divulgación da Axenda2030 da ONU. Dentro da categoría de Centro Asociado, foi galardoada a iniciativa #PlanetaODS2.0 que presentou un extenso programa de iniciativas para a divulgación de efemérides medioambientais, sociais ou de vida saudable aliñadas coa Axenda2030. A precuela deste proxecto foi un referente de divulgación na provincia de Lugo alcanzando ás 50.000 visualizacións na rede.

**MATRÍCULA.** Xa está aberto o período de matriculación en Formación Permanente da UNED para o curso académico 2021/22. Este

estenderase ata o 30 de novembro de 2021, mentres que o prazo extraordinario continuará até o 14 de xaneiro de 2022.

Tamén está aberto o prazo de matrícula para os cursos semipresenciais e en liña do Centro Universitario de Idiomas Dixital e a Distancia da UNED (CUID). Até o próximo 22 de outubro pódese facer a inscrición sen necesidade de posuír titulación académica algunha.

O CUID da UNED imparte 16 idiomas en distintos niveis: alemán, español, francés, inglés, italiano, neerlandés, portugués, árabe, chinés, esperanto, xaponés, Lingua de Signos Española, ruso, catalán-valenciano, galego e éuscaro. Dos cales, inglés, galego, chinés, portugués e alemán impártense no centro de Lugo. Todos os cursos seguen as directrices do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER), nos que se traballan o catro competencias comunicativas, comprensión e expresión, oral e escrita.

O CUID, independentemente da modalidade de ensino (semipresencial ou exclusivamente en liña), organiza e desenvolve os seus programas nunha contorna virtual.

SERVICIOS JURÍDICOS INTEGRALES  
EN LUGO Y RIBADEO DESDE HACE  
MÁS DE 30 AÑOS

**VA** VEIGUELA  
ABOGADOS

**RECUPERA LOS GASTOS DE  
FORMALIZACIÓN DE TU HIPOTECA**

Gastos de Registro, gastos de empresa gestora, gastos de tasación,  
gastos de notaria, comisiones de apertura de hipoteca.  
**RECUPERAMOS TU DINERO. NO DEJES QUE SE LO QUEDE EL BANCO**

**SOLO COBRAMOS SI TÚ COBRAS**

**1ª CONSULTA GRATUITA**  
Llámanos: **982 228 606**

📍 Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. ☎ 982 228 606

🌐 [veiguelabogados](http://veiguelabogados.com) 📱 [veiguela abogados](https://www.facebook.com/veiguelaabogados)



## Continúa o 9 unha nova edición de A Mariña en Ruta

En outubro chega unha nova edición de A Mariña en Ruta, que organiza a Mancomunidade de Concellos para axudar á dinamización da comarca no outono. O obxectivo pasa por atraer escapadas de fin de semana para os galegos e as galegas e para as comunidades autónomas máis próximas.

Esta edición, coa colaboración para a súa coordinación e execución da empresa de turismo activo Volta Montana, ven supoñer a valorización do entorno natural, a historia, a etnografía e a arqueoloxía da Mariña Lucense a través de 10 roteiros que se realizarán durante os meses de outubro, novembro e principios de decembro nos concellos de Trabada, Burela, A Pontenova, Riotorto, Barreiros, Lourenzán, Viveiro, O Vicedo, Xove, Mondoñedo e Alfoz. As rutas terán lugar os sábados de outubro, novembro e decembro, agás a primeira, que foi o domingo, 3 de outubro. Terán unha duración de 2 a 3 horas e poderán participar

en cada unha un máximo de 25 persoas máis a/o guía. O prezo será de 5 euros (individual), 8 euros (parella) e 12 euros (familiar ou grupo de ata 5 membros). As persoas interesadas en gozar de A Mariña en Ruta poden atopar información e facer a reserva de prazas en <https://amarinalucense.gal/es/a-mariña-en-ruta> ou poden contactar a través da seguinte dirección de correo electrónico: [enruta@amarinalucense.gal](mailto:enruta@amarinalucense.gal) e o teléfono +34 690 61 47 49.

A seguinte ruta será por Trabada, cunha viaxe ao pasado que dirixe Boris Vilar o sábado 9.

A continuación, o seguinte sábado levará por título, Burela, porto histórico á beira do Cantábrico, que estará a cargo de Lidia de la Fuente. Seguirán na Pontenova, coa natureza do ferro, tamén ao cargo de Boris Vilar o sábado 23.

Rematarán con Terra de Ferro e Soños (Riotorto). Estará dirixida por Pedro Rolle e Guido Álvarez o sábado 30.

## Rehabilitarán o pazo episcopal e o Mosteiro de Lourenzán

O Plan Turístico Nacional Xacobeo 21-22, anunciado pola ministra de Industria e Turismo o pasado mes de xullo, contempla o investimento de 5.500.000 euros en dous emblemáticos inmobles de propiedade da diocese de Mondoñedo-Ferrol: o pazo episcopal de Mondoñedo e o mosteiro de San Salvador de Lourenzán. A firma por parte do bispo diocesano e os respectivos alcaldes de senllos convenios de cesión de uso dalgunhas estancias de ambos os edificios, por un período de tempo de 29 anos implica un paso inminente cara as obras.

**MONDOÑEDO.** No caso de Mondoñedo, as estancias que se ceden son as situadas en torno ao patio da entrada de carruaxes da rúa dá Fonte. Ditas dependencias quedaron á marxe da rehabilitación do palacio que a diocese acometeu nos anos noventa. Desde entón estaban destinadas a acoller as salas do museo diocesano e catedralicio pero, a pesar de varios intentos, ata o de agora non fora posible atopar o financiamento necesario para acometer as obras. Se finalmente se concreta, este investimento de 3.500.000 € con cargo ao Plan Turístico Nacional Xacobeo 21-22 permitiría culminar a rehabilitación integral do palacio, tras máis de vinte anos de espera. Ademais do uso museístico desapaecida parte do edificio, a zona principal, xa rehabilitada, acolle a residencia do bispo en Mondoñedo, salas de reunións e algunhas dependencias da curia diocesana, en particular o importante arquivo.

O palacio episcopal, residencia do bispo e sede da súa curia, estivo unido e vinculado á catedral desde o mesmo traslado da sede episcopal a Mondoñedo no século XIII. Pero, do mesmo xeito que a basílica, sufriu notables modificacións ao longo da súa centenaria historia. O actual edificio é fundamentalmente do século XVIII, cando os bispos Riomol e Quiroga primeiro, e Cuadrillero e Mota despois, reconstrúeno. Será este último quen impulsará a ampliación do



Os dous emblemáticos edificios relixiosos

á que dá a rúa dá Fonte; precisamente encima da porta de carruaxes, por onde se accede á zona para rehabilitar, áchase o escudo en pedra deste importante prelado mindoniense.

A adecuación para o uso museístico das estancias mencionadas permitirá que o noso museo diocesano e catedralicio dispoña do espazo necesario para expoñer nas debidas condicións os seus ricos fondos e para seguir acollendo pezas procedentes de toda a diocese. Supoñerá sen dúbida, ademais, un novo fito na dotación turística e cultural da cidade, da que a Catedral é un dos seus maiores reclamos.

Sobre esta cuestión o PSOE de Mondoñedo manifestou “estamos convencidos que este investimento contribuirá a mellorar o noso patrimonio, e agradecemos o compromiso do Goberno de Pedro Sánchez na nosa cidade”. Pola contra, o BNG manifestou o seu malestar polo acordo debido á escaseza de información que ñen sobre o mesmo.

**LOURENZÁN.** Tamén Vilanova de Lourenzán está vinculada desde o seu mesmo orixe ao mosteiro, fundado no século X por Osorio Gutiérrez, o Conde Santo. O actual edificio data dos séculos XVII e XVIII, e xunto coa igrexa barroca conforma un magnífico conxunto monumental, dos máis importantes de Galicia. É ademais, sen dúbida, o corazón da capital do concello laurentino, tendo tamén un valor afectivo moi importante para moitos diocesanos, polas activida-

des que acolleu unha vez que desapareceu a presenza monacal.

A inclusión deste inmovible no Plan Turístico Nacional Xacobeo 21-22 supón unha recompensa ao labor levado a cabo nos últimos tempos por parte do bispado, coa activa implicación do concello e da dirección xeral de Patrimonio Cultural, para frear a paulatina deterioración do edificio e atopar o financiamento necesario para a súa rehabilitación. Nese sentido, xunto a diversas xestións levadas a cabo, a diocese acometeu o ano pasado unhas actuacións de emerxencia, que consistiron fundamentalmente no desmonte das zonas de cuberta máis deterioradas, que ameazaban con derrubarse, e a instalación dunha cuberta metálica provisional, para salvagardar a estabilidade dos muros e forxados. Xunto con iso, levaron a cabo outras actuacións de limpeza e consolidación en varias zonas, cun investimento total próximo aos 100.000 euros. Ditas actuacións permitiron que este verán o claustro do mosteiro acollese de novo diversas actividades organizadas polo concello.

Se se materializa o financiamento anunciado, que ascende a 2.000.000 euros, fará posible a completa rehabilitación do claustro principal e as dependencias vinculadas a el, que poderán albergar usos de carácter cultural e recreativo, e potenciar a visita turística do conxunto, que alberga ademais un museo de arte sacra.

ELISARDO BARCALA





## MENÚ DIARIO

## MENÚS ESPECIALES

## PESCADOS



Plaza Conde Fontao, 3 (Puerto) - Foz - Tel.: 982 140 433

ABIERTO TODOS LOS DÍAS



## A Mariña supera o gromo de Foz pero mantén casos residuais

A comarca da Mariña non logra terminar coa presenza da covid pero si mantén a súa acción de forma controlada.

O gromo escolar de Foz, que afectou a unha zona concreta da poboación, fixo subir de forma súbita os casos pero a situación xa está controlada cunha baixada continua de casos e chegando xa á situación de normalidade. Deste modo, Foz foi practicamente o único concello galego nas últimas semanas en estar en situación de alerta

No resto de concellos da provincia a situación está totalmente controlada con moi poucos concellos con casos e nos que hai sempre por debaixo dos dez enfermos. De feito, na comarca da Terra Chá só Meira ten algún caso, o resto levan máis de quince días sen positivos.

Aínda así, a situación é boa con pouca hospitalización e un control importante.

A vida social e cultural retomouse con bastante normalidade e cada semana aumentan algo máis os aforos. De feito, na última circular de Sanidade, ampliáanse os aforos do 75 ao 90% no locais de diferentes



eidos sociais, agás no lecer nocturno. Este será o caso dos interiores dos comercios, academias, lugares de culto, instalacións deportivas e actividades culturais. Nestes ámbitos tamén se eliminará o número máximo de persoas que poden realizar actividades en grupo.

No caso dos espectáculos musicais e artísticos con público sentado -tanto en recintos interiores como ao aire libre- poderán ampliar a capacidade de público do 75 ao 90% de aforo. No caso de desenvolverse estas actividades con público de

pé, establécese un máximo do 50% para o interior, e ampliase do 33 ao 66% se teñen lugar ao aire libre.

No caso da hostalería, ampliase o número máximo do grupo de persoas en interior que pasa de 8 a 10 persoas, e de 15 a 20 nas terrazas. Os aforos dos locais de hostalería, en nivel dunha cunchiña, quedan fixados no 75% interior e incrementase ao 90% no exterior. No caso dos locais encadrados no nivel de dúas cunchiñas ampliase ao 90% no interior e permanece o 100% nas terrazas.

## Foz e Mondoñedo súmanse ás protestas contra o proxecto eólico

Unha vintena de veciños acudiron á Casa do Concello de Mondoñedo a presentar alegacións en contra dos parques eólicos Ventisca, Boura e Monzón, proxectados por Greenalia -a empresa de Beatriz Mato, ex-conselleira de Medio Ambiente da Xunta de Galicia- cuxa liña de evacuación atravesaría todo o concello desde Argomoso a Oirán con torres de máis de 40 metros de altura.

Denuncian ademais a inacción e silencio cómplice do Concello, "que non fixo a debida difusión da mesma -mesmo fai semanas transmitía erroneamente á veciñanza que o prazo para alegar estaba cumprido- a pesar de contar cun PXOM de recente aprobación no que se fala da saturación eólica e mesmo se prevé que calquera nova liña eléctrica debe ser soterrada", din os veciños.

**FOZ.** O Concello de Foz, pola súa banda, presentou unha serie de alegacións ao parque eólico Borrasca. O alcalde de Foz, Fran Cajoto, está satisfeito do traballo técnico que realizou a consultora contratada e afirma que "os técnicos fixeron fin-



Cajoto cos papeis das alegacións

capé naquelas zonas de vivendas que podían verse máis afectadas, como as casas do Furco, no barrio da Hermida, e o barrio de Vilela, en San Martiño. Facendo un novo cálculo de ruidos puideron comprobar que dous aeroxeradores superarían o nivel de 45 decibelios permitidos en horario nocturno para unha zona de vivendas". Nas alegacións tamén se consideraron impactos ao patrimonio natural, concretamente na Zona de Especial Protección de Aves. Estes dos concellos súmanse así ao de Barreiros, que tamén presentou as súas alegacións.



Asociación GDR 1  
Terras de Miranda.  
GRUPO DESENVOLVEMENTO RURAL

## O GDR TERRAS DE MIRANDA ASESORA EN DIXITALIZACIÓN A 15 EMPRESAS TURÍSTICAS E AGROALIMENTARIAS



O Grupo de Desenvolvemento Rural Terras de Miranda está desenvolvendo dentro da medida Leader en colaboración con AGADER, un programa de asesoramento empresarial co obxectivo de revitalizar e impulsar ás empresas agroalimentarias e turísticas do seu territorio.

O programa estará activo ata finais do mes de outubro, cando se realizará unha xornada de presentación de resultados.

### OBXECTIVOS

- Mellorar as competencias dixitais do sector empresarial.
- Apoiar o tecido produtivo do territorio na súa actualización.
- Incrementar o grao de adaptación das empresas do territorio á situación actual provocada pola COVID-19.
- Colaborar co sector primario e terciario de cara ao desenvolvemento económico que abrangue o GDR Terras de Miranda.

### EMPRESAS BENEFICIARIAS

- 7 do eido do sector agroalimentario:  
A Leira Ecotenda, Ecohorta da Costa, Mel do Rego da Xeada, Muiñeiras de Requiande, Mel O Trobo, Panadería Lorenzo e Panadería Rubal.
- 8 pertencen ao sector turístico:  
Apartamentos A Palleira, Araucaria House, A Balea Verde, Casa da Penela, Finca El Remanso, Hotel Montero, Hotel Residencia Mediante e Oli Vita Hostel Albergue.



X 21-22



## O Goberno local mellora varios viais en Mañente

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, e o concelleiro Javier Fraga supervisaron as obras de mellora de viais en Mañente (Vilaronte) orzamentadas con cargo ao Plan de Mellora de Camiños 2021-2022 do Agader.

As obras consisten na limpeza de marxes de 940 metros de camiños municipais, así como a renovación do firme con aglomerado en quente de 5 centímetros de espesor e o pintado das marxes. Fran Cajoto explica que “son dous viais moi empregados por veciñas e veciños, tanto pola maquinaria agrícola como de acceso ás vivendas. Serven tamén de conexión do barrio de Mañente coa estrada autonómica LU-152 Foz-Ferreira e coa estrada provincial LU-P-2004”. E destaca que “a obra será completa: limpeza de cunetas, aglomerado e sinalización. Para mellorar a seguridade viaria e evitar velocidades excesivas vamos dispoñer lombos de asno sinalizados, como fixemos noutras actuacións previas. Son rectas prolongadas e queremos calmar o tráfico en zonas de cruces, polo perigo supoñen”.

## Continúa este mes a programación cultural

O Concello de Foz comeza esta fin de semana a programación cultural dos meses de setembro e outubro.

Así, a vila encherase de diferentes actividades para pequenos e maiores todas elas actividades respectarán os protocolos covid para manter a máxima seguridade nas mesmas.

Así, durante o mes de outubro haberá teatro os venres ás 20.30 horas na sala Bahía o venres 8 *O Premio*, o venres 15 *O Mozo da última fila*, o venres 22 *Contos de Contrabando* e o 29 *As fillas Bravas e o mito de Casandra*.

## O Concello adxudica a ampliación do Centro de Seguridade Vial

O Concello de Foz adxudicou ampliación do Centro de Seguridade Vial e anuncia a retirada da denuncia interposta pola Asociación Central de Jubilados y Pensionistas de Foz.

O Concello de Foz continúa avanzando co compromiso adquirido en canto á reforma da Cafetería do Centro Social -Bar dos Xubilados- e á recuperación dese espazo para todos os maiores de Foz. O alcalde, Fran Cajoto, anuncia que se adxudicou a ampliación do Centro de Seguridade Vial, situado no peirao de Foz, por un importe de 58.834,39 euros á empresa Construcciones Jesús Naray SL. Esta edificación será empregada pola Asociación de Discapacitados Virxe da Mariña unha vez rematadas as obras.

A concelleira de Asuntos Sociais, Ana Rojo, destaca a labor desta asociación: “está a facer un gran traballo, conseguindo que persoas con discapacidade intelectual do noso concello se integren e participen dunha vida moito máis normal, realizando labores de inclusión na vida adulta e relacións sociais, así como



O alcalde, Fran Cajoto, diante do edificio da Seguridade Vial

reforzar coñecementos adquiridos mediante diferentes talleres e clases de reforzo. O Concello quere apoiar e incentivar esta gran labor: dixeramos alto e claro que iamos ofrecer unhas instalacións dignas á Asociación Virxe do Carme antes de calquera reforma da cafetería do centro social e con este novo espazo cumprimos e van poder continuar cunha iniciativa tan necesaria, onde rapaces focegos poden levar

a cabo tarefas de inclusión no noso Concello, sen ter que desprazarse a outros concellos limítrofes”.

O alcalde informa tamén da retirada da denuncia interposta pola Asociación Central de Jubilados y Pensionistas de Foz.

As obras de ampliación do Centro de Seguridade Vial, xunto ás de reforma da planta administrativa e a cafetería do Centro Social, prevén rematarse antes de fin de ano.

## Unha campaña busca atraer teletraballadores e fixar poboación

O Concello de Foz presentou a súa nova campaña Vive e traballa en Foz, que incide en dar a coñecer os beneficios de residir nun lugar coma Foz para todos aqueles que teletraballan e viven en cidades.

A concelleira de Emprego, Inés López Couto, explica que “o vídeo realizado está pensado para atraer poboación das cidades, que dende a chegada do covid teletraballa e vive en pisos pequenos e sen posibilidade de saír pasear á natureza sen coller o coche. O teletraballo agora permite vivir a moitos quilómetros da sede da empresa, polo que a calidade de vida pode mellorar de forma exponencial. Ademais do spot realizouse unha web na que se poden consultar contidos e contactar para obter información”.

O alcalde focese, Fran Cajoto, móstrase optimista porque “as novidades nas metodoloxías de traballo e a mellora das comunicacións no rural permiten que se poidan dinamizar de novo as nosas parroquias”.

## Aloumiños convoca o segundo Concurso Nenos e Maiores

O centro Aloumiños convoca segundo Concurso Nenos e Maiores, no que fomentan as actividades e accións interxeracionais. Nesta ocasión haberá unha nova categoría na que un neno de 6 a 16 anos e un adulto maior de 65 anos deberán traballar conxuntamente.

Na categoría individual poderán participar nenos de 6 a 16 anos que deberán presentar un relato ou un debuxo sobre o tema E ti de pequeno, que facía?, coa intención



de que lle pregunten a unha persoa maior de 65 anos. O prazo de participación no certame está aberto ata o 5 de novembro e como premios haberá unha merenda para os tres primeiros clasificados.

## Instalan internet gratuíto en catro prazas da vila

O Concello implantará a wifi gratuíta en catro prazas da vila. Wifi4eu Foz é un proxecto financiado pola Unión Europea que permite navegar cunha velocidade mínima de 30 mbps a través dunha wifi gratuíta desde 4 zonas da vila: Concello, Praza Salgado Toimil, Praza Conde de Fontao e Campo da Cabana. Están dispoñibles 24 horas ao día, 7 días á semana.

“A pesar de ser unha wifi libre cumpre con estándares de alta seguridade, contando con tódalas garan-

tías como se fose unha wifi privada. Para poder navegar de xeito gratuíto en calquera destes puntos tan só debemos seleccionar a Wifi4eu no noso móbil e rexistrarnos a través de sms. Obteremos un usuario e contrasinal para poder entrar no noso portal e navegar por internet”, explica o alcalde.

Ademais destas wifis exteriores foron instaladas tamén interiores para dotar dun mellor servizo ao Centro Social, á Casa da Cultura e á Casa do Concello.

**2500 m<sup>2</sup>**  
**a tu disposición**

¿Qué harías con ellos?  
Nosotros, reforestar.

**¡Canjea tus Ortipoints por 1m<sup>2</sup> de bosque!**  
Únete a nuestro proyecto de reforestación plantando un árbol en As Fragas do Eume.

Ortegal Oil [www.ortegaloil.es](http://www.ortegaloil.es) Ortegaloil 881 93 18 56 \*Consulta con nuestro personal para más información sobre el servicio y la campaña.

**EL BOSQUE DE ORTEGAL OIL**



# A localidade de Foz conta co primeiro banco de fotos oficial

Foz conta co primeiro banco de fotos oficial e así o fixo público o concelleiro de Turismo, Chema Linares, que comentou que “parece mentira, cando son moitas as fotografías que diariamente veciños e turistas colgamos nas redes, que o Concello de Foz ata agora non contara cun banco de fotos, moitas veces solicitado dende a oficina de turismo. Son moitas as revistas, publicacións, semanarios, xornais ou particulares que continuamente nos piden fotos dos diferentes recursos turísticos ou recunchos do noso concello; como recentemente para elaborar un libro sobre os castelos e fortalezas de España, da fortaleza do mariscal Pardo de Cela na Frouxeira, ou para un traballo sobre os paseos marítimos en Galicia, da Sociedad Estatal para la Gestión de la Innovación y las Tecnologías Turísticas (SEGITTUR), tendo que acudir a fontes externas para conseguir tales fotografías”.

Chema Linares destaca que se trata



Unha das imaxes do banco de fotos

“dun traballo de máis de 270 fotografías de diferentes lugares e recursos do noso concello, no que están representadas as nove parroquias, as praias, os paseos, as rutas, a ría, o pobo, as igrexas e capela e, como non, o castro de Fazouro e a Basílica de San Martiño. É un traballo de longa duración, de varios meses, xa que as condicións lumínicas e a propia natureza non son as mesmas

en cada estación do ano nin en cada momento do día, ou mesmo as praias non son as mesmas con marea baixa ou chea”.

Para rematar o edil de Turismo engadiu que “con este traballo e outros en tramitación esperamos nutrir a nova web turística que se vai elaborar para o Concello de Foz e que xa está presupostada nos orzamentos deste ano”.

## AciaFozCCA sorteia 5.000 euros no Megavatio de Ouro

AciaFozCCA organiza a campaña Megavatio de Ouro que se desenvolverá do 7 ao 27 de outubro e sorteará 5.000 euros en premios. Un total de 33 establecementos participarán nesta campaña. Cada local sorteará 150 euros, o valor medio dun megavatio, en tres vales de compra de 50 euros. O sorteo celebrarase o día 28 de outubro en cada tenda e os vales de compra serán trocables ata o vindeiro 31 de decembro en calquera dos locais que se deron cita no Megavatio de Ouro.

Os locais participantes son: 5 Lobiños, Alain Afflelou Óptica, Calzados Pirde, Cenor Belianorte, Centro Óptico Eliseo, Chinela Nenos, Chuvia, Decoraciones Pura, Don Zapato, Electricidad Núñez, Ferretería Fuente, Ginzo Hombre, Ginzo Mujer, Hola Ola, Infotec, Isla, Kukadas, La Flor Abulense, Librería Bahía, Lourdes Moda íntima, María Docampo, Mercería Vera, Milar, N1 Zapatillas, Pastelería Anduriña, Sueños, Sumi-



nistros Veipa, Tien21 Celso, Vas's, Vas's Outlet, Viajes Rodríguez, Xanela Agasallos e Xoguetería Bahía. O presidente de AciaFozCCA, José Carlos Paleo, explicou que “despois de días e días oíndo falar do prezo do megavatio dun xeito negativo e preocupante para todos nós, quixemos asociar esta palabra a algo positivo e pensamos nesta campaña na que cada local participante sorteará o prezo medio dun megavatio en tres vales de compra”.

## Ampliado o contido do museo da Basílica de San Martiño

Ampliado o contido do centro de interpretación da Basílica de San Martiño con 4 paneis informativos que fan referencia a elementos de difícil exposición. Os paneis están expostos nas salas do primeiro andar e a sala do Bispo.

Na primeira sala colocáronse dous paneis enfrontados, nos que atopamos despregada a representación iconográfica das ábsidas laterais do templo, discernidas como capela norte, a do calvario e capela sur, a da virxe María, decoradas ambas con pintura barroca, datada de finais do século XVI. “Con esta actuación preténdese que os visitantes poidan apreciar máis de cerca estas pinturas e contar coa explicación da guía da Basílica. Hai que ter en conta que non se pode acceder ás capelas por

seguridade e que en moitas ocasións a propia Basílica está pechada por oficios relixiosos”, explican no Concello.

A seguinte sala recolle unha representación dos canzoros interiores, con temática da luxuria, agrupados de tres en tres; e a última, a do Bispo, a que conta cunha representación do anel e o báculo do Bispo, complétase cun panel narrando as tres lendas máis coñecidas sobre San Gonzalo: a lenda normanda descrita polo bispo Navarrete Ladrón de Guevara no século XVIII cun texto en castelán antigo; a da fonte da zapata descrita polo recentemente desaparecido e amante da arte Cal Pardo cun texto en galego; e a da balea, menos coñecida, narrada polo literato mindoniense Álvaro Cunqueiro.

## Aprobada unha moción para renovar a rede de augas

O pleno aprobou unha moción para que se inicien as xestións para renovar a rede de distribución de auga e evitar as frecuentes roturas.

“O ciclo da auga é unha materia na que a xestión do goberno local, presidido polo socialista Cajoto, é máis que deficiente”, di o portavoz popular do Concello de Foz, Javier Castiñeira. No que se refire ao abastecemento, segundo explica Castiñeira, “instamos ao goberno municipal a que trate de dar solución aos múltiples problemas que temos con este servizo”. Señala que “hai roturas na rede de distribución de auga que afectan a zonas como Marzán ou Vilar Ponte e que nalgún momento poden chegar a causar danos maiores. Hai que actualizar o contrato que está caducado den-

de o ano 2017; hai que sacar esa concesión, que pode traer incluso obras. Non se debe esquecer que hai un remanente de tesourería procedente do mandato pasado e que se pode usar para novas instalacións da rede de abastecemento”. Castiñeira lembrou que o seu grupo presentou no pleno unha moción de urxencia para tratar de dar solución á crise que vive a Escola de Música. O portavoz popular di que “a pesar do anuncio de que Felipe Sánchez vai seguir, queremos que haxa compromisos. Tivemos o voto en contra do alcalde e do Partido Socialista, pero seguiremos vixiantes para que isto se vaia arranxando e coñecer cales foron eses compromisos que levaron ao alcalde a cambiar de actitude neste asunto”.

## O Feitizo prepara novos cursos para esta tempada

A Agrupación O Feitizo de Foz informou da súa programación de cursos para esta tempada que contarán con música e baile tradicional.

Así, os martes de 20.00 a 21.00 horas haberá baile galego para adultos, os mércores de 18.00 a 19.00 horas baile galego para pequenos e de 19.00 a 20.00 para medianos, e ás 20.00 horas de percusión, pandeiretas e gaita.

Os luns serán as clases de baile moderno infantil de 18.00 a 19.00 horas, os principiantes serán de 19.30 a 20.30 e os adultos a partir das 20.30 horas. Tamén haberá clases de baile moderno para principiantes e adultos os xoves nos mesmos horarios. Para máis información sobre os cursos e os grupos haberá que chamar ao teléfono 649 905 842.



#amariñasalvaseloitando

CONCELLO DE XOVE



## BREVES

**RECIBO.** O Concello devolverá a taxa de recollida de lixo aos negocios afectados polo peche temporal de xaneiro na facturación do terceiro trimestre, cuxa facturación se remitirá este mes de outubro. A medida beneficia aos negocios afectados polo peche temporal entre o 27 de xaneiro e o 25 de febreiro, como consecuencia da orde do 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecían medidas de prevención específicas pola evolución da situación epidemiolóxica.

**TEATRO.** O teatro Pastor Díaz acollerá a obra de teatro *Vaia Tea!* o sábado 9 ás 19:00 para reflexionar sobre a orixe do que consume a cidadanía. Ambas actividades enmárcanse na campaña Aquí e Acolá O Xusto da ONG Solidariedade Internacional de Galicia. As entradas estarán dispoñibles a partir do 1 de outubro e poderán conseguirse chamando ao número de teléfono 982 560 162 ou ben enviando unha mensaxe ao correo rbg.cultura@viveiro.es

**EXPOSICIÓN.** Os Xardíns Noriega Varela acollen ata finais de outubro a exposición *Dereitos Humanos en Mozambique: acompañando a mellora da saúde e a educación desde a cooperación municipalista*. Esta exposición está promovida polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, entidade da que é socio o Concello de Viveiro. A mostra ofrece unha panorámica dos proxectos de desenvolvemento apoiados no país lusófono, canda intres da vida cotiá, a través das fotografías realizadas polo reporteiro Adrián Irago, que viaxou á zona como gañador do certame Imaxes con Fondo III.

**BELÉN VIVEIRO ANTE O BERCE.** A Deputación de Lugo fixo públicos os premios ao turismo da provincia e o Concello de Viveiro obtivo un galardón na categoría Lugo Cambia ao Turismo Lucense. Viveiro resultou premiado polo seu proxecto Viveiro ante o Berce, unha iniciativa turística que se celebra época de Nadal cun importante impacto no municipio pero tamén na provincia.



Presentación do I Foro Económico de Viveiro

## Viveiro convocou para o 30 de outubro o I Foro Económico

Viveiro contará coa celebración do I Foro Económico de Viveiro, que se celebrará o próximo sábado 30 de outubro en xornada de mañá. Participarán no foro María Cadaval Sampedro, profesora de Economía Aplicada da USC, e Miguel Ángel Vázquez Taín, presidente do Consello Galego de Economistas e profesor de Economía Pública e Sistemas Fiscais da USC. Ambos falarán sobre as oportunidades de futuro a raíz da pandemia do coronavirus e sobre o futuro do comercio local nun mundo globalizado.

Entre os retos a curto prazo para a economía sobre os que sen dúbida

falarán están os fondos europeos 'Next Generation', que a UE puxo a disposición do Estado para afrontar a crise xerada pola covid. Participará tamén na xornada Antonio Abril Abadín, presidente da Confederación de Consellos Sociais das Universidades Españolas e do Consello social da Universidade da Coruña, que falará sobre a nova Lei de Universidades, sendo ademais o moderador da mesa redonda. Por último, o Concello pretende que o foro sirva para facer un recoñecemento ao esforzo do empresario local. De feito, entregárase o recoñecemento empresarial do ano a unha empresa de Viveiro.

## Lector de microchips para a Policía Local

Dende a área de Seguridade Municipal infórmase que a Policía Local dispón dun lector de microchips máis sofisticado que co que se contaba ata agora, tras a súa renovación. Este novo lector caracterízase por posuír unha antena que fai posible a lectura dos microchips a unha maior distancia, polo que favorece a seguridade dos axentes e o benestar animal ao non ter que acercarse tanto. Tamén é capaz de ler un maior número de microchips con respecto ao dispositivo anterior.

## Rematan os traballos en vías de Viveiro e Galdo



Estado dos novos vias

Finalizaron as obras de mellora de varias vías de titularidade municipal das parroquias de Viveiro e Galdo, incluídas dentro do Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022, da Agader.

Estas axudas regúlanse mediante a Resolución do 28 decembro de 2020 para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022.

O proxecto para realizar estas actuacións contou cun investimento

de 63.425 euros, incluíndo a execución de obras de mellora na Pista de Borralleiros, en Viveiro; e do Camiño da Veiga, Camiño do Cárcere e Pista da Pedrosa, en Galdo.

As obras consistiron en labores de mellora, mediante o reforzo do firme existente coa incorporación de novas capas máis axustadas ás características do tráfico rodado que soportan. Tamén se realizaron labores de mantemento, tanto do firme existente mediante o bacheo de determinadas zonas como de mantemento das marxes dos camiños mediante a limpeza de cunetas.

## Aprobada a moción para construír un skatepark

O Concello de Viveiro aprobou a moción para a creación dun skatepark no municipio. A moción, presentada polo BNG, é tamén unha proposta que o grupo municipal PSDG-PSOE xa incluía no seu programa electoral e na que xa se está a traballar.

De feito, o goberno municipal xa conta co orzamento dunha empresa especializada para a creación do skatepark, cun importe que ronda os 80.000 euros. Tal e como se explicou durante o debate desta moción, a pandemia obrigou a reorganizar os programas e asumir gastos imprevistos, pero a creación dunha pista de skate estaba prevista e, polo tanto, a moción contou co

voto favorable do goberno.

Con todo, dende o goberno municipal faise fincapé na necesidade de contar cuns orzamentos para poder levar a cabo calquera tipo de iniciativa ou actuacións. O goberno municipal explica que aínda que se propoña a execución de obras ou proxectos a través de subvencións, cómpre ter en conta que en practicamente todos os casos a financiación non é total, xa que a axuda non cubre o 100% do custe e se fai precisa a achega municipal.

A concelleira do BNG xa presentara hai un ano unha moción propoñendo a creación dunha pista de skate no espazo que está máis preto da residencia DomusVI.

## Propostas municipais

**POR VIVEIRO.** O grupo municipal Por Viveiro pide a creación de tramos de preferencia peonil nas rúas Alonso Pérez e Camiño Vello.

**PARTIDO POPULAR.** Os populares propoñen tamén que, antes do 11 de outubro, se inste á Dirección Xeral de Patrimonio para que o Astrolabio quede en Viveiro ou sexa devolto á cidade o antes posible dado que dispón de instalacións para a súa exposición, persoal para a restauración e técnicos para expoñelo.

**BNG.** A concelleira do BNG, Míriam Bermúdez, solicita ao goberno municipal a reubicación dos maceteiros de grandes dimensións situados pola beirarúa da Avenida Navia Castrillón, desde a Praza de Lugo até o bar Atlántico.

*Dermoterapia*  
**Centro de Estética**

Cita Previa:  
664 527 486

VUELVEN LOS COMBINA 2

SKEYNDOR  
SCIENCE creates BEAUTY

TRATAMIENTO POWER en cabina + KIT HIGIENE Expert Cleanse PRO

A PRECIO SUPER ESPECIAL 59€

**ROCKLANDS ACADEMY**  
...where English is fun!

**CURSO 2021/2022**  
Contáctanos hoy para reservar tu plaza para el nuevo curso

SCAN ME

982 103 377  
605 738 247

www.docklandsacademy.es





Reunión para desbloquear o PXOM

## Viveiro desbloquea a tramitación do PXOM

Nunha reunión celebrada en Santiago na Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), o Concello de Viveiro conseguiu desbloquear a tramitación do seu Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

“Foi unha reunión frutífera e agradecemos a receptividade da AXI, de feito este mesmo luns xa haberá unha reunión entre o equipo redactor do PXOM e técnicos da axencia para desbloquear algunhas cuestións clave do plan”, explica a alcaldesa de Viveiro, María Loureiro.

A reunión foi solicitada pola propia alcaldesa e participaron na mesma Francisco Menéndez, director da

AXI; Héctor Presas, xefe da Área de Planificación da AXI; o equipo redactor de OTEA (Manuel López e Belinda Yepes); María Loureiro; e os portavoces municipais do PSOE (Jesús Fernández); PP (José Ramón Soto); X Viveiro (Bernardo Fraga), e o concelleiro non adscrito (Luis García).

“Viveiro necesita o PXOM, é unha ferramenta imprescindible e primordial para o desenvolvemento do concello en diferentes eidos, como o urbanístico e o industrial; é unha opinión consensuada entre todos os grupos da corporación”, lembra a alcaldesa.

## Unha ruada de contos achegará a lingua galega

O Concello de Viveiro presenta unha nova iniciativa cultural durante o mes de outubro. Ruada de contos é un conxunto de espectáculos dirixidos á infancia, á mocidade e ao público familiar, cos que o goberno local busca fomentar o emprego da lingua galega.

Este programa realízase co obxectivo de fomentar o emprego da lingua galega en todos os ámbitos. O goberno local, dirixido por María Loureiro, busca con este programa que a mocidade deixe atrás vellos prexuízos e inercias negativas sobre a lingua galega; así como fomentar a creatividade e o ocio no idioma galego garantindo unha ampla oferta cultural en galego.

A programación comezará o próximo xoves 7 de outubro ás 18:00, con Vacacións no Mar de Tom Arena. Ese mesmo venres 8, ás 18:00, será a quenda de Soñando inventei de María Faltri e Jorge Juncal. O sábado 9 de outubro ás 12:00 representárase Historias para derreter cera de Alba Grande. Por último, a programación pecharase o domingo 10 de outubro ás 12:00 con A Carreira de Charo Pita.

Todos os espectáculos realizarán-



se na Sala Multiusos do Concello e as prazas son limitadas. Cómpre realizar a reserva no teléfono 982 560 162, de 10:00 a 12:00, cunha reserva máxima de 2 entradas por persoa. Durante todos os espectáculos cumpriranse cos protocolos covid-19 pertinentes.

“O fomento da lingua galega, sobre todo dende a infancia, é unha das nosas prioridades de goberno. No Concello, realizamos un importante esforzo para que case toda a nosa programación estea en lingua galega, para que o noso idioma ocupe o lugar que merece”, subliña Lara Fernández Fernández-Noriega, concelleira de Cultura.

## Exposición pública da actualización do Inventario de Bens Municipais

Rematou a revisión e actualización do Inventario de Bens Municipais, no que se recollen todos os bens de titularidade municipal.

Deste modo, o Concello de Viveiro poderá contar cun rexistro administrativo e unha ferramenta de traballo que poida permitir aos veciños e veciñas coñecer con exactitude os bens de titularidade municipal, dotando así de seguridade xurídica, entre outras cuestións, ás tramitacións urbanísticas en parcelas colindantes con viais de titularidade deste concello.

Para que este inventario sexa o máis preciso posible, o Concello de Viveiro decidiu realizar este trámite de exposición pública que non resulta obrigatorio por lei para que todos os veciños poidan comprobalo e presentar, no seu caso, as alegacións oportunas e así corrixir antes da aprobación definitiva as posibles anomalías que se poidan detectar.

A documentación correspondente á planimetría estará exposta ao público na sala de exposicións da Biblioteca Municipal, sita na Praza Maior nº 1 de Viveiro, de luns a venres en horario de 8:30 a 15:00 horas e de 16:30 a 20:30 horas.

**COMPRAMOS  
MADERA  
PINO Y EUCALIPTO**

**982 55 86 00**

**ASERRADERO Y APROVECHAMIENTO FORESTAL**

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

**Hijos de Ramón Rubal**

[www.hijosderamonrubalsl.es](http://www.hijosderamonrubalsl.es)  
alfoz@hijosderamonrubalsl.es



## O Vencello denuncia a falta de persoal do centro de saúde



Centro de saúde de Burela

O Vencello vén de denunciar publicamente os problemas de falta de persoal que está a padecer no centro de saúde burelés.

“Hai xa semanas que os veciños sufrimos a escaseza de persoal facultativo e de enfermería (actualmente so hai tres facultativos pasando consulta, cando o habitual é que sexan sete) o que está a provocar a dilatación nos prazos para a aten-

ción nas consultas dos doentes”, di a voceira da asociación Brixida Pino.

“Somos conscientes de que o persoal sanitario en todos os centros de saúde -e tamén no noso- é escaso, atópase desbordado e atendendo como pode a máis usuarios do debido, todo isto á conta de aumentar o seu xa estresante xornada laboral”, engade Pino.

## Comeza un novo proxecto coa mocidade dos centros educativos

Dende o Concello de Burela están comezando un novo proxecto cos centros educativos que consiste en fomentar a participación da mocidade na mellora da vila.

Segundo a concelleira de Mar e Servizos Sociais de Burela, Carmela López, “queremos que Burela sexa recoñecida como unha cidade amiga da infancia”.

Neste proxecto haberá un grupo de participación adolescente que terá varios eixos vertebrais no que os propios nenos e nenas conformarán o grupo xunto cunha persoa encargada de dinamizalo e que será un rapaz titulado como dinamizador experto en grupos de participación. Ademais de alguén no Concello que se implique no proxecto, neste caso será Noelia Legaspi, a Educadora Familiar, e tamén a implicación de Unicef Galicia que é a coordinadora.

O proceso para formar un grupo



Obradoiro no IES Monte Castelo

de participación será en primeiro lugar o de poñerse en coñecemento os IES do proxecto e coordinarse talleres de difusión, nos que dende o Concello din informan que “xa estamos traballando co IES Monte Castelo e Perdouro”.

O dinamizador da talleres en cada curso dos IES en Burela, para in-

tentar captar rapaces e rapazas para o grupo. A persoa do Concello implicada porase en contacto con Unicef Galicia para que lle indique os pasos de xestión así como as pautas para entrar na comunidade de infancia e demais. Faranse grupos de traballo e despois comezará a funcionar facendo un taller mensual.

## Aprobada a creación dun arquivo histórico e cultural dixital da vila

O Pleno de Burela aprobou a proposta do Grupo Municipal Popular para a creación dun arquivo histórico e cultural, de carácter dixital.

O alcalde Alfredo Llano contou que “aprobamos a moción, presentada polo grupo popular, na que fai a petición da creación dun arquivo histórico cultural de carácter dixital. Pensamos que é unha boa idea e realmente o grupo de goberno xa está traballando e así o expresa na súa páxina web onde existen iniciativas para levar a cabo certas cuestións derivadas da cultura e da historia que teñan carácter dixital. Xa se está levando adiante un proxecto onde as diferentes rutas por Burela teñan códigos QR distribuídos de tal xeito que poidan explicar a todo o mundo

o que está a ocorrer. É unha idea moi boa, aínda que leva o seu tempo porque hai que ter disposición económica e despois xa se verá onde ter un sitio tamén no que almacenar unha boa distribución, polo tanto imos ver se podemos ter unhas instalacións para manter arquivos. Queremos ter dixitalizado todo, pero tamén suficiente material presencial. Ambas cousas son compatibles”.

A vicevoceira popular, Yovana Oroza, sinala que “cremos que é preciso inventariar e preservar a rica historia e cultura da nosa vila” para iso “pódese facer uso das novas tecnoloxías de forma que sexa facilmente accesible para tódolos veciños e veciñas de Burela e que poida ser transmitida con máis facilidade”.

## Rematan na rúa Río Cobo as obras no abastecemento de auga

Estes días rematan as obras na rúa Río Cobo, en Vila do Medio. O orzamento ascendeu a 70.000 euros e para o concelleiro de Obras, Ramiro Fernández Rey, trátase duns traballos moi necesarios debido ás roturas que se producían na rede de abastecemento de auga. Para supervisar a conclusión da obra, o edil e o alcalde, Alfredo Llano, desprazáronse ata a zona onde aproveitaron para falar coas veciñas e cos veciños.

O edil de Obras contou que “estivemos supervisando o remate dunha obra importante e moi necesaria que se fixo na rúa Río Cobo, na Vila do Medio. O custe ascendía a algo máis de 70.000 euros e estaba incluída no Plan Único provincial”.

Ramiro Fernández explicou que “tiñamos unha serie de problemas de traída da auga naquela



Visita do alcalde á rúa unha vez rematadas as obras

zona, tiñamos moitísimas roturas na rede e ademais aproveitamos para solucionar xa o tema da traída, mellorar o saneamento e facer o separativo de pluviais e residuais. Tamén se lle deu unha capa de aglomerado en quente á rúa, co cal quedou moitísimo mellor para o seu tránsito”.

O concelleiro de Obras dixo que “estivemos falando cos veciños e

están contentos coa obra. Penso que era un problema que tiñamos pendente de resolver, tiñamos unha débeda con eses veciños. Creo que é unha obra boa e que soluciona un problema para moitísimo tempo. Hoxe están cos últimos retoques e espero que non haxa ningún tipo de problema unha vez finalizada a obra. Era unha moi necesaria”.

**D&A Díaz & Abad**  
abogados

**LEY DE SEGUNDA OPORTUNIDAD**

**¿TIENES DEUDAS?**  
Da igual que seas empresa o persona física, podemos ayudarte.  
¡Te asesoramos con la Ley de Segunda Oportunidad!

Travesía de la Marina, 51 - 3º. Viveiro (Lugo) - Tfno.: 982 570 243  
Rúa da Fonte 12, Mondoñedo

UTILIZAMOS TODAS LAS MEDIDAS SANITARIAS CONTRA EL COVID-19 EN NUESTROS LOCALES

**Seguros Bilbao**

Tu tranquilidad es nuestra premisa  
¡Te asesoramos a ti y a tu empresa!  
Llámanos sin compromiso

**Seguros Bilbao**  
Raquel González - Directora  
C/Eduardo Pondal 14 - Foz (Lugo)  
rgonzalez@segurosbilbao.com  
T: 982 132 441 / M: 683 412 284



# Solicitarán que a alfombra floral sexa Patrimonio da Humanidade

O Concello de Burela aprobou a conta xeral do Concello de 2020 así como unha moción de apoio aos traballadores de Vestas. Ademais presentou unha moción para que a alfombra floral de Burela da asociación cultural Burela Floral apareza na lista do Patrimonio Inmaterial da Humanidade.

O alcalde, Alfredo Llano, quixo resaltar “o PSOE presentou unha moción para reclamar que a alfombra floral de Burela da asociación cultural Burela Floral apareza na lista do patrimonio inmaterial da humanidade. Consideramos que as alfombras que se fan aquí, con motivo das festas

patronais, son realmente singulares no mundo e, dado que é unha labor colectiva onde moita xente está creando esas alfombra e dada a dimensión da arte que están mellorando cada ano, cremos que teñen que ter ese recoñecemento. Se a Unesco o concede sería moi bo para toda a xente que traballa nisto e tamén para o pobo de Burela”.

O alcalde falou tamén de Vestas e dixo que “a singularidade de recibir aquí a moitos traballadores de Vestas, entre eles aos membros do comité, que foron testemuñas de como entre os tres grupos, o Bloque, o PP e o PSOE, decidimos plantexar,

de forma común e unánime, unha moción para ser solidarios cos 115 traballadores de Vestas, reclamar que siga existindo esa factoría e que se manteña no tempo, que non teña o límite do 31 de decembro”.

“Consideramos que debemos apoialos, así o fixemos e así llo expresamos aos membros do comité que nos solicitaron que, unha vez que se acordou constituír a mesa industrial que se convocase o máis urxente posible”, engadiu.

O rexedor explicou que “esa moción tiña dous puntos que eran: manifestar o apoio do Concello aos traballadores afectados polo peche e instar



Imaxe de arquivo dunha alfombra floral

á Consellería de Economía, Empresa e Innovación e o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo para que, dentro das súas propias competencias, se adopten todas as medidas necesarias para esixir á empresa que reconsidere a súa decisión”.

“Nosoutros engadímoslle, pola petición do comité, que se convoque xa a mesa industrial, que é o que se

acordou o outro día, porque necesitan que se faga con urxencia. No pleno acordamos por unanimidade esta moción e imos estar en todo aquilo que precisen os traballadores. Eu mañá estarei na manifestación que vai haber en Viveiro porque pensamos que é unha cuestión moi importante a defensa destes postos de traballo e desta factoría”, di Llano.

## Visitas guiadas á memoria mariñeira

O Concello invita a facer unha viaxe polo mundo mariñeiro facendo visitas guiadas á Moncloa, o local que se atopa enfronte da Oficina de Turismo. Este local no que se atopa a Asociación de Mariñeiros Xubilados e Afíns terá visitas guiadas os xoves e venres de 16.00 a 18.00 horas e os sábados e domingos de 10.00 a 12.00 horas.

O público ao que van dirixidas non son só turistas que visitan a vila senón tamén aos propios veciños de Burela e da comarca. Nestas visitas poderanse coñecer de primeira man as memorias e anécdotas mariñeiras así como admirar a exposición de fotografías, maquinaria e artes de pesca do interior.

Para máis información haberá que contactar no teléfono 665 013 838.



A Asociación de Mariñeiros Xubilados e Afíns A Moncloa fundouse no ano 2008 para cubrir a necesidade de manter o vínculo coa que fora a súa vida no mar e cos seus compañeiros de logros e sacrificios, poñendo en valor o seu duro oficio, porque “quen foi mariñeiro non deixa nunca de selo”.

## Preparada unha programación cultural ampla para este trimestre

O auditorio de Burela acolle unha ampla programación cultural para o derradeiro trimestre do ano 2021. Así, durante todos os sábados e un venres haberá un espectáculo diferente e dará comezo o sábado 9 ás 18.00 horas co concerto de Pakolas, Ramona Órbita, a dona do tempo; o día 16 ás 18.00 horas Caxoto representará Levántate Xan!!!, o venres 22 ás 20.00 horas será o proxecto do Comercio Xusto Solidaridade Internacional de Galicia e a representación da obra Vaia tea da Compañía Xucrutte Teatre.

O sábado 23 ás 18.00 horas haberá un conrceto de Música Miúda a partir de 3 anos, e o último sábado, o 30, a partir das 20.00 horas dará comezo o Ciclo Gar-



Auditorio de Burela

galladas de Teatro Afeccionado da provincia de Lugo que nesta ocasión presentará Vaia faena, a coretena do Grupo de Teatro O Centiño.

Xa en novembro, o sábado 13 ás

20.30 horas será a quenda de O Premio, unha obra de teatro a cargo de La Quintana, o domingo 21 ás 19.30 horas a Compañía Teatro do Atlántico representará Libre como os paxaros. Oderradeiro sábado de novembro culturalmente presentará Conexión Pingüín.

O mes de decembro comezará co concerto de Guadi Galego o sábado 11 ás 20.00 horas, o concerto de panxoliñas e música coral a cargo da Polifónica de Burela será o sábado 18 ás 20.30 horas e o domingo 19 ás 19.00 horas os máis pequenos poderán desfrutar dunha musical sobre o Nadal. O día 23 de decembro Mircromina teatro de títeres presentará Historia para unha man.

**Chegou a hora...  
... a hora do**

**ARNAO  
VERMUT**

**O NOSO VERMUT**

Produto de

**CASTILLO SAN DAMIAN**  
Discosta Norte S.L.

Dompiñor, 12. 27715 Ribadeo  
982 128 900  
www.discosta.com

DISTRIBUIDOR AUTORIZADO

**MÁSMÓV!L**  
NEGOCIOS

**VALIREY LUGO S.L.**  
Oscar Valiño Pin

Ronda das Fontiñas Nº 215 Bajo - 27002 Lugo  
628 126 720 - info@valireylugo.com

**¡SE NECESITAN COMERCIALES!**



## Denuncian o estado de deterioro do albergue de peregrinos



Estado no que se atopan algúns dos puntos

Usuarios fixeron chegar ao Concello protestas polo estado no que se atopa o albergue público de peregrinos que coxestionan o Concello e a Xunta de Galicia. Dentro desas queixas asegúrase que o Goberno autonómico non fixo ningún investimento nos últimos quince anos para renovar as instalacións.

Estas queixas quedaron transmitidas nun escrito ao director da Sociedade de Xestión do Xacobeo no que se lle demanda información sobre os plans de futuro. Denuncian dende o Concello que o mobiliario está antigo e roto nalgúns casos, ten moitas humidades e o sistema eléctrico desfasado, entre outras carencias.

## Apaga impartirá 6 cursos de outubro a decembro

A Asociación de Profesores de Automoción de Galicia (Apaga) presentou a súa oferta formativa para o último trimestre deste 2021. Son un total de 6 cursos, que foron organizados atendendo á demanda das empresas da zona. O primeiro, sobre eléctrodo revestido, terá lugar os días 2 e 3 de outubro.

O presidente de Apaga, Álvaro Doural, dixo que “para o último trimestre do ano desde a asociación Apaga presentamos unha serie de accións formativas, enfocadas tendo en conta as demandas das empresas e as necesidades de xente formada. Hai dous bloques: no primeiro están os cursos de soldadura, tanto de eléctrodo revestido como de sistema Mig-Mag e Tig, ademais doutras tres accións, que son cursos de tubaxe industrial, de soldadura de aluminio e de calderero”. Doural explicou que “son accións sumamente demandadas polas empresas, non podemos asegurar que vai haber inserción laboral inmediata, pero a xente que verdadeiramente queira traballar neste sector ten moitas posibilidades de poder inserirse laboralmente polos contactos e a relación que nós temos con empresas do sector”. O presidente de Apaga contou que “estes cursos van ser en outubro, novembro e principios de decembro. A través do noso correo electrónico (apagaribadeo@gmail.com) poden



contactar con nós os interesados en facer algunha destas accións formativas, que van ser en Ribadeo”.

E engadiu: “tamén vai haber un segundo bloque, que neste momento aínda non ten datas, que incluíra un curso de inxección electrónica no automóbil, outro sobre o sistema de freos nos vehículos e un máis de impresoras 3D. Ademais vai haber un curso on line sobre vehículos eléctricos, algo que tamén está moi demandado e xa se fixeron tres cursos deste tipo o ano pasado. Agora vén cunha serie de melloras que se incorporan neste curso e vaíse facer a través da nosa plataforma de formación a distancia. En principio, e salvo que apareza algunha sorpresa de última hora, para este trimestre este vai ser o paquete formativo de Apaga para rematar o ano”.

## Os veciños, indignados polas denegacións de licenzas de obra

Veciños de Ribadeo están indignados ante os problemas que pon o alcalde, Fernando Suárez, para arranxar as escolas das parroquias nas que se investirán máis de 59.000 euros.

As entidades beneficiarias son as asociacións de Cubelas, Cinxe, O Cantal e Virxe de Vilaselán, que xogan un papel fundamental no movemento veciñal e na dinamización social e cultural de barrios e pobos, especialmente no ámbito rural. Coñestes espazos contribúen á melloira e á calidade da vida local.

Segundo o popular Daniel Vega, “o goberno de Suárez Barcia négase a conceder a licenza de obra”.

Así mesmo, queixanse tamén de que o Concello “cobra aos veciños unha taxa de 400 euros polo permiso para a realización das obras na antiga escola da Rochela pois é un local social e público”, comentou Vega.

A escola de Cubelas recibiu unha achega para a substitución de ventás, no pintado do interior da planta baixa e na eliminación de barreiras arquitectónicas. A asociación de veciños de Rinlo poderá mellorar o seu local social onde repararán a cuberta e eliminarán barreiras arquitectónicas. No caso da asociación de Rochela, a axuda concedida é para a substitución das ventás, arranxar e pintar o exterior e eliminar barreiras arquitectónicas. E a escola de Vilaselán acometerá melloras na estrutura da cuberta, na fachada, nas ventás e na iluminación, repintar e suprimir barreiras arquitectónicas.

**PLENO.** O voceiro do Grupo Municipal Popular de Ribadeo, Daniel Vega, remarcou, durante a sesión extraordinaria a petición dos populares para resolver a situación do arranxo das escolas das parroquias de Rinlo,



Os veciños aos que se lles nega a licenza



## Arranxo na de San Vicente

O Concello sacou a licitación as obras de mellora da Escola de San Vicente, en Covelas. Suporán un investimento de máis de 46.000 euros e recollen todas as suxestións realizadas pola asociación de veciños. Os traballos consisten no cambio da carpintería de exte-

riores para mellorar o illamento térmico, sanear e recuperar as cornixas do edificio, dotación dun novo pavimento antiesvaradizo no perímetro exterior da Escola, melloras de electricidade e iluminación, pintura exterior e interior e dotación de mobiliario.

Vilaselán e Cubelas que “o alcalde non inviste un euro e, ademais, impide que a Xunta achegue orzamento para Ribadeo”.

Vega acusa ao goberno local do BNG de “sectarismo político” por “asinar convenios coa Deputación Provin-

cial onde goberna o BNG co PSOE: coa Deputación si, pero coa Xunta non”. Desta forma queda claro que “o discurso do alcalde de que a Xunta non inviste en Ribadeo é mentira: o goberno do BNG quere que a Xunta non invista”.

## Melloras no camiño que vai desde As Anzas a Saa

O Concello está a realizar obras en Covelas, no camiño que vai desde As Anzas a Saa, por Salcedo. O investimento ascende a 74.400 euros, dos que o Agader aporta 39.700 euros e o resto procede de fondos municipais. As obras que se están a facer consisten en dotalo dun novo firme de aglomerado en quente, de corredores laterais de zorra artificial, así como a limpeza de gabias e facer novas obras de fábrica e limpar as existentes onde sexa necesario e tamén a sinalización horizontal.

Esta obra de infraestruturas esta-



Estrada na que se realizarán as obras

se a realizar por parte da empresa Desenvolvementos e Metas, S.L., por ser esta a mellor oferta do proce-

demento aberto de contratación pública que tivo lugar anteriormente.



# O PP afea ao Concello por non cumprir a ordenanza municipal

A vicevoceira do Grupo Municipal Popular de Ribadeo, Elena Sierra, acusa ao goberno local de “hipocresía política por esixir aos veciños que cumpran a ordenanza municipal de medio ambiente cando el mesmo non a cumpre e pídelle “coherencia”.

A popular non entende “como se pode esixir aos cidadáns que limpen as súas leiras, que arranxen a situación das casas abandonadas...; mentres o goberno do BNG ten todo sen xeito nin modo”.

Sierra explica que “parécenos ben que todos coidemos o noso pobo” e por iso cre que o goberno do BNG debe “dar exemplo”. A popular pídelle, polo tanto, que “primeiro cumpra e logo esixa”.

A vicevoceira do Grupo Municipal Popular sinala que as instalacións municipais de Vilaselán “atópanse nun estado de abandono”. Así, enumera “papeleiras, canastras, porterías, sinais... todo tirado polo chan. Os entullos que se retiran de obras municipais quedan alí tirados de mala maneira”, condena. Sierra lamenta tamén a mala imaxe que supón que o entorno destas instalacións se atope “sen rozar e sen un deseño de aparcamento para os vehículos municipais”.

O Grupo Municipal Popular considera que “o goberno municipal é un mal exemplo dado que non cumpre coa ordenanza municipal de medio ambiente: abandona a



Instalacións municipais en Vilaselán

limpeza do noso pobo e tamén as instalacións municipais”.

**CASA DAS ALGAS.** A vicevoceira do Grupo Municipal Popular de Ribadeo, Elena Sierra, denuncia un novo caso de “abandono” dun edificio municipal como é a Casa das Algas situada ao pé da rotonda da Vila-vella. “A pintura escarchada e as inmediacións cheas de malas herbas por falta de roza dan unha moi mala imaxe deste edificio que, na actualidade, alberga as instalacións do Club de Remo”, explica Sierra. O Grupo Municipal Popular defende que un edificio ao que acoden tanta mocidade, debe estar en condicións óptimas, igual que o seu entorno que é competencia exclusivamente do Concello.

A popular advirte que “a causa de abandono das instalacións municipais é sempre a mesma: a falta de mantemento e conservación por parte do goberno do BNG”. E, por iso, esíxelle “non dar tantas leccións e cumprir coas súas obrigacións”. Sierra engade que “non só consiste en enviar requirimentos para que os veciños limpen as súas leiras, que está moi ben porque algunhas se atopan moi abandonadas; senón que o goberno debe cumprir a súa normativa e conservar os seus edificios”.

A vicevoceira do Grupo Municipal Popular ribadense convida ao goberno local do BNG a “actuar” porque “case todos os edificios municipais atópanse nun estado bastante abandonado”.

## Adamo e Acisa asinan un novo convenio de colaboración



Firma do convenio entre comerciantes de Ribadeo e Adamo

Adamo e Acisa acaban de asinar un novo convenio de colaboración con condicións vantaxosas para particulares.

O presidente de Acisa, Francisco Iriarte, destacou que “desde Acisa Ribadeo e Adamo quixemos dar un paso máis na nosa colaboración, e por iso á oferta que temos para empresas agora inclúese a oferta residencial. A oferta é dun 80% de desconto no teu pack, fibra 1.000 Mb e móbil 25 GB por 8 euros ao mes durante os 4 primeiros meses e despois 44 euros ao mes, e de agasallo 3 meses gratis de Netflix”. Iriarte Quintana explicou que “este será o pack que se oferte preferentemente, pero cada un pode configurar o seu pack a medida. Outras dúas ofertas posibles son 1.000 Mb de fibra máis fixo por 21 € ao mes os 4 primeiros meses e despois 42 euros, ou se non, 1.000 Mb de fibra

máis móbil 50 GB máis fixo por 20 euros ao mes os 4 primeiros meses e despois por tan só 56 euros”.

E engadiu que “Adamo conta con implantación na zona e segue en expansión, por iso consideramos que aos nosos socios e socias poderíalles interesar todo o que a empresa lles pode ofertar. Debemos lembrar a oferta a empresas que contraten fibra con Adamo Business, pagarán un 50% menos durante os tres primeiros meses e terán un desconto especial na segunda fibra. Todas as firmas asociadas a Acisa recibiron, como é habitual, a comunicación informativa correspondente sobre este novo convenio. Ademais desde agora contamos con Angel Fraiz, membro asociado a Acisa coa súa empresa Fraiz Informatica, que será o xestor de contratos para a nosa entidade”.



Un dos paneis de sinalización

## 7 novos paneis informarán do estado das praias ribadenses

Instalados 7 novos paneis informativos nas praias ribadenses. Os traballos remataron esta semana de colocación dos mesmos.

Contarán con táboas de mareas e con datos sobre a calidade da auga para informar aos bañistas

e usuarios dos areais. Así, por exemplo poderán consultara hora de subida e baixada da marea para poder colocarse na praia ou poder camiñar polo areal das Catedrais sen sufrir sustos pola rápida subida da mesma.



Obras de demolición en Cedofeita

## Comeza a construción do edificio multiusos de Cedofeita

Comezaron as obras para a construción do edificio multiusos de Cedofeita. Os traballos iniciáronse coa demolición do inmovible actual, a antiga escola unitaria da parroquia, cunha estrutura e cunha carpintería moi deterioradas polo paso do tempo. Na actualidade están iniciándose os traballos de cimentación do novo edificio, unha construción de planta baixa, cunha superficie de 130 metros cadrados, situado no mesmo

lugar da parcela. O espazo principal será unha sala multiusos de 90 metros cadrados, habilitada para actividades sociais e culturais. Contará tamén cun trasteiro, dous aseos, un deles adaptado para persoas con mobilidade reducida, e un soportal, que abrirá o edificio á zona de verde e de espaxamento que o rodea. As obras suporán un investimento de 138.000 euros, financiados cunha axuda 90.000 euros da Deputación.

## BREVES

**EDUCANDO EN FAMILIA.** A Escola Municipal de Música e Danza de Ribadeo presenta unha nova edición do programa. Estas sesións son abertas a todos os nenos entre os 0 e 6 anos, aínda que asistan a outros centros educativos. Nesta primeira reunión informativa explicarase o funcionamento do curso, así como as actividades a realizar con nenos, sesións formativas, charlas... Para máis información as persoas interesadas poden contactar coa mestra-orientadora, Encarna, no teléfono 630 777 949.

**EXPOSICIÓN.** O vindeiro venres, 17 de setembro, ás sete da tarde, será inaugurada na Oficina de Turismo a exposición *O porto de Ribadeo*. Testemuñas do pasado na que se poderán ver preto de 200 pezas localizadas na campaña arqueolóxica realizada no Galeón de Ribadeo ata o 20 de outubro. A mostra permitirá demostrar a presenza continuada de navegantes e de buques na ría desde o século V antes de Cristo ata os nosos días e amosar a riqueza histórica do leito mariño ribadense.



## Cervo acollerá a primeira pista de atletismo homologada

O secretario xeral para o Deporte, José Ramón Lete Lasa, visitou na mañá de hoxe as instalacións deportivas da Veiga, sitas no Concello de Cervo, na compañía do seu alcalde Alfonso Villares. Ambos dirixentes exploraron as posibilidades de aproveitamento das pistas existentes, así como de todo o complexo deportivo da Veiga e acordaron impulsar conxuntamente a primeira pista de atletismo homologada da comarca da Mariña. Deste xeito, a nova instalación xuntará a tecnoloxía máis moderna xunto a aposta por unha infraestrutura de calidade como a xa existente mediante a súa optimización.

Cómpre salientar que as instalacións deportivas da Veiga, ademais das nomeadas pistas, contan cun pavillón polideportivo. Ademais, o secretario xeral destacou a idoneidade da localización xa que non dista máis de 20 minutos da metade da poboación de toda a Mariña, que suma, no seu total 70.000 habitantes. As novas pistas homologadas da Veiga, dixo o secretario xeral, darán servizo a “todos os atletas e deportistas de Cervo, da Mariña, de Lugo e de todos os galegos e galegas que quei-



Presentación da nova pista de atletismo de Cervo

ran facer deporte nunha instalación de primeiro nivel”. Coa nova pista, Cervo e a Mariña occidental situaranse como referentes do deporte na provincia de Lugo.

Nesta nova infraestrutura teñen moito que ver os recentes éxitos do atleta viveirense Adrián Ben, que vén de acadar un diploma olímpico nos 800 metros dos Xogos de Toquio, onde rematou en quinta posición. Unha estratexia similar á levada a cabo en Riberia, onde xa está publicada a licitación das obras de ampliación do Com-

plexo Deportivo da Fiteira e na que tamén foron decisivos os éxitos de Ana Peleteiro, medalla de bronce en triplo salto en Toquio. A Secretaría Xeral para o Deporte afianza así o seu compromiso coas infraestruturas deportivas. Dos 32.474.216 euros cos que conta en 2021 (un 28,5% máis que en 2020), 9,15 millóns serán destinados a obras de creación e reforma de infraestrutura deportiva, un 118% máis que en 2020 cando se destinou ao mesmo obxecto 4,2 millóns de euros.

## Volve abrir ao público o vaso da piscina olímpica



O responsable de Deportes, visitando a piscina

O Concello reabriu o vaso a piscina olímpica, así o avanzou David Rodríguez, o edil de deportes, que indicou que xa están dispoñibles o vaso e o ximnasio público, dos que as persoas usuarias poderán facer uso “sempre a través de reserva vía telefónica a través do 982 594 512”; para poder ter un control exhaustivo do aforo, que será limitado.

O horario da piscina será de luns a venres en horario de 9.00 a 15.00 horas e de 16.00 a 22.00 e os sábados de 9.00 a 13.30 horas e de 17.30 a 20.30 horas.

O concelleiro avanzou tamén que

“daranse a coñecer os diferentes cursos que se impartirán na piscina na temporada 2021-2022 cos seus respectivos horarios”.

O responsable de deportes apuntou que “durante este tempo no que nos vimos obrigados a pechar a piscina, estivemos acometendo diversas tarefas de mantemento e adecuación. Ademais vimos de substituír a iluminación do vaso, conseguindo así unha mellor eficiencia enerxética e fixemos tamén labores de renovación e pintura, ademais de adaptar a saída de emerxencia”.

## Empezan as obras de saneamento na parroquia de San Román

O alcalde, Alfonso Villares, e a tenente de Alcalde, Dolores García Caramés, fixeron unha visita á obra que comezou esta semana e que levará o saneamento e renovar a a pavimentación do núcleo de Santomé, na parroquia de San Román de Vilaestrofe.

O presuposto total da obra ascende a 46.728€, que son financiados polo Concello de Cervo na súa totalidade.

Os traballos, que se están a levar a cabo consisten “na creación da rede de saneamento de augas residuais e na renovación do pavimento nos tramos da vía afectados, mellorando as condicións de accesibilidade existentes nestes núcleos”.

Así, crearase unha nova rede de sumidoiros, renovarase as acometidas domiciliarias, procederase a apertura de gabias e á instalación das correspondentes arquetas e pozos de saneamento



O alcalde de Cervo, visitando o lugar dos traballos

e á execución de cunetas de formigón e á reposición, finalmente, do firme asfaltado.

Villares apuntou que se trata dunha obra de gran relevancia para todos os veciños e veciñas destes núcleos, “son obras que que ao mellor non se aprecian á vista de

todos e todas, pero que son imprescindibles á hora de mellorar a calidade de vida dos cervenses, neste caso en beneficio daqueles que viven no rural, e para nós é primordial que as inversións cheguen a cada recuncho do noso municipio que o precise”.

## vegadeo

### Volve a fin de semana a Feira de Stocks



A vindeira fin de semana do 9 e 10 de outubro volve a Feira de Stocks ao Recinto Feiral de Vegadeo. Será en horario de 11.00 a 14.00 horas e de 16.30 a 20.30 horas e contará con servizo de ludoteca. Máis dunha trintena de negocios ofrecerán os seus mellores descontos nunha ampla selección de artigos de roupa, calzado, pesca, libros, deporte, descanso, fogar, xoguetes, xoiería, complementos, etc.. Vegadeo suma así unha nova feira a unha longa tradición neste tipo de eventos nos que os comercios locais achegan as súas ofertas.

### Chega a Cinemateca ambulante



Laboral Cinemateca Ambulante chega ao Concello de Vegadeo os días 20 de outubro, 3 e 17 de novembro e 1 de decembro. Poderase desfrutar do mellor cine durante os devanditos mércores ás 21.00 horas no auditorio Félix Menéndez da Casa de Cultura da Veiga. O 20 de outubro proxectarase El horizonte, de Delphine Lehericé, o 3 de novembro será a quenda de Spaceship Earth, de Matt Wolf, o 17 poderase desfrutar de Los peces rojos, película dirixida por José Antonio Nieves Conde, e finalmente, o día 1 de decembro, La calle del agua de Celia Viado Caso.



## Dúas novas zonas de xogos

Trala demanda veciñal e o aumento de poboación infantil en Xove, o Concello vai crear dúas novas zonas de xogos; unha na parroquia de Portocelo, concretamente no centro social de Vilachá, e outra nas inmediacións do centro social do Cruceiro, na parroquia de Xuances.

Na primeira iniciáronse en breve os traballos de acondicionamen-

to dunha pequena zona diante do centro social, adaptando o espazo para deixar libre a boleira onde se desenvolve o campionato municipal de bolos. No segundo creáronse tamén unha pequena zona de xogos na contorna do centro social do Cruceiro.

A maiores tamén operarios municipais teñen previsto traballos de man-

teamento dos xogos xa ubicados nos centros sociais de Sumoas e da Vara. Dende o Concello aproveitan a ocasión para pedir aos usuarios do parque situado fronte ás instalacións do centro cívico a “un uso racional e coherente tanto dos aparellos infantís do parque como do mobiliario existente despois dos numerosos estragos ocasionados durante o verán.



Obras nunha das zonas de xogos

## “Ademais dun club somos un grupo de amigos que se xunta a charlar e xogar”

O Club de Bolos de Xove formouse fai 14 anos para o disfrute dos veciños

Falamos con Ginés Rodríguez presidente do Club de Bolos de Xove.

**Como ou cal é a historia do club?**

A creación do club foi no 2007 e debeuse a un montón de circunstancias que levaron ao mesmo tempo á creación da Liga Provincial de Bolos. Por motivos de traballo eu estaba vivindo en Ribadeo e un día nun bar vin un cartel anunciado un torneo de bolos pola zona de Ribadeo, acerqueime a ver como eran eses bolos e contactei con xogadores da zona de Ribadeo que só xogaban días puntuais e ese torneo era o primeiro que se facía en anos.

Como eu vivía na vila de Ribadeo, decidimos facer un campo de bolos na parroquia de Remourelle e intentar xogar casi todas as fins de semana. Pouco a pouco fomos contactando con xogadores de Santa Marta en Riotorto, Órrea en Meira, etc, que facían pequenos torneos locais. E tempo despois na Pontenova fixeron unha demostración de xogos populares e aí descubrimos que existía unha Federación de bolos, na que estaban integrados os bolos celtas que eran algo parecido ao que xogamos nós. Contactamos co presidente da Federación e este animounos a crear unha liga local, para a cal era necesario que se crearan clubs deportivos. E con moito traballo e moitas reunións conseguimos que se formaran 7 clubs na provincia e comezamos así a Liga Provincial de Bolos.

**Como comezou vostede a xogar aos bolos?**

Debín comezar con 13 ou 14 anos, xa hai 43 polo tanto, na boleira que fixo Manolo do bar Dous Irmans en Lago e ía xogando nos torneos das festas ata que, xa fai máis de 30 anos creouse a Liga Local de Bolos, con gran apoio do Concello e moitísimo traballo

por parte do Técnico de Cultura, Mario Eijo.

**Como é o Club de Bolos?**

O Club de Bolos Xove, ademais dun club deportivo, é un grupo de amigos que coa desculpa dos bolos xúntanse moitas tardes a charlar e practicar o xogo.

**Cantos socios ten?**

Máis que socios diríase que hai xogadores federados, con estes fórmase a xunta directiva e imos traballando durante todo o ano. No 2021 xa somos uns 50 xogadores

**Compiten en moitos torneos?**

Podemos dicir que os xogadores do Club de Bolos Xove pasamos todo o ano competindo, xa que de outubro a marzo xogamos case todos os sábados a Liga Local de Bolos, de marzo a xuño xógase a Liga Provincial de Bolos, e a partir de xuño e ata setembro xogamos campionatos galegos e españois e se cadra campionatos intercontinentais con xogadores de Arxentina e Uruguai.

**Que tipo de adestramento se necesita para os bolos?**

Xogar aos bolos é sinxelo e non ten ningunha dificultade, a proba é que na liga de Xove compite xente con máis de 70 anos e menos de 10 anos. Pero, unha cousa é xogar e outra competir a tope para campionatos galegos e españois, nestes campionatos xa hai que estar en forma e ter moita potencia sobre todo nos brazos e nas pernas, debido a que se teñen que facer moitas tiradas para chegar ás prazas finais e si non estás en forma non tes moito que facer.

**Onde practican?**

No Concello de Xove hai 9 boleiras para xogar aos bolos, pero para xogar ao bolo celta, que é a modalidade na que se xogan os campionatos galegos e españois,

temos un só campo que está na parroquia de Sumoas.

**Como son as competicións?**

A Liga Local xógase case todos os sábados de outubro a marzo en 18 xornadas, pasando dúas veces por cada boleira e son 9 boleiras situadas nas distintas parroquias do Concello. En cada xornada vanse acadando puntos según a posición da xornada e o final coa suma de puntos vense os postos finais. A Liga Provincial é igual que a Liga Local de Xove, son 12 xornadas visitando os campos de xogo dos distintos clubs da Provincia. Xógase un partido entre clubs pero os puntos acadados sirven tamen para unha clasificación final individual. Ao terminar a Liga Provincial temos que facer clasificatorios para ver que xogadores e xogadoras se clasifican para os campionatos galegos e españois. Incluso chegamos a xogar campionatos intercontinentais. O ano pasado dous xogadores do club foron internacionais.

**Compiten homes e mulleres, e enfróntanse?**

Nos bolos xógase en todas as categorías tanto masculina como feminina. Hai campionatos que xogan homes contra mulleres e incluso hai campionato mixto no que se xoga en parellas home-muller contra home-muller. A día de hoxe unha parella mixta do club de bolos Xove é campioa de España.

**Como son as categorías?**

As categorías son coma en todos os deportes (desde infantil ata



O presidente, disputando unha bóla nun torneo

superveteranos).

**Alguna anécdota que poida compartir?**

Como comprenderás hai centos de anécdotas que xurden nas relacións entre xogadores nos campionatos. Por poñer algunha direiche que o primeiro partido de Liga Provincial que xogamos en Remourelle algún do público cabreouse conmigo porque xogaba co equipo de Xove, xa que era o presidente, e decíanme que como xogaba con Xove se estaba todos os días entrenando con eles. O outro día na oficina, cando lle pedín a un compañeiro que me trouxese un bordillo, díxenlle que era para o campo de bolos de Ribadeo e nese momento e por casualidades da vida o electricista que nos estaba facendo unha reparación e nos escoitou falar díxonos que eles tamén xogaban na parroquia de Santa Marta de Riotorto, o cal nos levou a contactar coa xente desa parroquia.

**Contan con moito apoio municipal ou autonómico?**

O certo é que desde o noso club

recibimos apoio económico tanto do Concello, coma da Deputación e da Xunta o que nos permite que os desprazamentos a todos os campionatos que imos xogar, e ao longo do ano son moitos, non teñan un coste prohibitivo para os xogadores. Aínda que ao final sempre temos que poñer algo de diñeiro, pero son cantidades asumibles, que se non fora polas subvencións tanto a nivel de vestimenta como de desprazamentos puidera ser que algún xogador non puidese participar nestes campionatos.

**Xógase aos birlos no resto do país ou do mundo?**

Aos bolos xógase en todo o mundo pero o que pasa é que hai moitísimas modalidades. A modalidade de bolo celta pódese dicir que se xoga en Asturias, Galicia, Madrid, Arxentina e Uruguai. En Chile e en Portugal tamén xogan a unhas modalidades parecidas e dende a Federación Galega estanse facendo esforzos para incorporar a xogadores de estos países aos campionatos intercontinentais.

Polígono Ind. de Camba  
Xuances - Parcela nº26  
27879 XOVE (Lugo)  
Tfno. / Fax: 982 596 423  
Tfños. Móviles:  
669 797 972 - 600 681 939



**CRISTALERÍA  
SAN CIPRIÁN**



# Polígono de Xove

O parque empresarial de Camba, que recibe o seu nome pola proximidade á aldea homónima, foi inaugurado en 1999, ten unha superficie de 65.745 metros cadrados e conta con

59 parcelas que van desde os 525 aos 3.800 metros cadrados. Está en pleno corazón da Mariña, moi próximo a núcleos grandes o que é beneficioso para actividades de loxística ou

de distribución dentro da comarca. Ademais, o acceso ao polígono realízase directamente pola estrada nacional N-642 que enlaza coa Autovía do Cantábrico A-8 nuns 35 kms.

## “Hai que apostar polo material biodegradable e pola celulosa”

Luis e Carlos atópanse á fronte de Forestal Díaz, unha empresa madeireira

Forestal Díaz é unha empresa de xestión integral de montes, explotacións forestais, certificacións, compra e venda de madeira. Está ao cargo de Luis e Carlos Díaz Casariego.

### Dende cando leva funcionando a empresa?

Estamos en Xove dende o 2011 que é onde temos o taller e as oficinas, e á fronte atopámonos meu irmán e eu, que anteriormente traballabamos noutra madeireira e decidimos apostar polo noso propio negocio.

### Teñen moita xente en plantilla?

Contamos con 18 empregados de toda a zona da Mariña lucense. Así como cun amplo parque móbil e de maquinaria que nos permite traballar durante todo o ano e manter o noso stock duns 6 ou 8 meses.

### Cal é o ámbito de traballo da empresa?

Polo xeral traballamos para e por toda a Mariña, e o 95% da nosa produción vai para Ence e Finsa aos cales lles vendemos o noso produto estrela ou materia prima que é a madeira en rolo. Tamén vendemos a aserradeiras o piñeiro para facer táboas, e o eucalipto que é un dos nosos puntos fortes e destínase maioritariamente a Ence para facer celulosa. Nós necesitamos aproximadamente uns 15.000 eu-

ros de materia prima ao día.

### Cales son os pasos a seguir dun particular para vender as súas colleitas?

Ter unha plantación de árbores e chamarnos para ver a finca ou o lugar onde se atopan as árbores. O prezo vai por unidade de árbore pois nos mesmos metros cadrados poden plantarse máis ou menos cantidade. Tamén depende da plantación, do tempo, da idade, da terra, do sitio e o seu acceso... Unha hectárea pode estar arredor dos 9.000 euros aínda.

### Canto tempo leva cultivar un terreo?

Pois dende que se planta, o piñeiro tarda en medrar arredor de 30 anos e o eucalipto depende da variedade xa que hai unha que en 10 anos está listo e outra entre 15 e 20.

### Contan cun amplo abano de material especializado?

Si. Intentamos mecanizar todo o proceso sempre e cando poidan acceder as máquinas, é dicir, contamos con máquinas que van talando e colocando no chan, outras que trocean e lle quitan as pólas á medida que se necesita. Temos tamén outro vehículo que fai o desemboque, é dicir, colle os trozos e as saca á zona onde accede o camión.

### E nos tempos do covid, como foi



### o traballo?

Puidemos traballar sen problema, xa que habitualmente temos dúas persoas por equipo, e ese equipo son dúas máquinas polo que cada persoa está soa traballando. Practicamente non hai contacto. O único problema foi cando había que ir ver a madeira ao monte cos particulares, pois entre confinamentos, medo a saír a rúa, etc. Pero ao final fumos aguantando e tirando do noso propio stock.

### Como ven o futuro da empresa madeireira?

Estamos nun sector con moito percorrido e cremos que terá moito máis, pois cada vez a economía ten que ser máis sostible e a madeira forma parte diso. Os produtos feitos con madeira son sostibles e ecolóxicos. De feito estase a falar da creación dunha gran fábrica de viscosa, unha fibra para facer roupa. Hai que apostar polo material biodegradable, pola creación de produtos de usar e tirar que sexan de celulosa. A tendencia nos países desenvolvidos é apostar cada vez máis por este tipo de material.

Forestal Díaz é unha empresa de xestión integral de montes que leva funcionando dende o 2011 con dous socios procedentes do sector

Distribuidor oficial

## SENSSIA.

## + SOFÁSS OUTLET

## ACOSTA mueble

¡CONVERTIMOS TU HOGAR EN UN ESPACIO ÚNICO!

Polígono Industrial de Camba.  
Parcela EC7. 27870 Xove  
Tfno.: 982 596 410  
acostamueble@acostamueble.com  
www.acostamueble.com



## “A instalación é unha das partes máis importantes da venda”

Abilio García atópase á fronte de dúas moblerías de referencia en Xove

Abilio García, xerente de Acosta Mueble e de +Sofass. No ano 2003 comezou a actividade en Acosta Mueble. “En realidade xa levavamos un tempo volcados en ese proxecto pero foi en xuño de 2003 a apertura”, explica.

### Que se pode atopar en Acosta Mueble?

Comercializamos todos aqueles produtos que nos é posible en relación ao equipamento do fogar. Refírome a mobiliario en xeral, mobles de coziña para particulares, e tamén para promotoras, armarios empotrados a medida, decoración etc.

### Outra tenda que xestionan e +Sofás outlet. Que tipo de produtos comercializan?

Esta tenda está ubicada a poucos metros de Acosta, no polígono industrial, e é un concepto de tenda outlet na que fundamentalmente ofrécense sofás en todas as variedades e tamén mobles de liquidación. A actividade céntrase principalmente en sofás de liquidación e tamén en liña económica de fábricas consolidadas en este tipo de xénero o que nos garantiza poder ofrecer calidade a moi bo prezo.

### Cales son os puntos fortes da empresa?

Sen dúbida, o capital humano. Se nos referimos ao ratio de vendas no seu conxunto, non hai nada específico senón que hai unha rotación de produtos bastante igualada e constante.

### Son distribuidores oficiais de Sensia. Que lles aporta?

Traballar con empresas que son un



referente nacional dentro do seu sector é sempre un privilexio. Contar con materiais de primeira calidade, exclusivos, con medios de tecnoloxías de traballo punteiras permítenos crear proxectos de coziña orixinais e exclusivos. Se a isto lle acompañamos o resto de complementos de coziña como as encimeiras, os electrodomésticos e un deseño consensuado, o resultado é óptimo.

### Como cambiaron as demandas dos clientes nestes anos?

Por unha banda temos as demandas que se actualizan coa propia evolución técnica e estética e por outra as demandas emocionais, e cada vez máis apreciamos interese en coidar cuestións relacionadas co deseño do proxecto. Tamén a demanda en instalar vivendas cada vez máis prácticas e confortables aportando valor ás características que teñan como obxectivo practicidade no uso diario en convivencia co deseño.

### O cliente trae a idea clara ou déixase asesorar?

Se o requiren, somos nós os que temos que escoitar e brindar o noso

coñecemento. Atopamos clientes con ideas claras e outros con ideasde xerar un proxecto. Entendemos que hai que centrarse na forma de axudar ao cliente a conseguir o que quere. En calquera caso estamos dispostos a colaborar naquelas cuestións que os nosos clientes necesiten.

### Cales son os mobles máis demandados?

Non podería definir un en concreto pero nos últimos meses quizais os relacionados con equipos de descanso como colchóns, bases, canapés e sofás, así como reforma de espazos como a coziña.

### Teñen servizo de transporte e montaxe?

Si, proporcionamos transporte e instalación, tanto en mobiliario do fogar como en instalacións de coziñas nas dúas tendas. Entendemos que o transporte e a montaxe son unhas das partes máis importantes do ciclo da venda dun produto. O cliente que acude a este formato de comercio busca unha tranquilidade e unha garantía de traballo feito por profesionais evitando así complicacións tanto de loxística coma de instalación.

## “Estamos facendo moitas mamparas anti covid”

Francisco Rodríguez leva 35 anos coa cristalería



Francisco Rodríguez atópase ao fronte da Cristalería San Ciprián, empresa que leva uns 35 anos no mercado, e malia que comezaron en San Cibrao, de aí o nome, despois mudáronse a Xove.

### Contan con moitos empregados?

Somos unha empresa pequena que conta con catro traballadores da comarca. A nos súrtenos Sant Gobain que conta con almacéns en Lalín e en Coruña e sírvenos en planchas o cristal que despois nós traballamos á medida.

### Serven a toda A Mariña?

Si, os nosos clientes abranguen toda A Mariña e incluso a zona de Lueiro e Navia.

### Cales son os clientes?

Traballamos para particulares, constructores pequenos, empresas de aluminios, albanelos, etc, así como, compañías de seguros.

### Cales son as demandas?

Facemos peches de escaleiras, escaparates, pasamáns de cristal, ventás,

espellos, lunas de seguridade, etc.. Tivemos moita demanda en mamparas de separación para as terrazas dos bares.

### E nos tempos do covid, como foi?

Estivemos e estamos facendo moitas mamparas covid. Colocamos moitas en centros de educación e puxemos moitos peches tamén nos concellos.

### Ten ventaxas a mampara de cristal?

Non se raia e quizais luce máis, e quizais e máis fácil de limpar que o metacrilato malia non ten nada que ver, son materiais totalmente diferentes e con bos resultados.

### Como ve o futuro da cristalería?

Pois hai que resistir como se poida pois estamos nun momento no que falta material, pénsase se o estarán gardando para as subas nos do prezo. É algo que afecta a todos os gremios. A materia prima ten agora mesmo un prezo desorbitado o que para o particular encarece moitísimo. No noso caso, o material encauceuse 10 euros o metro.

- GESTIÓN FORESTAL SOSTENIBLE
- COMPRAVENTA DE MADERA
- APROVECHAMIENTO INTEGRAL DE MONTE
- LOGÍSTICA FORESTAL



La marca de la gestión forestal responsable



Programa de certificación de la gestión forestal sostenible



forestal  
Diaz  
Casariego s.l.

POL. IND. CAMBA, 42, 27870 - XOVE (LUGO) 📍

699495877 / 630282184 / 982572318 (oficina) 📞

mhdc@telefonica.net @



## A finais de mes volven as visitas didácticas ao Concello de Alfoz

O sábado 23 de outubro, ás 18:00 horas terá lugar a primeira das visitas didácticas iniciadas o ano pasado desde a Área de Turismo Municipal, nesta ocasión o lugar elixido é Finca Galea onde, centrándose no muíño con batán incluído. se coñecerá tamén a importancia da industria téxtil de Alfoz no s. XVIII da man de Dolores Barral, profesora de Historia da Arte da USC.

O sábado 30 de outubro, ás 17:00 horas a segunda das visitas guiadas estará dedicada aos cruceiros. Será Mario Saavedra, autor do libro *Cruceiros, Cruces e Cristos do Concello de Alfoz* quen guíe pola interesante historia destes símbolos, así como polos diferentes estilos e épocas nas que se realizaron.

Para participar en calquera destas visitas guiadas é necesario inscribirse previamente, para máis información tfno. 982 558 001 (ext. 2) e web municipal a partir do 11 de outubro.

## Comezan as obras da ponte de Guilifonso e da nave almacén

O Concello de Alfoz atópase inmerso en diferentes obras de mellora da contorna, así o seu alcalde Jorge Val, que informou de que xa comezaron varias delas.

Iniciáronse as obras de construción da nave almacén de maquinaria, nas que a Deputación fixo unha achega de 115.300 euros, e que se levantan na Granda de San Pedro, xunto á piscina municipal e o colexio. O Concello aporta 4.435 euros.

“Esta nave é moi necesaria porque agora mesmo a maquinaria municipal estase gardando ó aire libre, o que, ademais de expoñela a roubos, que xa se teñen producido, acelera o seu deterioro e provoca avarías que, de estar resgardada, non se producirían”, explicou.

Por outra banda tamén comezaron as da ponte de Guilifonso, pois “terá unha duración dun mes”, di Val. Estas tarefas son para a reposición da ponte xa que foi derrubada nun temporal por unha enchente. As obras de construción teñen un orzamento de 100.000 euros.

Así mesmo, “estamos cos sumidoiros e as melloras do alumeadado nas parroquias”, di o rexedor alfocego, “tamén comezamos cos asfaltados nos camiños rurais, unhas tarefas faranse con cargo ao PEIN, plan de melloras de infraestruturas”.

No tocante ao deporte o Concello xa comezou a pista de pádel nunha parcela fronte do Concello con cargo a unha subvención de preto de 30.000 euros. “Esta obra vai a bo ritmo e terá que estar rematada en outubro”, informou Val.

**PLAN ÚNICO.** O Plan Único ten previsto un investimento de 274.404,09 euros. Está previsto que se leve a cabo a pavimentación de accesos a núcleos urbanos, a ampliación e reforma de instalacións de alumeadado público, a rehabilitación da fonte da Grela e a adquisición de materiais de equipamento para a mellora do centro sociocultural xuvenil. Así mesmo, investirase no Servizo de Axuda no Fogar e en fomento do emprego.

## A vila rende homenaxe ao profesor e escritor Pedro Rubal Pardeiro



Un momento do acto de homenaxe

Na Casa da Cultura de Alfoz foille rendida unha homenaxe ao profesor e escritor Pedro Rubal Pardeiro, con motivo dos seus noventa anos, acto no que participaron o Alcalde de Alfoz, Jorge Val Díaz, o deputado de Relacións institucionais da Deputación Provincial, Roberto García Pernas e o decano da Facultade de Filosofía da USC, Marcelino Agís Villaverde. Presentouse o libro de Rubal, *Fuxindo da saudade*, que recolle os seus artigos publicados durante os últimos dez anos, editado co apoio do Concello de Alfoz, do que Rubal é Fillo Predilecto.

Así mesmo púxose en funcionamento a web [pedrorubal.org](http://pedrorubal.org) que recolle a traxectoria vital do homenaxeado e toda a súa obra de creación. Por último, reinaugurouse a biblioteca pública municipal despois das obras nela realizadas, que se enriquece coa doazón que Pedro Rubal lle fixo da súa biblioteca persoal.

O libro *Fuxindo da saudade* é un

compendio dos artigos de Pedro Rubal nos que se basea en pensamentos ou tendencias filosóficas, analiza acontecementos da vida cotiá para proporcionar unha visión de especialista sobre a actualidade, de interese para especialistas e para todo lector preocupado pola marcha do noso mundo.

A web recolle na súa integridade os libros publicados por Rubal: *De Maquiavelo a Wallraff. Dos Víctimas de la hipocresía ajena; Evolución y complejidad. Perspectivas científica y metacientífica; e Fuxindo da Saudade*, así como os artigos publicados na prensa escrita e revistas especializadas. Inclúense así mesmo opinións sobre o autor, formuladas por compañeiros, amigos, veciños ou alumnos deste.

Marcelino Agís Villaverde invitou publicamente ao profesor Rubal a acudir á súa Facultade para presentar ao alumnado esta última obra súa.


## A Biblioteca crea un Recuncho Violeta e prepáranse varias homenaxes ás letras

A Biblioteca Pública de Alfoz conta xa cun Recuncho Violeta, un espazo propio con libros e xogos específicos de igualdade. Está dirixido especialmente aos máis novos.

Moitas das obras recomendadas nas Axendas Coeducativas poderán atoparse nestes andeis, os cales se irán completando con máis contidos nun futuro. Tamén xogos que se poderá utilizar na biblioteca, levar en préstamo e que serán utilizados nas actividades do Programa de Conciliación. Haberá dous Recunchos Violetas, un físico na Biblioteca e outro dixital dentro do Blogue da Biblioteca que está hospedado na web municipal no que se tratan temas específicos de igualdade.

Preténdese organizar actividades a prol da igualdade, para os máis pequenos sobre todo, e, ao mesmo tempo, dotar de materiais á biblioteca, destacando a parte dedicada aos xogos a través dos que se traballa a coeducación, a eliminación dos estereotipos e o fomento da non violencia.

**DÍA DAS ESCRITORAS.** Alfoz conmemorará o Día das Escritoras, que é o 18 de outubro, o venres 15 ás 13:00 horas no Salón de Actos da Casa da



Recuncho Violeta

Cultura, con todo o alumnado do CEIP Castro de Ouro de Alfoz a través do Programa Ler Conta Moito da Xunta de Galicia.

“Procúrase Pepa a Loba” da compañía A Cova das Letras coa actriz Cristina Collazo. Con estética do oeste americano rural, ten participación do compositor Manuel Payno e de Luchi Iglesias en escenografía.

A famosa bandoleira Pepa a Loba, chega ata un refuxio onde poder acubillarse: é a taberna da que tanto lle falara súa nai. Decide poñela de novo en funcionamento coa axuda da súa inseparable gavela. Alguén lle fala dun cobizado tesouro... Atrévete a procuralo con ela. Somérxete

de cheo nesta aventura carregada de música, títeres e intrigantes historias.

**DÍA DA BIBLIOTECA.** O sábado 23 de outubro celebrarán por partida o Día da Biblioteca, primeiro cun Obradoiro para nenas e nenos de 3 a 12 anos na Biblioteca Municipal. Desde as 17:00 horas ata as 20:15 horas os máis pequenos poderán disfrutar de xogos, manualidades e sorpresas para disfrutar dun lugar máxico cheo de historias e tesouros: a biblioteca. Será necesario inscribirse previamente, sendo grupos reducidos e cumprindo coas todas as medidas e protocolos anti covid-19.

As inscricións e información publicáranse na web municipal a semana do 11 de outubro, estando tamén dispoñibles na Casa do Concello, onde se rexistrarán ditas inscricións.

As 20:30h no Salón de Actos da Casa da Cultura, poderase disfrutar do espectáculo “Pinocus”, unha comedia musical dirixida a toda a familia. Forma parte do Ciclo Seráns Teatrais da Deputación Provincial de Lugo.

A entrada é libre e de balde, non é precisa inscrición previa. Aforo limitado e aplicación dos protocolos de prevención do covid-19.



**APICULTORES.** A Corporación Municipal de Alfoz ofreceu un acto de recoñecemento aos meles Ouro Puro e O Poder das flores. Jorge Val, alcalde de Alfoz, acompañado do resto da Corporación Municipal, entregoulles aos produtores deste mel, Iván e César Marrube e dJavier e Francisco Carreiras, senllas figuras do Castelo de Castro de Ouro, símbolo do Concello de Alfoz, “en agradecemento pola súa labor na promoción do municipio a través dos recentes éxitos acadados que sitúan os seus meles entre as mellores do mundo”.



# “Teño unhas 300 radios, das cales máis da metade aínda funcionan”

Valentín González Paz, fundador do Museo da Radio de Alfoz

Valentín González Paz é un veciño de Santa Mariña en San Pedro de Mor no concello de Alfoz. Fai varias décadas comezou a converter o seu domicilio nun lugar de culto para os coleccionistas e os amantes das antigüidades.

**Como xurde a idea de montar un museo da Radio?**

A min persoalmente gustáronme sempre as antigüidades e tamén porque me gusta para que a xuventude de agora e a que está por vir poda coñecer todas estas ferramentas e aparatos.

**Pero vostede non ten relación profesional co sector das antigüidades, e dicir, isto non é un negocio nin o fai con ánimo de lucro.**

Para nada, eu traballei en diferentes sectores, ao principio sendo novo no agrario, despois na construción e finalmente onde máis tempo estiven foi na fábrica de Alúmina desde que esta comezou a súa antigüidade.

**De cando data esta afección por coleccionar?**

Pois de sempre, sempre me gustou moito ir aos mercados, vivín unha tempada en Madrid e desfrutaba indo aos rastros. Ata que veu a pandemia da Covid íamos eu e máis meu fillo a Porto ao rastro ,encántanos coñecer e descubrir novas antigüidades. Agora tárdanos volver, esperemos volver pronto a normalidade e recuperar esas celebracións.

**Que tipo de antigüidades podemos encontrar?**

Hai cousas moi variadas, na colección temos reloxo, temos máquinas de coser, aparellos de barbeiro, máquinas para pasar o ferro, material de cociña, candís, espadas e as radios que posiblemente sexa a día de hoxe o máis representativo da colección pola súa amplitude. Tiña tamén moitas pezas en madeira pero algun-



Valentín González nun recuncho do museo

ha botouse a perder pola humidade. Tamén fixen doazóns ao Museo do Pobo Galego, ao Museo Provincial e ao propio Museo do Mar de San Cibrao. Incluso a Toledo enviei unhas máquinas de mallar.

**Onde é máis fácil atopar obxectos na propia zona ou en feiras especializadas?**

É máis doado percorrer feiras para atopar obxectos de interese. Persoalmente penso que en Portugal hai un mercado moi interesante, por exemplo na temática das radios é máis doado encontrar artigos funcionando.

**Cando decidiu enfocar o museo cara a temática da radio?**

Pois a raíz de ver o museo da Radio de Luís del Olmo en Ponferrada. Igual fai 30 anos xa.

**Cantas radios pode ter?**

Pezas teño unhas 300, das cales a metade máis ou menos funcionan e están completas.

**Hai algún modelo ao que lle teña un especial apego, ou valore por riba de todos?**

Teño un denominado radio de capela ou de catedral mellor dito pola súa forma, algún entendido da materia estima que non hai máis de 4 no mundo en bo estado. Consequina

en Porto.

**Vostede é dos que lle gusta manipularlos ou prefire non tocar as pezas?**

Non lles toco para nada, cada vez que se toca algo pódese modificar ou sufrir danos, o meu obxectivo é mantelo no mellor estado posible, conservalo exactamente igual que como chegou.

**E vostede permite facer visitas sen ningún tipo de custe?**

Por suposto, sen custe para poder ensinalos, e para compartir e parolar con eles. Esta afección é máis bonita se se pode compartir. Se ven un rapaz, non vai entender ao mellor, da importancia histórica da radio. Cando eu era pequeno non tiñamos radio na casa, éramos moi humildes. Solo o había na cantina e de pícaros íamos a ela escoitar a Pirenaica.

**Que quere para o futuro da súa colección?**

Seguir así, que veñan amigos velos, e poder compartir coñecementos. Os máis novos non teñen por xeral tanto coñecemento do funcionamento da radio e cada vez quedan menos afeccionados. Teño un fillo ao que tamén lle gusta coleccionar, espero que continúe coa tradición e desfrutando de todas estas pezas históricas.

## EN BREVE

**ITV.** A unidade móbil da ITV estará entre os días 25 e 28 de outubro en Alfoz para facer as inspeccións técnicas a vehículos agrícolas. O horario de atención será de 9.00 a 13.30 e de 15.15 a 18.00 horas, agás os venres, só de mañá. Para participar é necesario pedir cita previa, chamando ao teléfono 902 30 90 00 ou a través da páxina web [www.sycityv.com](http://www.sycityv.com).

## Rematan as melloras no local social dos veciños de Carballido



O presidente da Deputación visitando as obras do local de Carballido

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, comprobou as melloras realizadas no local social da asociación de veciños San Sebastián de Carballido, no concello de Alfoz, grazas a unha achega da institución provincial por un importe de 16.645 euros. Os traballos consistiron na reparación da cuberta e as escaleiras que comunican a planta baixa co primeiro andar.

Tomé Roca estivo acompañado polo alcalde, Jorge Val Díaz, e o presidente do colectivo alfocense, Jesús Paz Pumares, ante os que destacou a importancia desta actuación, que “mostra a implicación da Deputación cos concellos, pero tamén co tecido asociativo de toda

a provincia para que poidan desenvolver mellor a súa actividade”. A asociación de veciños San Sebastián de Carballido é moi activa e está formada por xente nova, “que son o futuro da provincia. As institucións deben estar do lado destas persoas que se involucran co obxectivo de impulsar o rural e recuperar actividades que fagan comunidade”.

Esta acción súmase ao compromiso de colaboración da Deputación de Lugo co Concello de Alfoz. A institución provincial financiou a construción dunha nova nave almacén de maquinaria municipal cunha achega provincial de 115.300 euros e 4.435 de achega municipal.



**100 ANOS.** A veciña Fuensanta Balseiro cumpriu cen anos. O 12 de setembro cumpriuse o centenario do nacemento e para celebrar tan importante data Jorge Val Díaz, alcalde de Alfoz, e Arantxa Incera, concelleira de Servizos Sociais visitárona no seu domicilio para facerlle entrega dunha placa conmemorativa e un ramo de flores. Como din os veciños, Fuensanta é unha muller cariñosa, chea de enerxía e moi positiva que aos seus 100 anos come de todo, aínda que pouco, fai a cama todos os días, sae a pasear coa súa filla Conchita e non se perde tampouco a ocasión de disfrutar do aperitivo dos domingos.

## Retoman as clases presenciais na escola de maiores local

O programa escola de maiores Activamente reanuda as clases presenciais a partir do 19 de outubro na Aula Omix da Casa da Cultura. Repartidos en 3 grupos que asistirán un día á semana: martes, xoves e venres en horario de mañá.

O programa, levado a cabo por Tatiana Barreira, Educadora Familiar do Concello de Alfoz, traballa cos maiores a través de diferentes dinámicas adaptadas aos participantes diferentes aspectos que favorecen o desenvolvemento intelectual tamén

é un lugar de encontro que fomenta a relación social fundamental nas zonas rurais.

Despois de 2 anos, no que se adaptou ás circunstancias provocadas polo COVID-19 e continuou con titorías personalizadas mensuales para os traballos que seguiron facendo desde a casa, chega o momento esperado de voltar á aula, sempre coas medidas de seguridade necesarias e en grupos máis reducidos para garantir en todo momento o cumprimento da normativa para previr contaxios.





## Imparten dous talleres sobre violencia de xénero e autoestima



O Concello de Riotorto acollerá en novembro dous talleres dirixidos a mulleres. O primeiro deles, de dúas horas de duración falará sobre violencia de xénero e o segundo, coa mesma duración, será sobre autoestima e motivación.

Aínda están sen concretar os días e o horario da formación pero si está establecido que se realizarán talleres gratuítos.

Os interesados en inscribirse poden facelo no departamento de Servizos Sociais do Concello ou no teléfono 0982 346 222.

O curso estará ao cargo da Asociación Mujeres en Igualdad Provincial de LUGO-Bumei.

# Os veciños logran cambiar a ubicación da planta de transferencia de Aldurfe

A presión veciñal conseguiu que Sogama e a Xunta cambiaran de idade sobre a ubicación da planta de transferencia de residuos de Riotorto que ía levantarse no núcleo gandeiro de Aldurfe, a apenas uns metros das casas, o que motivou unha tractorada dos veciños o día que se presenta ao público o proxecto, así como numerosas protestas doutros partidos políticos.

Sogama, a Xunta e o alcalde da localidade mostraron o acordo ao que chegaron para suspender de forma definitiva a nova localización. Así Sogama cancelou a licitación da planta e o concello revocou o acordo de cesión da parcela, que é de propiedade municipal. Así mesmo, aínda se descoñece a parroquia na que se situará a planta, aínda que si será en Riotorto.

O alcalde de Riotorto xa trasladou aos veciños algunhas propostas para situar a nova planta de transferencia de residuos que dará servizo a outros concellos como A Pastoriza, A Pontenova, Pol, Ribeira de Piquín e Meira, aínda que poderían unirse

outros como A Fonsagrada, Baleira, Cospeito e Vilalba.

Asegura o alcalde de Riotorto que non quere “deixar escapar esta oportunidade de inversión no Concello de Riotorto, que xerará empregos locais e unha actividade económica no termo municipal”.

Aseguran nun comunicado que “en ningún momento a administración local quixo prexudicar a ningún veciño de Aldurfe con esta instalación, “soamente se pensaba que a ubicación era a idónea, o que xeraría postos de traballo na zona e diversas melloras no barrio”.

A día de hoxe, aseguran en Sogama que a microplanta de Riotorto leva operando sen problema dende o ano 2007 pero a decisión de transformala nunha de maior capacidade e mellores prestacións están condicionada coa normativa que entrará en vigor en decembro de 2023 polo que os concellos galegos deberán implantar a recollida selectiva do contedor marrón.

O obxectivo da compañía é que ademais da bolsa negra, nesta instala-



Concentración dos veciños en Aldurfe o día da presentación da planta

ción se poida transferir a bolsa amarela e no seu momento os residuos procedentes do contedor marrón.

As mobilizacións veciñais iniciáronse na mesma xornada na que esta instalación foi presentada cunha tractorada improvisada. Os veciños aseguran que non é o lugar ideal, xa que está demasiado preto das súas vivendas e das súas explotacións gandeiras, polo tanto dificultaría o seu traballo diario e tamén conta con peores accesos para esta planta. “Polo tanto

botamos en falta máis diálogo cos veciños, e máis sentido común por parte da administración autonómica e o Concello de Riotorto para esta ubicación”, dixeron.

Os partidos políticos da oposición, BNG e PSOE manifestaron a súa intención de chegar ata o Parlamento para pedir o cambio, algo que finalmente non seguirá para adiante debido a que os organismos responsables deron marchar atrás co proxecto.

## Instalan un sistema de control de caudal dos depósitos de auga

Finalizou a segunda fase de mellora da rede de abastecemento de auga. Os traballos, que acometeu Kastel Enxeñería, consistiron na instalación de 8 contadores entre o depósito de Muxeira e Aldurfe co fin de controlar o caudal de entrada e saída dos depósitos. Con esta operación cumprense as directrices marcadas por Augas de Galicia para a mellora do sistema de abastecemento.

Esta actuación permite aumentar a eficiencia da rede e evitar desabastecemento en épocas de seca; en liña coas políticas de desenvolvemento sostible que buscan o equilibrio ambiental. Esta segunda fase supón a continuación dunha primeira intervención na que xa se instalaron un telecontrol e contadores á saída dos depósitos de Teixeira e Penela.

Así, o Concello de Riotorto poderá controlar o caudal de entrada e saída para detectar fugas e evitar desabastecemento en épocas de seca a través da detección precoz de fugas na rede de abastecemento que poidan ocasionar cortes na subministración; o control de caudais mínimos noc-



turnos para axudar na procura de fugas nos distintos sectores; o control de nivel dos depósitos para garantir a subministración de auga potable—no caso de chegar a un nivel mínimo, o telecontrol envía alertas ao móbil—, e a lectura en tempo real da turbidez de entrada nos depósitos. Esta instalación, subvencionada pola Xunta de Galicia, busca un equilibrio e mellor aproveitamento dos recursos da localidade, fomentando tamén o uso racional e eficiente da auga xa desde o punto de partida e distribución da mesma.

## Realizarán obras de reforma no colexio

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade adxudicará nos próximos días as obras en numerosos centros de ensino da provincia de Lugo, entre os que se atopa o Ceip do Vicedo, no que se farán obras de mellora e reforma das instalacións cun orzamento que de preto de 237.172,95 euros.

Os traballos consisten nunha mellora xeral da carpintería do centro. No bloque principal do edificio centranse na instalación de falso teito e luminarias Led.

O grosu do traballo será a instalación de carpintería de aluminio con rotura de ponte térmica e vidros de dobre acristalamento, ademais do trasdosado de placa de cartón xeso sobre carpintería.

Completarán co pintado de paramentos nos que se substitúen as carpinterías interiores. Reforma de aseos de alumnado en planta baixa e planta primeira e illamento de fachada polo exterior con sistema tipo Sate ou similar.

Completarán os traballos coa instalación de illamento térmico sobre forxado de baixo cuberta e substitución de baixantes e canlóns ademais de instalación do solado de formigón no patio. No bloque infantil realizarase a reforma de aseos de aulas en planta baixa e a substitución de cuberta en módulo de aseos de planta baixa.

O prazo de execución destes traballos é de dous meses e prevese que empecen antes de que fin de ano.

**FUCIÑO DO PORCO.** O Concello do Vicedo adxudicou as obras do aparcadoiro do Fuciño do Porco a empresa Sergonsa Servicios SL. Este proxecto foi licitado por 295.576 euros e finalmente adxudicouse por 260.576 euros. As obras faranse baixo o nome de Aparcamento en Alegrín, e ocuparán unha superficie de 5.000 metros cadrados trala compra por parte do Concello dunhas parcelas veciñais onde se ubicarán 140 prazas.

## o vicedo

### Continúan as actividades culturais organizadas polo Concello, que fará un magosto este mes

Dende o Concello do Vicedo seguen coas actividades para outubro que contan con teatro e concertos ademais de con algunha actividade para celebrar o magosto.

Así, o xoves 7 outubro ás 16.45 horas haberá teatro infantil a cargo de Ghazafellos e que presentará A Caixa sen Pandora. O sábado 16 outubro ás 20.00 horas poderase desfrutar de Pinconus, comedia teatral, e o seguinte sábado ás 18.00 horas será a quenda dos monicreques con *O Show de Baralocas* de Marionetas Trécola.

Xa o domingo 24 ás 19.00 horas será o concerto da Banda Municipal de Lourenzán e o sábado 30 de outubro ás 19.00 horas haberá unha charla sobre as aves migratorias e as pardelas da Coelleira.

O derradeiro día de outubro, o domingo 31, será a celebración do Samaín, que levará polas parroquias do Concello un magosto móbil.



## Iniciada en Remior a renovación do abastecemento de auga

Iniciáronse as obras de renovación da rede de abastecemento de auga a Remior. Esta rede que tiña preto de 50 anos de antigüidade atopábase nun estado lamentable, con continuas roturas ao estar feita con materiais obsoletos como é o fibrocemento. “A zona de Remior, onde hai varias explotacións gandieiras e a zona costeira que soportou nos últimos anos unha elevada presión urbanística precisaban dunha renovación total da rede de abastecemento de auga potable, por iso acometemos esta obra que era moi demandada tamén pola veciñanza” explicou a concelleira de Augas, Montserrat Porteiro, que no día de hoxe visitou as obras xunto co alcalde en funcións Antonio Veiga.



Vista aérea de Remior

tada de Medio Rural Mónica Freire e a alcaldesa Ana Ermida.

A nova canalización discorrerá pola marxe esquerda da estrada provincial LU-P-0602 ao longo de 2,3Km e os traballos, adxudicados á empresa Adecem prolongaranse durante todo o mes de setembro.

Esta actuación mellorará notablemente a calidade do servizo de abastecemento e suporá un aforro importante para o concello no arranxo de fugas. “Con este importante investimento imos dar solución a un

problema que se arrastraba desde moitos anos atrás” afirmou Antonio Veiga.

Desde o Concello de Barreiros comunican tamén que ao ser obras de importancia, na súa execución poden provocar pequenas molestias no abastecemento de auga nalgúns zonas, polo que piden desculpas por adiantado, pois son obras necesarias para acometer as melloras, obras que se pospuxeron para setembro dado que en época estival a execución resultaría máis complicada.

**MELLORA DA CALIDADE DO SERVIZO.** Esta obra que conta cun orzamento de preto de 200.000€ é financiada nun 80% pola Área de Medio Rural da Deputación de Lugo, poñendo o Concello de Barreiros o 20% restante, en virtude do convenio asinado no seu día entre a depu-



Obras de mellora na estrada de Barreiros

## Melloran a estrada da Insua a San Cosme de Barreiros

A Deputación de Lugo acometeu as obras de mellora do firme da estrada que une o núcleo de San Cosme de Barreiros coa Insua. Uns traballos que teñen un investimento de 35.350 euros e que se prevé que rematen esta semana, se as condicións meteorolóxicas o permiten. Os labores consisten na reapertura de cunetas, o estendido de aglomerado en quente e as correspondentes sinalizacións. Actúase no primeiro quilómetro da vía, dende o cruzamento coa N-634. Trátase da antiga LU-P-0608 e é a vía que comunica o centro da vila co cuartel da Garda Civil, coa igrexa, co

punto limpo e coa capela de Santo Estevo, entre outros puntos de interese, polo que dá servizo a numerosos veciños e veciñas e aos visitantes. Aos traballos de aglomerado e limpeza de cunetas sumaranse os da sinalización e pintado que se levarán a cabo nos vindeiros días. Deste xeito, “unha das estradas máis utilizadas pola veciñanza de Barreiros pasará a estar nas mellores condicións para o seu uso, evitando ter que asumir esas obras con fondos propios, que dificultaría levarlos a cabo e impediría outras actuacións menores, pero de vital importancia para o municipio”, conclúe a rexedora.

## O Concello farase cargo da xestión do comedor do CEIP de San Cosme

O Concello de Barreiros pasa a xestionar o comedor escolar do colexio público de San Cosme para dar continuidade a un servizo que ata o de agora viña prestando a ANPA deste centro e que neste curso non se puido facer cargo “polo alto custo e dedicación e dispoñibilidade que iso conlevaba”, como explicaron. A Xunta de Galicia, que xestiona outros comedores escolares, declinou facerse cargo neste caso debido ao escaso número de alumnos dificultando a continuidade do alumnado cuxas familias precisan deste servizo para conciliar. Ante esta situación o Concello de Barreiros decidiu asumir a xestión. “Para o concello, este servizo é moi necesario e esencial e aínda que non é competencia municipal asumímolos por responsabilidade e aproveitaremos para poñer en marcha programas de alimentación saudable” anun-

ciou Montserrat Porteiro, concelleira de Educación.

Coa asunción deste novo servizo o Concello de Barreiros facilitará tamén a conciliación familiar. Así o manifestou Montserrat Porteiro que hoxe visitou o comedor do colexio e afirmou tamén que desde o concello de Barreiros “pretendemos que as nenas e os nenos adquiren hábitos nutricionais saudábeis ao mesmo tempo que promocionamos o consumo de produtos frescos e de proximidade”. Explicou así mesmo que os menús están elaborados por unha nutricionista de acordo cos criterios da Xunta en materia alimentaria tendo en conta tamén as táboas de alérxenos.

O custo do servizo de comedor obedece a criterios obxectivos e progresivos en función da renda familiar seguindo os baremos dos comedores escolares públicos.

## O programa cultural ConVidate volve cargado de actividades

O concelleiro de dinamización, Dani García, informou da nova programación Barreiros ConVidate que achegará música e cine a distintos puntos do concello durante os meses de setembro e outubro.

O edil explica que tamén se programarán outras actividades, fóra deste programa que achegarán máis espectáculos a outras parroquias e lugares que poidan non estar incluídas nesta ocasión.

A programación, que xa comezou en setembro, segue en outubro, o domingo 4, con Pakolas e Laura Romero que levarán a Música na praza de San Cosme ás 12.30 horas. O domingo 24 de outubro Ubú Teatro Infantil levará O Vixiante dos soños en San Cosme ás 12.30 horas. Desde o Concello, que leva a cabo este programa por segundo verán consecutivo, lembran a importancia de respectar as normas de prevención da Covid e seguir o protocolo polo que se rixen as actividades, que pode verse modificado en función da situación sanitaria do momento no que se desenvolva cada actividade.

Aproveitan así mesmo para facer un chamamento á responsabi-



dade e á prudencia nas relacións sociais, así como á participación en actividades que contén con todas as garantías sanitaria.

**ARCO DA VELLA.** A Asociación Folclórica O Arco da Vella de San Miguel de Reinante organiza para esta nova tempada cursos de baile tradicional. Ademais de baile impartirán clases de pandeireta, percusión e gaita, e as clases serán todos os venres e comezarán a partir do 22 de outubro. Os interesados poderán anotarse antes do 10 de outubro chamando aos teléfonos 628 739 224 ou 686 156 170.

## Barreiros inicia as charlas informativas sobre o inventario de camiños

O Concello inicia as reunións informativas sobre a elaboración do inventario de camiños e a presentación de alegacións ao mesmo. Tras a aprobación do documento por unanimidade no pleno, iníciase a exposición pública do mesmo para a presentación das alegacións oportunas en caso de erros ou inexactitudes.

Ademais destas charlas, o persoal municipal estará a disposición da veciñanza para resolver cuestións concretas os martes de 9 a 14 horas e os xoves de 9 a 14 e de 16:30 a 19:30 nas oficinas técnicas situadas na primeira planta; excepto o xoves 7 de outubro por coincidir con charlas explicativas. As charlas realizaranse nos locais situados nas distintas parroquias e o aforo estará adecuado á normativa en vigor no momento da súa realización, polo que pode ser necesario a limitación de asistencia, en cuxo caso se valoraría a realización de novas convocatorias.

As charlas, que xa comezaron, seguirán o xoves 7 ás 17 horas nas escolas de Reinante e ás 19 horas nas escolas de San Miguel. O mércores 13 ás 10:30 horas no centro social de Carbancos, e o xoves 14 ás 10:30 horas nas escolas de Celeiro.



## O PSOE pregunta polas vivendas sociais, a sala de fisioterapia e As San Lucas

O Grupo Socialista interpelou ao goberno local sobre as vivendas de promoción pública dos Muíños alegando que despois de tres meses seguen sen estar ocupadas. Dende o Goberno Local informáronnos que haberá un novo sorteo para adxudicadas, que será o terceiro sorteo desde o inicio deste proceso.

No que se refire aos prazos para que comece a funcionar a sala de fisioterapia no centro de saúde, “anunciada hai nove meses pola Conselleira de Sanidade a adxudicación do contrato do proxecto de obra”. Din que o Concello asegura que falta aprobar o proxecto, outorgar a correspondente licenza e realizar a obra. Polo tanto estará rematada previsiblemente antes de que remate o ano.

Mondoñedo celebrará novamente unha nova edición das Feiras das San Lucas, e o PSOE interpelou ao Goberno Local para coñecer as previsións sobre esta cita. “Esperemos que o Concello siga impulsando e implicándose neste feira, unha das máis antigas de Europa e tamén unha das nosas sinais de identidade”, sinalan.



O depósito de auga da Couboeira

## A parroquia de Couboeira conta cun depósito de augas de prevención de incendios

Segundo demandas veciñais na parroquia de Couboeira na pista cara O Pombeiro, no Concello de Mondoñedo, rematouse o refozado na estrutura do depósito de augas de prevención de incendios.

O depósito de reserva ten unha capacidade de 100.000 litros cunhas dimensións de 8x8x1.70 metros e está co-

nectado a unha traída de auga municipal e subministrará aos equipos de bombeiros o caudal necesario para extinguir lumes, se fora preciso.

Tamén se utilizará para o abastecemento de auga ao gando da zona cando este líquido escasee, xa que ten habido cortes de subministro en tempo de sequía.

## Avanza a rehabilitación das antigas escolas rurais locais



Escola de Santa María Maior de Mondoñedo

O Concello de Mondoñedo avanza na rehabilitación das antigas escolas rurais e prepara a restauración da de Vilamor. O orzamento ascende a 29.604,15 euros, dos que 26.644,15 os aportará a Xunta e o resto correrá por conta do Concello.

A intervención nesta escola foi deseñada pensando en salvagardar tanto as características tipolóxicas construtivas e estruturais como os valores histórico-artísticos e arquitectónicos. As obras a executar son as necesarias para dotar ao edificio das condicións para a súa habitabilidade, entre elas

a reparación da cuberta de lousa. Inclúe a instalación eléctrica, fontanería, saneamento e auga quente. Estas garantirán a estanqueidade fronte á humidade, que está deteriorando paulatinamente os elementos construtivos. Igualmente, todas as estancias serán dotadas de carpinterías que permitan a correcta ventilación e iluminacións das mesmas.

O proxecto inclúe tamén, entre outras intervencións, o pintado tanto exterior como interior, o alicatado alí onde é preciso e a renovación dos solos.

## O BNG pide ao Goberno local que explique o novo parque eólico

Un dos parques eólicos denominado Borrasca de 84 MW de potencia que está integrado por 15 aerogeradores de 180 metros de altura, incluída a pa, está situado nos límites dos termos municipais de Foz, Mondoñedo e Lourenzá dos cales dous muíños están proxectados na parroquia de Oirán do municipio mindoniense.

Para os nacionalistas o proxecto das instalacións e o estudo de impacto ambiental deben estar postos a disposición pública no concello para que calquera persoa interesada poida consultar os aspectos ambientais, arqueolóxicos e principalmente a distribución dos muíños, pistas e as outras infraestruturas como a liña de evacuación de alta tensión. Así que o BNG local úrxelle ao goberno municipal que informe sobre estes proxectos eólicos xunto coa liña de evacuación que pasa polo concello e pídelle ao goberno local a que asesore á veciñanza á hora de presentar alegacións a estes proxectos.

O voceiro do BNG en Mondoñedo, Eloi Cabanas, espera tamén que o concello presente as súas propias alegacións aos Estudos de Impacto Ambiental de toda esta infraestrutura que afecta ao concello e non se quede de brazos cruzados igual que fixo co parque eólico Sasdónigas I e II.

Eloi Cabanas apunta que o BNG como organización nacional vai presentar alegacións e “a nivel local estamos estudando os proxectos para presentar tamén as nosas alegacións correspondentes”.

O BNG defende as enerxías renovábeis pero entende o vento como un ben público cuxo aproveitamento ademais de sustentable na produción de electricidade debe repercutir no conxunto da cidadanía e especificamente nos territorios onde se xera. “O modelo de desenrolo eólico non pode responder só a un interese privado e depredador das grandes empresas eólicas que operan no noso país coa complicidade da Xunta de Galiza”.

## Conceden a Susana Rodríguez a distinción de filla adoptiva

A corporación municipal do Concello de Mondoñedo aprobou por unanimidade de tódalas forzas políticas iniciar o expediente para concederlle a Susana Rodríguez Gacio a distinción de filla adoptiva predilecta.

O alcalde, Manolo Otero, comunicoulle directamente á médica e deportista con raíces mindonienses o acordo adoptado polo pleno ante o que se amosou “moi contenta e ilusionada”, segundo explica o rexedor. Durante a conversa tamén lle trasladou o desexo do Concello de organizar un acto, unha vez rematado o procedemento administrativo, “coincidindo cunha data que se adapte ao seu calendario de compromisos e ocupacións”.

Susana Rodríguez Gacio vén de lograr a medalla de ouro en triatlón na clase PTVI e a quinta praza na proba de 1.500 metros da clase T11 nos Xogos Paralímpicos de Tokio; sendo, ademais, a primeira española en competir en dous deportes distintos.

Tres veces campioa mundial de triatlón, rematou en setembro do 2020 a especialidade de Medicina Física e Rehabilitación no Centro



Hospitalario de Santiago e a partir de entón dedicouse exclusivamente a preparar os Xogos de Tokio despois de obter Diploma Olímpico xa en Río.

Recentemente, foi protagonista da portada da revista Time que destacou tamén a faceta profesional da atleta con diversidade funcional como médica en recoñecemento ao seu traballo dende a primeira liña durante a pandemia.

O goberno amósase satisfeito polo “apoio unánime” para o inicio do expediente para concederlle esta distinción a Susana Rodríguez Gacio. “Os nosos veciños séntense moi orgullosos das súas raíces. É un exemplo para todos”, engaden.

## EN BREVE

**ESCOLA DE GAITA.** A Gaita Escola prepara novas clases de música tradicional para este curso que comezarán o xoves 7 de outubro a partir das 19.30 horas no local veciñal de Masma. Haberá clases de iniciación e perfeccionamento para infantil e adulto, e tamén de gaita, percusión tradicional de tambor, bombo, etc, pandeireta e canto, requinta e fruta traveseira, clarinete, guitarra e bodhran. Para anotarse ou pedir información haberá que chamar ou contactar por whatsapp no teléfono 605 074 717 ou no email gaitaescola@gmail.com.

**MAR LOPEZ.** O 16 de outubro ás 20.00 horas o Pazo de San Tomé en Mondoñedo acollerá a presentación do libro *Esgrafiados en la Ribeira Sacra y el Camino de Santiago*. Este libro está escrito por Mar López Sotelo é unha investigación que pon en valor a técnica do esgrafiado como un elemento característico do patrimonio da zona.

**SARA ESCUDERO.** O 13 de outubro ás 12.00 horas o Centro de Interpretación do Camiño Norte, acollerá a presentación do libro *El CaNino de Santiago*. Este libro está escrito por Sara Escudero e trata sobre a aventura da periodista co seu can Nala e das vivencias e experiencias xuntas.



## Trabada pecha o exercicio con 1,6 millóns de euros executados

O Concello de Trabada aprobou onte nun pleno municipal a conta xeral do ano 2020, cun remanente de tesourería que ascende a 290.806,49 euros, un importe executado de 1.582.248,48 euros e unhas existencias en conta de 204.313,33 euros.

“Son cifras que reflicten que somos un concello saneado e xestionado de forma responsable, executando coa maior celeridade posible os proxectos que anunciamos aos nosos veciños e cun remanente para novos investimentos”, asegura a alcaldesa de Trabada, Mayra García Bermúdez.

Ademais, o equipo de goberno deu resposta a varias preguntas da oposición, unha delas sobre o campo de fútbol, realizado polo anterior grupo de goberno pero inservible xa que non ten as medidas reglamentarias. “Actualmente ten o mesmo uso que tiña cando chegamos, estamos valorando varios proxectos que coñecerán cando os fagamos públicos”, afirmou o concelleiro de Deportes,



Mayra García Bermúdez, alcaldesa

Rubén García, na sesión plenaria. Con respecto a outra pregunta sobre as instalacións municipais do ximnasio, Rubén García lembrou que “tiñamos pensado adecuar e modernizar as instalacións dende hai dous anos e por segundo ano consecutivo a Xunta denegounos a subvención para levar a cabo unha reforma dos vestuarios e a compra de novas máquinas”.

Xa por último, en relación ás tarefas de desbroce de pistas, Mayra García Bermúdez explicou que “a Xunta convocou as axudas de Aprox Rural para o fomento do emprego de medio rural o 20 de abril, o 5 de maio o Concello solicitou axuda, o 24 de xuño notifican a concesión e o 25 de xuño a alcaldía aproba o decreto de aprobación das bases do proceso de selección. Na notificación establécese como data límite de contratación o 30 de xullo e en data 7 de xullo fíxose o proceso de selección”.

“A diferenza é que en anteriores anos as convocatorias destas axudas fixéronse a principios de ano: no 2020 publicouse o 24 de febreiro; no 2019 o 3 de xaneiro, e no 2018 o 6 de febreiro... polo tanto, a responsable do retraso do desbroce en Trabada e en toda Galicia é a conselleira de Emprego e Igualdade, que tomou posesión en setembro de 2020 e retrasou tódalas convocatorias de axudas de emprego”, engadiu.

## Os populares urxen o acondicionamento dos puntos de interese turístico

O PP de Trabada urxe ao goberno local a “acondicionar a ruta de acceso aos dous puntos de interese turístico máis importantes do Concello. “Non dou crédito”, sinala o portavoz popular de Trabada, José María Fernández, sobre o estado de “abandono” que presenta “a ruta que dá acceso a dous dos puntos de interese turístico máis importantes do municipio: a mámoa das Pallaregas -a máis destacada da Mariña- e o Marco da Pena Verde”. É por iso polo que pide á alcaldesa e ao goberno local que roce e limpe os accesos e repare os sinais identificativos.

“Calquera que veña a Trabada de visita, achégase a estes dous lugares do noso concello”. De feito, o propio portal de ‘Turismo de Trabada’, que se sustenta con fondos do Concello, dá a coñecer e promociona estes restos arqueolóxicos como espazos de interese turístico.

O popular considera “totalmente incoherente que, por unha parte, o goberno local promociione estes puntos como reclamo turístico e, por outra, non manteña acondicionada a ruta que dá acceso a estes elementos patrimoniais nin manteña nunhas condicións axeitadas a súa sinalización para coñecer a súa localización”.

## O Concello pediu dúas axudas para melloras na contorna



Aparcadoiro de autocaravanas

O Concello de Trabada solicitou dúas subvencións á Xunta de Galicia para a renovación do acabado exterior da fachada da Cámara Agraria e a instalación de iluminación ornamental no acceso e no aparcadoiro de autocaravanas.

O obxectivo da actuación na Cámara Agraria é protexer a edificación, evitar o seu deterioro e mellorar a calidade da paisaxe rural corrixindo os impactos paisaxísticos que ocasiona, tendo en conta o establecido no artigo 39 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, no que se sinala que os materiais e cores das edificacións serán acordes coa paisaxe rural e as construcións do entorno. As tarefas consistirán polo tanto na limpeza e reparación das zonas con humidade e mofo, así como na pintura das catro fachadas mediante pintura plástica lisa coa

combinación de cores incluídas no catálogo de *A Mariña e o baixo Eo*, coas mesmas cores que se utilizaron para pintar a antiga escola e vivenda de Mestres, recentemente convertida en museo etnográfico. O concello solicitou á Xunta unha axuda de 17.500 euros.

No caso do aparcadoiro de autocaravanas, e despois da elevada ocupación durante o verán, “queremos seguir mellorando esta dotación e o que pretendemos facer agora é instalar unha iluminación ornamental que permita aos turistas disfrutar do espazo, xa que ademais da zona de aparcadoiro e de vaciado de augas conta cunha zona de picnic que tamén valoran moitísimo os usuarios, pola comodidade que supón non ter que sacar e colocar as mesas e as sillas para comer”.

## Remata a reconstrución da ponte de Paxarín



Imaxe da ponte de Paxarín tras as obras

O Concello de Trabada informa do remate das obras de reconstrución da ponte de Paxarín, deixando atrás desta forma os problemas que se ocasionaban nos meses de maiores precipitacións de auga.

“A ponte levaba en mal estado moitos anos e nos invernos a auga avanzaba por enriba impedindo o acceso de vehículos e persoas, polo que consideramos prioritario proceder á súa rehabilitación”, afirma a alcaldesa de Trabada, Mayra García Bermúdez.

Ademais dos problemas provocados pola choiva, a ponte de Paxarín estaba desprendéndose nos laterais, o que impedía garantir a seguridade viaria. A actuación realizouse coa colaboración da Deputación Provincial

de Lugo, que fixo unha achega de 24.542,65 euros.

O proxecto tiña como obxectivo a reconstrución integral da ponte, que salva o Rego de Vilapercide e está situada no camiño de acceso ao núcleo de Mozandeo, desde a carretera LU-P-5506.

Os traballos consistiron na construción dun marco de formigón armado, renovando a pavimentación da ponte e dos accesos. Incrementouse ademais a capacidade de desagüe da zona, co obxectivo de rematar cos problemas de inundacións.

“Con estas obras damos resposta a unha demanda veciñal e continuamos co noso plan de mellora continua dos servizos e infraestruturas públicas de Trabada”, engade a alcaldesa.

## Rematan as obras nos accesos a Vilapercide, Cabana e á Veiga

O Concello de Trabada informa do remate das obras de mellora nos accesos de Vilapercide a Cabana, e ao núcleo da Veiga desde a estrada LU-P-6102.

Ademais, queda pendente unha terceira actuación, no tramo que dá acceso ao núcleo de Portela, debido a que se estiveron realizando tarefas de saca de madeira na zona, pero os traballos levaranse a cabo este mes de outubro se as condicións meteorolóxicas o permiten.

“Desde o concello, impulsamos de forma continua melloras na rede de comunicación das parroquias, neste caso tres viais moi utilizados polos veciños que quedan totalmente renovados”, explica a alcaldesa de Trabada, Mayra García Bermúdez.

As obras están cofinanciadas pola Axencia Galega de Desenvolve-

mento Rural (Agader), que fai unha achega de 43.591 euros en dúas anualidades (21.795,50 euros no 2021 e 21.795,50 euros no 2022), mentres que o Concello de Trabada fai unha achega de 9.473,34 euros.

“Con esta actuación arraxamos máis de tres quilómetros de viais municipais, cunha limpeza de cunetas e un tratamento de rego asfáltico, xa que se trata de tramos cunha anchura de entre 3 e 3,5 metros de ancho”, engade a alcaldesa. No caso do camiño que dá acceso a Portela, de máis de 500 metros, mellorárase nas próximas semanas o pavimento, pois as cunetas xa se limparon para facilitar a circulación de auga, unha actuación moi similar á realizada entre os núcleos de Vilapercide e Cabana (1.870 metros), e no acceso á Veiga desde a LU-P-6102 (640 metros).



# Comezaron as obras no terreo onde se ubicará a nova tirolina

A Pontenova está un pouco máis preto de contar coa tirolina de 330 metros de lonxitude e 50 metros de altura que unirá a mina Consuelo e o forno Boulloso.

Xa comezaron as obras da que será unha das tirolinas máis longas de Galicia e que contará cunha achega da Deputación de 300.000 euros para a súa construción.

O complexo histórico-recreativo da mina Consuelo-Boulloso será máis que un parque de aventuras. Está pensado para que as persoas vivan unha experiencia única, con encanto, un espazo para o lecer integrado na natureza e que aproveita o legado mineiro da vila para o goce dos visitantes dende múltiples puntos de vista: cultural, deportivo, educativo e recreativo.

A tirolina recrea o antigo funicular aéreo da mina e será un elemento máis dentro dun conxunto de actividades enlazadas entre si. Agárdase que sexa unha experiencia moi atractiva e que se construíra ata 50 metros por riba do chan e terá máis de 330 metros de lonxitude, sendo



Máquina traballando no desbroce para a construción da tirolina

unha das tirolinas máis grandes de Galicia. Atravesará o río Turia, cruzando da ladeira da mina Consuelo ata a mina do Boulloso. A espeleología, xunto co sendeirismo, tamén serán outras das actividades que se fomentará no novo complexo.

“Penso que esta tirolina se vai consolidar como un referente do ocio activo e familiar na provincia, pero tamén fóra nas nosas fronteiras. Polo tanto, vai situar nun novo nivel

á xa moi interesante oferta turística da Pontenova”, dixo o presidente da Deputación na súa visita á zona. Concretou, así mesmo, que é “singular” pola súa localización, “xa que contribúe a recuperar para o ocio e o desfrute dos veciños e visitantes a ruta que facían as vagonetas con mineral das vellas minas da comarca. Deste xeito, unimos ocio e cultura, impulso do turismo e promoción da nosa historia”, afirmou Tomé Roca.

## EN BREVE

**ESCOLA DE MÚSICA.** A Escola Municipal de Música da Pontenova abriu o prazo de matrícula para este novo curso, que estará aberto ata o fin de prazas. Existen diferentes materias de ensinanza na escola como linguaxe musical, armonía, acordeón, gaita, percusión, guitarra, baixo, piano e canto. O prezo é de 20 euros por materia excepto en coro que son 12, e ademais existen reducións no caso de matrícula en máis dunha materia ou máis dun membro da familia matriculado. As inscricións poden facerse polas mañás na escola e solicitar máis información no 650 348 123.

**BAILE.** As clases de baile volven este ano á Pontenova. Así, este mes retómanse as clases todos os sábados ás 21.00 horas no Museo do Salmón. As persoas interesadas poden reservar a súa praza no teléfono 610 383 195. Impartiranse clases de salón (vals, pasodobre, tango e chachachá), así como de baile latino e caribeños (salsa, bachata, kizomba e merengue) entre outros. As clases estarán ao cargo de Fernando Pallares, adestrador e xuíz nacional de bailes caribeños dentro da Federación Española; e da bailarina Sybille Doucet, procedentes da Escola RitmoLugo.

## Segue o concurso de fotografía

Segue aberto o prazo de participación no concurso de fotografía. O prazo para presentar as imaxes é ata o 15 de outubro, e as gañadoras saíran publicadas no calendario da Pontenova do ano 2022.

Campos Conde explica que a “finalidade principal desta iniciativa é a de dar valor e visibilidade aos numerosos recunchos, paisaxes, árbores, fervezas, construcións tradicionais, etc... que son singulares, posúen unha indubidábel beleza estética e que podemos atopar ao longo

de cada unha das 11 parroquias que conforman este Concello”.

Cada un dos autores das 12 fotografías máis votadas recibirán, como agasallo, un vale regalo por valor de 50 euros para canxear en calquera dos establecementos da vila, así como unha pequena réplica dun forno de calcinación, un dos principais símbolos do noso concello”, explicou o rexedor.

As 24 fotografías seleccionadas expoñeranse públicamente a través da web oficial de turismo.



**100 ANOS.** A pontenovesa Herminia Iravedra Iravedra cumpre hoxe cen anos, e xa tivo oportunidade de celebralo este domingo acompañada da súa familia e xunto aos seus netos Tamara e Iván, na súa casa da parroquia de Acebro.

## Grandes orquestras para celebrar as festas de outubro

O 9, 10 e 11 de outubro celebraranse ma Pontenova as festas da vila na que haberá grandes actuacións.

O sábado 9 comezaran as festas cunha sesión vermú de 14.00 a 15.30 horas, e xa pola noite será a verbena de Blanco y Negro e despois de Ocaband. Ás 23.00 será a tradicional tirada de fotos, o simbólico acto en recoñecemento da Queima dos fornos. Xa o domingo actuará a Banda de Meira de 13.00 a 13.45 e de 15.00 a 15.45 horas, acto seguido será a sesión vermú e pola noite volverá a música ás 21.30 horas con Blanco y Negro e París de Noia.

Por último, o luns 11 volverá a sesión vermú e a música pola noite ás 21.30 horas con Blanco y Negro e os Satélites.

Haberá dúas zonas de entrada e unha de saída perfectamente indicadas así como zona de bar e de bailes perfectamente indicadas.



Dende a organización lembran que as festas levarán a cabo todas as medidas sanitarias, que o acceso ao campo estará controlado e que será necesario descargar a aplicación de Orquestas de Galicia, que xerará un código Qr que será lido na entrada e saída da festa, e se alguén non ten o código os datos de rexistro faranse manualmente.



## Comeza o primeiro concurso morfolóxico do cabalo de PRG

O Concello acollerá o Primeiro concurso morfolóxico do cabalo de pura raza galega e a Exposición do cabalo galego o 10 de outubro no exterior do recinto feiral. A xornada contará con varios concursos como o morfolóxico de eguas e cabalos e de poldros, así como a presentación do proxecto Cabalo Marchador Galego. Dará comezo ás 10.30 horas co concurso morfolóxico oficial de eguas PRG e ás 11.30 horas será o de sementais. Xa ás 12.30 horas será o de poldros e acto seguido presentarase o Proxecto do Cabalo Marchador Galego. Pola tarde serán as carreiras de andadura de 2 tempos, ás 16.00 horas, e de 4 tempos, ás 17.00 horas.

Xa ás 18.00 horas será a entrega de premios dos concursos e das carreiras.

**ITV.** A unidade móbil da Inspección Técnica de vehículos agrícolas desprazase ao Concello de Lourenzá no mes de outubro. A unidade prestará servizo no mercado comarcal gandeiro o día 8 de outubro e do 13 ao 15, dende as 09.00 ás 13.30 horas e nde 15.15 a 18.00 horas. Lembran que o día 8 tan só haberá servizo de mañá.

As persoas interesadas deben solicitar cita previa chamando ao teléfono 902 30 90 00 ou a través da páxina web [www.sycityv.com](http://www.sycityv.com).



## A Deputación aglomera catro estradas provinciais do Concello

A Deputación de Lugo comezou os traballos de aglomerado en quente en catro estradas provinciais ao seu paso polo concello de Oourol, unhas actuacións nas que a institución provincial inviste preto de 300.000 euros.

Deste xeito, as obras continúan logo de que se executase a limpeza de cunetas e drenaxe. Por un lado, mellórase a LU-P-6602, que vai de rúa Nova a Muras, e que dá servizo á veciñanza que ten gando na Serra do Xistral e tamén ás empresas que realizan o mantemento dos parques eólicos da zona. Neste caso, arránxase medio quilómetro, dende o punto 18,550 ata o 19,095.

Tamén se está acondicionando a LU-P-3805, que une os núcleos de Sixto con Campo do Foxo, en dous tramos: o que vai do quilómetro 0 ata o 1 e do 11,240 ao 14,917. Esta vía provincial comunica as parroquias de Bravos, Ambosores e Sixto.

A terceira estrada é a LU-P-6406, que vai dende Cristo da Portapena ata



Máquinas traballando en Oourol

Ponte Segade. Neste caso, son os 200 primeiros metros de vía. Amáñase tamén a LU-P-3808 de Foxo a Portapena, nun tramo de case 3 quilómetros, entre os puntos 0 e 2,67. O prazo de execución previsto para estes traballos é de 3 semanas.

**POPULARES.** O PP ofrece ao alcalde constituír unha fronte común para

reclamar da Deputación que promociione o abandonado polígono industrial e roce e repare as estradas.

Segundo explican os populares, as vías que dependen do organismo provincial aínda están sen rozar; "a maiores, algunhas delas teñen o firme desfeito". Engaden tamén que o polígono industrial non conta con empresas e está cuberto polas silvas.

## Organizan un curso de adestramento da memoria e ximnasia de mantemento

Coa chegada do novo ano escolar, o Concello de Oourol organiza un curso de adestramento da memoria para maiores empadroados no municipio que dará comezo o 13 de outubro.

Este curso servirá para adestrar ás persoas no manexo de estratexias de memoria que posibiliten manterse activo e axudar a compensar os olvidos que poden experimentar na vida cotiá. Esta actividade será un día á semana, os mércores, no edificio multiusos e en horario de 11 a 12.30 horas. Lembran que é obrigatorio o uso de máscara. Todas aquelas persoas interesadas en participar nesta actividade deberán dirixirse ao departamento de servizo sociais ou chamar ao teléfono 982 559 109 ou 677 489 457.

**XIMNASIA.** Por outra banda,

o Concello de Oourol vai levar a cabo novamente un curso de ximnasia de mantemento para persoas maiores co obxectivo de mellorar a calidade de vida das persoas e retrasar os efectos do envellecemento a través da realización de exercicio físico adaptado.

Haberá dous grupos, un os martes e outros os venres, que dará comezo o 5 e o 8 de outubro respectivamente en horario de 11.00 a 12.00 horas.

O curso contará cun máximo de 12 prazas que se distribuirán en dous grupos de 6 persoas máximo e impartirase no edificio multiusos.

Todas aquelas persoas interesadas en participar nesta actividade deberán dirixirse ao departamento de servizos sociais ou chamar ao teléfono 982 559 109 ou 677 489 457.

## lourenzá

## Licitan as obras de reforma de carpintería no CEIP Juan Rey

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade iniciou o proceso de licitación de obras en numerosos centros de ensino da provincia de Lugo, entre os que se atopa o CEIP Juan Rey do Concello de Lourenzá, no que se farán obras de mellora e reforma das instalacións cun orzamento que de 317.935 euros.

Dende o Concello explican que esta actuación "xa se leva loitando dende hai tempo e que foi solicitada á Xunta despois dun acordo plenario que contou co apoio de todos os grupos políticos que forman a corporación".

As obras consisten na substitución de portas e ventás, por unha carpintería de aluminio con rotura de ponte térmico e vidros de dobre acristalamento, baixo emisivos, acústicos e de seguridade e cámara de aire intermedia. A apertura será oscilobatente. Inclúese tamén a substitución das caixas de persianas e capialzados. Entre os traballos figura tamén o illamento de cuberta do forxado



Fachada principal do CEIP Juan Rey

horizontal e a colocación de falso teito acústico en aulas, biblioteca e comedor, así como colocación de falso teito en aseos de placa vinílica normal con placas de 60x60 cm. Tamén realizarase unha substitución de luminarias por equipos LED, con regulación lumínica e detectores de presenza en aulas, zona administrativa, biblioteca e

comedor.

Enganden a substitución de radiadores en mal estado e reparación de pequenas avarías en tubaxes. Pintado de paramentos interiores nos que se actúa pola substitución de carpinterías e a colocación dunha pérgola similar ás existentes no centro na escaleira de acceso principal.

## A biblioteca oferta os libros de lectura obrigada nos centros de ensino



Biblioteca de Oourol

Como cada ano, a biblioteca de Oourol pon a disposición dos estudantes os libros de lectura obrigatoria dos colexios e institutos da contorna.

Lembran que se poden reservar os libros, as reservas gárdanse durante 3 días, renovar por teléfono, whatsapp ou na conta de usuario.

Se aínda non se é socio pódese facer na biblioteca de forma totalmente gratuíta, o carné é válido para calquera das que

estén dentro da Rede de Bibliotecas de Galicia e ten múltiples vantaxes.

Para máis información haberá que chamar ao teléfono 982 559 019 ou por correo electrónico biblioteca@concellodeourol.es. O edificio está situado no primeiro piso da casa da cultura, antigo Cuartel da Garda Civil. O horario é de de luns a venres de 8.00 a 14.30 horas e durante o verán ata ás 14.00 horas.



## A asociación Amado Lar retoma as clases

A Asociación Cultural Amado Lar O Valadouro retoma as clases e os ensaios trala pandemia e adaptando todas as medidas de prevención e hixiene segundo as normativas vixentes.

Así, os novos ensaios de baile, canto e pandeirata serán os luns e venres, comezando o luns 13 e o venres 17, en horarios divididos por idades. Os pequenos irán de 17.30 a 19.00 horas e os medianos de 19.15 a 21.15 horas os luns. E os venres será a quenda das cantadeiras adultas de 20.30 a 22.00 horas e o baile de adultos de 22.00 a 23.00 horas.

Os sábado será o curso de gaita e percusión en horario de 18.30 a 21.30 horas e comezando o 2 de outubro.

Para máis información e contacto haberá que chamar aos teléfonos 609 371 551, 680 766 568, 646 825 113 ou 649 593 139, ou poñerse en contacto por email en amadolarvaladouro@gmail.com.



## O sábado 9 será a XXXIV Feria do Mel

O vindeiro sábado 9 de outubro celébrase no Valadouro a tradicional Feira do Mel, que chega xa á XXXIV edición.

Nesta ocasión, a feira ubícarase na Praza de Santa María e a rúa Andrés López Palmeiro e contará coa presenza de numerosos produtores de mel, mazá, castaña e produtos de tempada.

Nesta edición e en colaboración coa hostalería local organízase unha ruta de tapeo polos distintos locais e entre todos os participantes sortearase un premio.

Ademais, tamén se realizará a presentación do libro de Prudencio Vivero, Os irmáns de América, animación de rúa, xogos pola tarde para público infantil e moitas máis cousiñas.

Entre os asistentes á feira, realizaranse dous sorteos con dous lotes de produtos da feira.

## O Valadouro organiza un ano máis as escolas deportivas municipais

O Concello do Valadouro organiza un ano máis as escolas deportivas municipais e nesta ocasión de patinaxe e de fútbol.

Estas actividades de conciliación están orientadas aos alumnos que cursen estudos dende 4º de infantil ata 6º de primaria, para patinaxe, e dende 4º de infantil ata 4º de ESO para fútbol.

En fútbol, o comezo do curso será o 1 de outubro cun mínimo de 5 alumnos en horarios divididos nas categorías. Así, os cadetes serán os martes de 16:00 a 17:00 e os venres de 16:00 a 17:00, os alevíns os luns de 17:00 a 18:00 e mércores de 16:00 a 18:00, os infantís os xoves de 16:00 a 18:00, os prebenxamíns os martes de 17:00 a 18:00 e venres de 17:00 a 18:00, e os máis cativos, os biberóns serán os luns de 16:00 a 17:00.

As entregas e recollidas de alumnos deberán realizarse con puntua-



lidade. A falta de asistencia ou puntualidade terá como consecuencia a perda da praza na actividade, pasando ao último posto da lista de reserva.

O prazo de inscrición quedará aberto todo o curso escolar. Si se completan as prazas para unha categoría, as persoas solicitantes pasarán a formar parte da listaxe de reserva.

## O BNG contará contará con dúas concellerías tralo pacto de Goberno

No último pleno celebrado no Valadouro efectivizouse a entrada dos nacionalistas no goberno municipal no que Eduardo Chao será o primeiro tenente alcalde e responsable da Concellería de Cultura e Normalización Lingüística e Medio Rural e Eliseo Teijeiro será o 3º tenente alcalde e responsable da Concellería de Obras e Deporte.

“Entramos a formar parte do goberno municipal con moitas ganas de traballar polo Valadouro, igual que fixemos no mandato anterior, e ratificando o noso compromiso con todas e todos os veciños do concello” manifestou o portavoz nacionalista Eduardo Chao, que valorou tamén xunto con Eliseo Teijeiro o resultado da votación das dedicacións parciais aos concelleiros do BNG: “A nosoutros non nos move o interese por unha dedicación parcial, a nosoutros preocúpanos o Valadouro e os problemas e as necesidades da súa veciñanza, e ese traballo imos facelo independentemente de se percibimos algún

tipo de salario parcial ou non”.

Os edís nacionalistas deste municipio referíronse tamén á postura adoptada polo Partido Popular secundada pola concelleira de Udival e mais pola concelleira do PSOE que provocou a non aprobación das dedicacións parciais de concelleiros e alcalde, e neste sentido Eduardo Chao recordou que en xuño de 2011 o BNG, e el concretamente, apoiou que o daquela alcalde electo do PP José Lamela tivera salario. “Nada se pode esperar desta xente, que supedita a súa actuación na política municipal a oscuros intereses, e sobre todo nun partido coma o Partido Popular que navega e navega sempre moi ben polas cloacas do transfuguismo”, afirmou Chao.

A vida municipal no Concello do Valadouro ten que seguir e o BNG traballará arreo para impulsar novas medidas e programas desde as súas concellerías para mellorar a calidade de vida da veciñanza, remataron afirmando os nacionalistas.

## Reubican unha parada de autobús escolar tralas queixas dalgúns pais

Tralas queixas de varias familias do Valadouro polas paradas do bus escolar dos alumnos do IES Alfoz-Valadouro a Xunta reubicará unha das paradas.

A devantida parada de autobús está situada na avenida de Viveiro, en Ferreira do Valadouro, e mudará a súa ubicación a outro punto da mesma rúa.

Os pais informaron que levaban pedindo este cambio porque hai algunhas nas que non hai nenos. Dende o goberno autonómico din que “están a atender as solicitudes rexistradas no inicio do curso escolar, asumindo todas aquelas que sexan tecnicamente viables”.

“Algunhas das peticións recibi-



das son practicamente incompatibles entre si e expoñen moitas circunstancias individuais, polo que deben ser avaliadas tendo en conta a normativa existente que, entre outros factores, contempla límites de distancia e tempos de viaxe para que o servizo sexa efectivo e chegue a todos os usuarios en condicións óptimas”, conclúen dicindo dende a Xunta.

## Servizo de conciliación polas tardes e madrugadores

O Valadouro conta co programa A Tarde máis diver, para que os alumnos e alumnas que precisen asistir a actividades extraescolares ao remate do horario lectivo debido á incompatibilidade do horario laboral dos seus proxenitores ou titores legais co remate da xornada lectiva.

Este programa desenvólvese en horario de 16.00 a 19.00 dende o 13 de setembro de 2021 ata o remate do curso escolar.

As actividades realizaranse a continuación da xornada lectiva en horarios de 16:00 a 17:00, de 16:00 a 18:00 e de 16:00 a 19:00. As recollidas dos alumnos deberán realizarse obrigatoriamente con puntualidade á hora de saída que teña estipulada cada alumno. Haberá un total de 20 prazas segundo a distribución, é dicir, ata as 17:00 poderán asistir un total de 20 alumnos e de 17:00 a 19:00 poderán asistir un total de 10 alumnos.

Durante os meses de setembro e xuño o subprograma desenvólvese dende as 15:30 ata as 18:30. Excepcionalmente poderanse conceder prazas por quendas para alumnos cuxos proxenitores ou titores legais teñan unha xornada laboral a quendas e sempre condicionado á existencia de prazas. Será imprescindible aportar un calendario de quendas para a duración de todo o curso.

**MADRUGADORES.** O Concello do Valadouro informa que desde o 6 de setembro está dispoñible un trámite específico na sede electrónica municipal para solicitar o servizo de madrugadores.

As solicitudes que entren por rexistro antes do inicio do prazo considerásense presentadas fóra de prazo. Estas actividades de conciliación están orientadas aos alumnos e alumnas do CEIP Santa María do Valadouro para o curso escolar 2021/2022 e haberá 20 prazas.

Este programa desenvólvese en horario de 8.15 a 9.20 dende o 13 de setembro de 2021 ata o remate do curso escolar e está orientado aos alumnos e alumnas que precisen asistir ao centro escolar debido á incompatibilidade do horario laboral dos seus proxenitores ou titores legais co inicio da xornada lectiva.

Haberá 2 horarios de entrada ás 8.15 e ás 8.45. A entrega de alumnos deberá facerse sempre con puntualidade, non admitíndose alumnos que cheguen fóra do horario establecido.

Excepcionalmente poderanse conceder prazas por quendas para alumnos cuxos proxenitores ou titores legais teñan unha xornada laboral a quendas e sempre condicionado á existencia de prazas.



# DEPUTACIÓN

## Vestas, a residencia de Pantón e o transporte escolar centran o Pleno

A Deputación aproba pedir á Xunta medidas de apoio para os traballadores de Vestas e un plan de reindustrialización para A Mariña ao mesmo tempo que aproba unha proposta do PSdeG na que se insta ao Executivo galego contratar profesorado de reforzo polas necesidades da pandemia, que se resolvan os concursos do transporte escolar, e que se garantan os servizos educativos no rural. Finalmente foi para adiante o convenio para construír o Centro de Atención a Maiores de Pantón por 1,7M€.

Deste modo, pedirase á Xunta de Galicia que exerza as súas competencias e que impulse medidas de apoio para os traballadores e traballadoras afectados polo anuncio de Vestas de pechar a planta de Viveiro, así como un plan de reindustrialización para a comarca da Mariña con medidas concretas, achega orzamentaria, proxectos definidos e un calendario de execución e avaliación de resultados. A proposta foi plantexada polo PSdeG, e recibiu o apoio do BNG, mentres que o PP se abstivo.

**MELLORAS EN EDUCACIÓN.** O Pleno tamén aprobou unha proposta socialista para instar á Xunta melloras no ámbito educativo que garantan un servizo público acorde á situación sanitaria e que sexa igualitario no rural galego. Unha iniciativa que saíu



O equipo de Goberno entrando ao Pleno

adiante cos votos a favor de PSdeG e BNG, e en contra do PPdeG.

A voceira provincial socialista, Pilar García Porto, afirmou que o presente curso comezou coas declaracións do Conselleiro de Educación comparando os datos de contratación do profesorado cos do 2019/2020. “Vergoña que esteamos nunha pandemia e que a Xunta reduza o número de profesorado con respecto ao ano pasado; vergoña que os colexios do rural sufran máis pola falta de docentes; vergoña que se volva a atacar aos servizos públicos no rural, discriminando aos nenos e nenas galegas polo seu lugar de residencia”, indicou.

“Hoxe hai 625 docentes menos que no curso anterior, o que prexudica

á educación pública, mentres que outras comunidades autónomas aumentaron ata o 68% o número de docentes”, subliñou García Porto.

“No IES de Becerreá, a Xunta quere suprimir aquelas materias que teñen unha matrícula baixa, como é o caso de Francés; no CEIP das Nogais, todo o alumnado de Educación Primaria está integrado nunha única aula de 13 alumnos e alumnas; ou o que acontece no IES Lamas das Quendas de Chantada, onde a veciñanza ten iniciada unha mobilización pola redución de sete docentes”, dixo. Con respecto ao colexio de Baamonde, a deputada lembrou a situación das familias de Begonte que non teñen transporte escolar nas paradas que tiñan solicitado.

## Investirá no paseo marítimo de Viveiro



Firma do convenio de colaboración entre Concello e Deputación

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, asinou coa alcaldesa de Viveiro, María Loureiro, un convenio de colaboración a través do que a institución provincial achega ao Concello 100.000 euros para acometer o proxecto que solucionará os problemas estruturais que presenta unha parte do paseo marítimo, un proxecto que leva tempo pendente de solución. O Concello achegará pola súa banda 15.611€. José Tomé subliñou que esta colaboración económica con Viveiro é unha nova mostra do compromiso “que temos na Deputación co Concello e cos seus veciños e veciñas”, e que, sumada a outros investimentos, como o realizado a través do Plan Único, fai que a achega total

transferida á entidade se sitúe en torno aos 700.000 euros.

O proxecto contempla a reposición do tramo existente que está deteriorado, executando primeiro un baleirado e saneamento para proceder a reenchener con materiais acordes e resistentes. Para o deseño da solución proposta tívose en conta a protección e a reposición do paseo existentes, é dicir, os condicionantes de deseño actuais en canto a dimensións e acabado.

Primeiramente faranse os movementos de terras e traballos previos e estenderase a base do pavimento. Logo, estenderase o pavimento dos adoquines e das lousas, e instalaranse os sumidoiros e a dotación eléctrica para o alumeadado público.

## En marcha un proxecto ao redor do acordeón diatónico

A Deputación pon en marcha un proxecto audiovisual para difundir os contidos do Cancioneiro Galego para Acordeón Diatónico. De Botóns e poñer en valor os espazos xestionados pola institución provincial como son a Rede Museística, o Centro de Artesanía e Deseño e o propio Pazo de San Marcos como espazos culturais e abertos á cidadanía.

Ugía Pedreira, Davide Salvado, Noemí Basanta, Germán Díaz, Brais Monjardín e Vazmin Yukhnovich están a gravar vídeos musicais interpretando algunhas pezas recollidas na publicación nos emprazamentos citados, acompañados polos seus autores, e músicos, Carlos Quintá e Pedro Pascual. O traballo de rodaxe estivo a desenvolver no Museo do Mar de San Cibrao, no xardín do Pazo de San Marcos e en San Paio



Presentación do proxecto

de Narla. E continuará no Museo de Lugo, no Centro de Artesanía e Deseño e no Pazo de Tor.

Ugía Pedreira interpreta no Museo do Mar de San Cibrao unha composición de Dorothé Schubart mentres que e o xardín da Deputación de Lugo será o escenario no que Davide Salvado achegue unha peza de recollida popular, *Manolo mío*.

## Estreado o programa de viaxes gratuítas Coñece a túa provincia

A Deputación de Lugo estreou o programa de viaxes gratuítas Coñece a túa provincia, do que, nesta primeira tempada, se beneficiarán máis de 1.200 persoas de 62 colectivos ata o vindeiro 10 de novembro.

As primeiras entidades beneficiarias, a Asociación de Veciños de Ombreiro Río Miño e a Asociación Carpe Diem de Lugo, coñeceron a costa de Barreiros e Ribadeo, e os concellos de Lourenzán e Mondoñedo, respectivamente. As actividades inclúen tamén unha visita a instalacións provinciais que se converten en puntos de partida das viaxes. Na primeira xornada, as asociacións coñeceron a historia do Pazo de San Marcos e o funcionamento da Granxa Gayoso Castro, en Castro de Rei.

O presidente recibiu no Salón de Actos á primeira asociación que visitou

a sede da institución provincial, onde destacou a gran acollida do Coñece a túa Provincia, que recibiu 143 solicitudes para 62 viaxes dispoñibles, unha alta demanda que “demostra que acertamos con esta proposta e que debe ter continuidade”.

Neste sentido, José Tomé lembrou que Coñece a túa provincia é unha das medidas do Plan de Impulso da Economía da Provincia que ten en marcha a institución, froito do compromiso do Goberno de “axudar na recuperación dos sectores máis afectados polo impacto da pandemia, como son o turismo, a hostalería e o comercio local”. Sen embargo, esta iniciativa naceu tamén cun obxectivo máis a longo prazo, “para seguir consolidando o modelo de turismo polo que apostamos, un turismo de calidade, sostible, non masificado,

que pon en valor o patrimonio e que crea emprego, sobre todo no rural”.

As viaxes realizaranse dende este martes, 14 de setembro, ata o 10 de novembro en días laborables. Os itinerarios deseñados percorren o patrimonio natural, histórico, cultural e gastronómico da provincia de Lugo. A primeira parada realizarase sempre nun espazo de titularidade provincial, como pode ser o Pazo de San Marcos, o Centro de Produción Audiovisual, a Granxa Gayoso Castro, o Centro de Interpretación Terras do Miño ou o Mazo de Santa Comba.

O programa Coñece a túa Provincia inclúe, de balde, o transporte para os traslados de ida e volta dende o lugar ou lugares de orixe, póliza de seguros de viaxeiros, menú de xantar, e entradas e visitas a diferentes lugares de interese da provincia.



# DEPORTES

## As escolas de Lourenzán contan cunha nova sección de atletismo



As novas escolas deportivas de atletismo

As escolas deportivas de Lourenzán presentaron a nova sección de atletismo e reanudaron os adestramentos para esta tempada.

Así, volveron a correr pola pista de Santa Cruz en presenza de Merce Dengra, concelleira de Benestar Social, Sanidade e Igualdade, o presidente do club, Pablo Maseda, e do directivo, Lino García.

Para esta tempada contarán con novidades como a creación dunha sección de Iniciación, que es-

tará dirixida pola atleta laurentina Ana Vallines.

Ademais, terán un grupo de traballo en Cerco con adestramentos martes e xoves nas pistas de atletismo de San Cibrao e tamén un grupo de adultos con traballo dirixido luns, martes e xoves.

Tamén seguen no corpo técnico, ademais da incorporación de Ana, Juan Luís Méndez co medio fondo, Isma Vallines cos lanzamentos e Rubén G. Piñeiroa cos saltos e coordinando a sección.

## A ACD Praias de Comado puxo data para a proba 1/2km Vertical Comado

A asociación cultural e deportiva Praias de Comado comunicou que o sábado 16 de outubro será a proba 1/2km Vertical Comado 2021.

Establécense as categorías masculinas e femininas sénior para persoas nadas dende 2006 a 1981, ambos anos incluídos, e veteranos para os nados en 1980 ou antes.

A saída será dende a praia de Arealonga ás 16.30 horas e haberá un camiño sinalizado para a volta ó lugar de saída. A meta estará situada no cumio do Monte Comado en Reinante.

A entrega de dorsais será o mesmo día da proba dende 1 hora e media antes na zona de saída e ata media hora antes da saída.

Percorreranse varias estradas e camiños da localidade de Reinante, atravesando a rasa costeira ata chegar á Estrada Nacional 634, a cal se atravesará (con control da Guardia Civil de Tráfico) á altura do PK 563,700.

Posteriormente, xa nas faldas do monte Comado, o percorrido continuará por un camiño de montaña cara o cumio do mesmo. A distan-



cia total 4.100 metros aproximadamente, salvando un desnivel de 490 metros positivos.

Non haberá servizo de avituallamento durante a proba que se entregará unha bolsa o final da carreira.

A inscrición estará aberta ata o 12 de outubro e toda a información na súa web <https://mediokmvertical-montecomado.jimdo.com/>.

Para máis información haberá que contactar por email con praia.de.comado@gmail.com, xose9@hotmail.com e co teléfono 653 684 615.

## Primeiro varado na liga de Billarda

A liga de Billarda da conferencia NorLeste seguiu co X Aberto do Ferro da Pontenova correspondente á segunda xornada da Liga Nacional.

Desta volta ata un total de 86 palanadores xuntáronse en busca das afamadas navallas de José Rodil. Non faltaron á cita algúns compañeiros da conferencia NorOeste.

Feito o sorteo e antes de que as billardas comenzasen a voar, rendiuse un momento de silencio en rocardo do compañeiro recentemente falecido, Suso Coedo, do equipo Billardeiros Musicais de Ribadeo.

Nun escenario perfectamente axeitado polos anfitrións Troitas Bravas, acadaron altas puntuacións nos postos do podio, os Carabullos, Manu Caldeiro e Isma lograron 24 puntos para eles e disputaron o 1º posto nun desempate no que a xuventude do Mini Chousa impúxose á veteranía do de Outeiro. O terceiro posto foi para Basilio dos Billardeiros Musicais con 23 puntos.

Na categoría de donas, trocou o conto, pois a seriedade e firmeza de Carme das Troitas Bravas puido coa impulsiva xuventude de Aroa dos Billardeiros Musicais, e ambas as dúas acadaron 16 puntos; terceira e sempre rondando os primeiros postos tamén, foi Paula de Chainzos-Cadaval.

Aroa repetiu o podio en categoría infantil xa que desta volta ocupou o



Unha imaxe da segunda xornada

primeiro posto seguida de Mateu e de Diego, os dous de Madia Leva.

En canto a equipos, os Carabullo de Ponte de Outeiro chegaron dispostos a confirmar que merecidamente son posuidores do título de campións da derradeira e incompleta tempada xogada e foron donos do encontro gañando cunha diferenza de once puntos sobre Troitas Bravas e de catorce sobre Billardeiros Musicais, segundo e terceiro respectivamente. Non é doado facer un tiro directo e que traspase o varal, sen embargo no campo das Minas unha billarda impulsada polo poderoso brazo de Sachas acadou tal fazaña, cruzou como un lóstrego o varal para anotar o primeiro varado da tempada.

### CALENDARIO

- 3ª xornada – Lugo – domingo 14 de novembro – organiza Madia Leva
- FÓRA DE LIGA: Copa Cantábrica entre Galicia e Asturias – Piedras Blancas – sábado 20 de novembro
- 4ª xornada – Ribadeo – domingo 12 de decembro – organiza Billardeiros Musicais
- 5ª xornada – Castro Ribeiros de Lea – sábado 15 de xaneiro – organiza Chainzos Cadaval
- 6ª xornada – Mondoñedo – sábado 12 de febreiro
- 7ª xornada – San Miguel – sábado 5 de marzo – organiza Flores
- 8ª xornada – Begonte – domingo 20 de abril – organiza Castiñeiro Milenario
- FÓRA DE LIGA: XII O Varal encontro billardeiro entre as tres conferencias
- 9ª xornada – Ponte de Outeiro – domingo 24 de abril – organiza Carabullo
- 10ª xornada – Remourelle – sábado 14 de maio – organiza Remourelle Bulls
- Finais en Santiago de Compostela – domingo 29 de maio.

### EN BREVE

**BIKE XTREME.** A nova edición da Viveiro Bike Xtreme celebrarase o 17 de outubro trala súa suspensión da proba o 18 de xullo. O presidente da Peña Ciclista Lar de Viveiro, José Manuel Pernas Vázquez, comunicou a nova data. Esta proba terá dúas modalidades a corta de 45 quilómetros que será a marcha cicloturista e a longa de 65 que ademais terá tamén o campionato de Galicia. As inscricións poderán facerse ata o 13 de outubro na páxina da federación e en champion chip

**CLUB DE TIRO.** Os días 9 e 10 de outubro o Club de Tiro San Roque de Viveiro organiza un curso de tiro que será impartido por Jesús Serrano Lara en Viveiro. O horario será de 15.00 a 20.00 horas o sábado 9 e de 8.30 a 14.00 horas e de 15.30 a 17.30 horas o domingo 10. O curso constará de teoría e práctica e tamén de adaptación da arma se fora necesario. Farase unha competición que contará con agasallos. As inscricións serán por whatsapp no 616 933 646.



**I TORNEO DE FÚTBOL NA RÚA 4x4.** Dous equipos de Celeiro, no máis alto do podio do Torneo de fútbol na rúa de Viveiro. O equipo gañador foi o 6 Tope de Celeiro, seguido do Torrente, tamén da mesma localidade. A terceira posición ocupouna o Martes MD de San Cibrao. Finalmente, o mellor xogador do campionato elixido polos capitáns dos equipos participantes foi Javier, porteiro do equipo Torrente.



## O Concello firma co Burela FS un convenio para a promoción turística da localidade



O alcalde, Alfredo Llano, e o presidente do Burela FS, Manuel Blanco

O Concello asinou o convenio nominativo para a promoción turística do municipio co Burela FS por importe de 15.000 euros. O equipo de goberno burelés tamén aprobou as bases para a concesión de subvencións aos clubs deportivos locais. A partida destinada a este fin en 2021 ascende a 32.000 euros, nove mil máis que no pasado ano. O concelleiro de Deportes e Turismo, Ramiro Fernández, dixo que unha vez que se publiquen no BOP os clubs disporán de 30 días para solicitar as subvencións. O edil burelés contou que “vimos de aprobar na xunta de goberno local de onte tanto o convenio nominativo co Burela FS de promoción turística como as bases de deportes

deste ano do Concello de Burela. Este convenio que firmamos todos os anos co Burela FS está dotado de 15.000 euros. Entendemos que é unha cantidade importante coa que pretendemos que, dentro da súa actividade o Burela FS dentro das súas categorías, promocióne a Burela turisticamente. É un escaparate magnífico para Burela para darse a coñecer posto que o equipo de fútbol sala é un referente a nivel nacional en todas as categorías, especialmente na feminina onde está colleitando unha grande cantidade de éxitos, e tamén o masculino está en Primeira División, co cal penso que é un escaparate perfecto para poder promocionarse por medio do deporte”.

## Caixa Rural co deporte



Caixa Rural Galega uniuse ao resto de entidades do Grupo Caixa Rural, a Seguros RGA e ao equipo ciclista que patrocinan para celebrar o Día Solidario e demostrar o seu espírito sostible e social, colaborando coas persoas que máis o necesitan doando o 10% das pólizas de seguros que se vendan hoxe a Cáritas que, co seu proxecto Dereito á alimentación, proporciona axuda de primeira necesidade ás persoas con dificultades.

Para facer máis visible o Día Solidario, durante o día de hoxe os empregados do Grupo Caixa Rural e Seguros RGA vestiron unha camiseta verde solidaria e sostible deseñada especialmente para este día, un día no que valores que comparten, como o compromiso e a axuda aos demais, brillan máis que nunca.

O Día Solidario é o complemento perfecto da Volta en Verde, a acción de sustentabilidade que realizaron, de maneira conxunta, o equipo ciclista Caixa Rural-Seguros RGA, a aseguradora e as Caixas Rurais con presenza no percorrido da Volta a España e mediante a que se realizou unha doazón de 2.000 € por cada etapa a unha entidade local para proxectos sostibles.

**RECEPCIÓN A ADIARATOU.** A atleta lucense e militante do Lucus Caixa Rural Galega foi recibida polo histórico patrocinador do equipo de atletismo Lucus nos seus servizos centrais co obxecto de homenaxear e recoñecer o enorme éxito que para o club e para a cidade de Lugo supuxo a súa xesta ao volver dos Xogos Paralímpicos de Tokio.

## O Komando Xoviético organiza unha nova BTT

O Komando Xoviético convida a participar da súa marcha en BTT polos montes e paraxes do Concello de Xove, o vindeiro 24 de outubro.

Dende a organización aínda están preparando os detalles técnicos e de que “irán informando nestas semanas”.

Así mesmo, animan a ir pasar cos Xoviéticos un bo domingo de bici polo interior do Concello de Xove, o que dará a ocasión de ver recunchos interesantes pese a tala masiva do eucalipto, obxectan.

## O Foz Club de Tenis ofrece dende este mes varios cursos

O Foz Club de Tenis ofrece diferentes cursos para todas as persoas. Haberá clases para os novatos como para os profesionais da raqueta. Contan con grupos de iniciación, perfeccionamento e competición. Para máis información será necesario chamar ao 661 207 796. As instalacións do club constan de vestiarios, zona de aparcadoiro, en total dispón duns 3.600 metros cadrados e durante todos estes anos o club organizou ligas, torneos de verán, etc.

# TELÉFONOS DE INTERESE

**ALFOZ**  
Concello: 982 55 80 01  
Garda Civil: 982 57 40 30  
Centro de Saúde: 982 55 86 97

**BARREIROS**  
Concello: 982 12 40 02  
Garda Civil: 982 12 41 94  
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

**BURELA**  
Concello: 982 58 60 00  
Policía Local: 982 58 62 11  
Garda Civil: 982 58 57 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29  
Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00  
Capitanía Marítima: 982 57 51 53

**CERVO**  
Concello: 982 55 77 77  
Policía Local: 615 52 10 52  
Garda Civil: 982 58 57 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

**FOZ**  
Concello: 982 14 00 27  
Policía Local: 982 13 36 40  
Garda Civil: 982 14 04 44  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85  
Agencia Tributaria: 982 13 35 12

**LOURENZÁ**  
Concello: 982 12 10 06  
Garda Civil: 982 52 19 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

**MONDOÑEDO**  
Concello: 982 52 40 03  
Policía Local: 982 50 70 40  
Garda Civil: 982 52 19 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

**OUIROL**  
Concello: 982 55 91 09  
Garda Civil: 982 56 10 39  
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

**PONTENOVA, A**  
Concello: 982 34 22 77  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

**RIBADEO**  
Concello: 982 12 86 50  
Policía Local: 982 12 86 50  
Garda Civil: 982 12 80 48  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

**RIORTORTO**  
Concello: 982 34 62 22  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

**TRABADA**  
Concello: 982 13 50 11  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

**VALADOURO, O**  
Concello: 982 57 40 00  
Garda Civil: 982 57 40 30  
Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

**VICEDO, O**  
Concello: 982 59 00 02  
Garda Civil: 982 59 01 81  
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

**VIVEIRO**  
Concello: 982 56 01 28  
Policía Local: 982 56 29 22  
Policía Nacional: 982 56 17 11  
Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62  
Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

**XOVE**  
Concello: 982 59 20 01  
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24

TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112 | Incendios Forestais: 085  
 Urxencias Sanitarias: 061 | Garda Civil: 062

[www.amariñaxa.com](http://www.amariñaxa.com)



# COLABORACIÓNS

## Roma

### SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

**T**obias Baumgaertner gañou os “Ocean Photography Awards 2020” por capturar a imaxe de dous pingüíns viúvos. Unha femia á que lle morrera a parella facía un ano e un macho máis noviño que perdera á súa compañeira xa facía tres anos. Os biólogos levaban un tempo seguindo a esta peculiar parella ata que descubriron que se atopaban polas noites para consolárense mutuamente. Reuníanse polas noites para observaren durante horas as luces da cidade e unha aberta fotografiada entre os dous animais foi a merecedora de tal galardón. Coido que o que gañou foi o amor, que sempre debera vencer, o amor que ámbolos dous sentían po-

los compañeiros que agora lles faltaban. Dise que o amor sempre mellor que sobre a que falte, pero eu son das que pensan que é dun material tan delicadísimo, que o mellor é atopalo na súa xusta medida. O amor para min é desas cousas tan fortes que moito doe e pouco non abonda.

Di Xacobe Pato que hai dúas clases de amores: os correspondidos e os que non, cunha división que segundo el nos vén imposta e aclara, non é que xa non poidamos escoller quen nos quere, senón que aínda menos a quen queremos nós. Fálase moito de que unha banalización da sexualidade está a facer cada vez máis difícil a procura do amor, pero non estou nin pouco nin moito de acordo con esta sentenza. Os que nos estamos a confundir somos nós, coma de costume. Amores hainos, coma as meigas. E coido que

o que estamos é a mesturar conceptos, a chamalle amor a cousas que non o son e nin tan sequera se lle asemellan. Eu, que pode que non saiba o que é o amor, si teño moi claro o que non o é. E ollo, non estou a dicir con isto que a dúbida signifique que algo non é amor. Para min dudar é algo moi racional, proba disto é que a boa científica non é a que da boas respostas senón a que fai boas preguntas. E isto vén a colación dunha conversa entre amigas, A. compartiu con nós unha pequeniña ferida na alma, non estaba segura de estar nunha relación plena. Axiña se apresuraron a escribirlle que se dubidaba xa sabía a resposta, que as dúbidas significaban que non. Que aí non era o seu sitio. Pero a miña avoa todos os días dun matrimonio de máis de corenta anos se preguntaba por que casara co avó, e non coñezo amor máis puro

cao que se profesaban. Porque ata niso estou de acordo con X.P., decidir non odiar é coma decidir non amar, unha perda substancial de tempo. Amar a alguén non é buscar sentirse ben cando estás coa outra persoa, iso non é máis ca unha vertente do egoísmo. Amar di C. que é cruzar sen mirar, darlle a alguén o poder de facerche dano e confiar en que non o vai a facer. Crer en que vai a facer xusto o contrario e ademais o vai a conseguir. Amar é sentar as bases dalgo sólido, algo tan firme que pode botar a voar en calquera intre. Amar tamén é deixar ir, nalgunhas ocasións. Amor é que un señor de Viveiro de oitenta anos vaia ao salón de beleza que frecuentaba a súa muller agora en cadeira de rodas para aprender a maquillala agora que non ela non pode facelo. Amor é esa parella que estaban ao meu carón a semana pasada na sala de

espera das analíticas de sangue, que non colleron o teléfono en todo o intre por mirar un do outro, por preocupárense por falar entre eles. E que triste que tanto a miña nai coma min, que estabamos alí, nos sorprendésemos diso, dalgo que se palpaba real, intanxible, pero ao que tan pouco estamos acostumadas. Se hai 97 formas de dicir quérote, coma no libro, debe haber novecentas formas de querer, e todas igualmente válidas. Porque hai que querer moito, pero sobre todo, querer ben e querer bonito.

Camiño do coche, pasaron unha exuberante parella cunha notable diferenza de idade, e eu dixen: “Ves, M., o amor non ten idade”, e meu tío contestoume, “idade non, filla, o que ten é carteira.” Por iso quero facer este alegato en pro do amor, pero do de verdade, non lle chamedes amor a calquera cousa, sede selectivas.

## Beleza contraditoria

### CULTURA E MÚSICA



Rebeca Maseda

**S**omos nada, un graniño de area perdido no deserto, un organismo planctónico flotando na inmensidade do océano, pero aínda así, os seres humanos pensamos que podemos dominar o mundo. Teño gravadas na retina as imaxes da erupción do volcán “Cumbre Vieja” da Illa da Palma, tremendo espectáculo, fermoso e aterrador ao mesmo tempo. Non me podo nin imaxinar o medo e o estupor que deberon sentir os nosos queridos veciños da Palma cando o chan comezou a tremor e o volcán a ruxir, escupindo linguas de lava no medio da rocha fundida: ¿Estaremos ante a fin do mundo, a apocalipse? Preguntas perfectamente lóxicas ante o que podería ser a boca do inferno descrito por Dante na súa Divina Comedia... A ansia do ser humano por dominar os elementos da Natureza remóntase a tempos inmemo-

riais. Certo é que a revolución tecnolóxica tan exponencial na que estamos inmersos é realmente abafante e pode ata facernos dudar do poder absoluto que os catro elementos da Natureza -auga, terra, lume e aire- exercen sobre as nosas vidas. Son indomables, non teñen dona nin dono e non piden permiso cando irrompen con forza de xeito inesperado, deixando pegadas de destrución ao seu paso. Dramático, sí, pero fascinante á súa vez.

Dentro da mitoloxía grega atopamos ao titán Prometeo -fillo de Japeto e a oceánide Clímene- quen viaxa ata Lemnos, residencia do deus Hefesto, para roubar parte do lume divino que iluminaba a fragua deste Deus. Toda unha proeza destinada a axudar aos Humanos, castigados por Zeus ao retorno dunha vida salvaxe como acto de vinganza polo engano de Prometeo. Lamentablemente isto non logrou calmar a ira de Zeus: preso de cólera ordena encadear a Prometeo no Cáucaso, onde unha aguia lle devoraba diariamente o fígado. Por riba, cada noite



volvía reproducírselle polo que a tortura era constante. Afortunadamente parece ser que Hércules liberouno de tan arrepianante destino cando completaba os seus “Doce Traballos”.

O mito de Prometeo gozou de diversas interpretacións ao longo da historia da cultura occidental. Dende unha figura protectora e civilizadora en prol da

Humanidade fronte aos Deuses, pasando por arquetipo romántico e rebelde que desafia a Deuses e Natureza ou incluso como figura funesta sinónimo de sufrimento e destrución. Falamos dun elemento referencial, fonte de inspiración inesgotable para todo tipo de artistas ao longo da historia. Existen múltiples e variadas obras de arte froito da fascinación polo mito de Prometeo. Probablemente unha das máis famosas e recoñecidas sexa a pintura realizada por Rubens, un dos máis grandes pintores da escola flamenca, pero non foi o único. José de Ribera, Jan Cossiers ou Heinrich Friedrich Füger tamén nos deixaron a súa propia visión de Prometeo.

No ámbito musical quixera mencionar tres exemplos moi representativos. O primeiro deles é o ballet composto por L.van Beethoven: “Die Geschöpfe des Prometheus” -“As criaturas de Prometeo”-. Escrita en 1801 e estreada no Burgtheater de Viena, a obra consta de dous actos, sendo a abertura o movemento máis interpretado actualmente

nas salas de concerto. Ademais varios temas do ballet foron utilizados posteriormente por Beethoven noutras obras tan importantes como a Primeira Sinfonía, a Terceira Sinfonía “Heroica” ou as “15 Variacións con fuga para piano – Eroica Variationen”.

Outros dous exemplos de “Prometeos musicais” son os poemas sinfónicos compostos por Franz Liszt -escrito en 1850 e revisado en 1855- e Alexander Scriabin -escrito entre 1909 e 1910-, dúas obras de gran complexidade harmónica e formal. Sentirnos marabillados e á vez temerosos ante os fenómenos da Natureza responde a un instinto natural do ser humano. A forza dun volcán ou a inmensidade dunha selva son realidades que merecen todo o noso respecto e capacidade de estudo, sempre co obxectivo de acadar unha maior comprensión do medio que nos rodea pero xamais con ansias de dominación, porque, teñámolo claro, somos un elemento máis da ecuación, non o centro da mesma.



# MAR

## O porto de Celeiro acollerá un ano máis as súas Xornadas Técnicas

O porto de Celeiro acollerá un ano máis as súas Xornadas Técnicas que este ano chegan a súa XXV edición e celebraranse do 25 ao 27 de novembro.

Este foro pesqueiro constitúe o simposio de referencia do sector, e a organización sinala que “considera que se trata de dun evento tradicional como punto de encontro obrigado para os profesionais, e no que teñen cabida todos os eslabóns do sector”.

A temática deste ano marca a responsabilidade de apostar por unha xestión sostible e respetuosa do ecosistema mariño. Aínda que o carácter multidisciplinar do evento recollerá temas de candente actualidade. Entre os temas serán a contaminación mariña, a comercialización, o consumo de novas tendencias, os mercados, a seguridade alimentaria, o PPC, a pesca social-tripulacións, o reglamento de control, a pesca ilegal IUU; os desafíos internacionais da pesca, os informe de política pesqueira ou o escenario post-Brexit. O cartel de expertos que analizarán toda esta temática está composto por diversos especialistas de recoñecida valía e prestixio na materia son: Raúl García Rodríguez, coordinador



Presentación das xornadas

de pesquerías WWF España, que falará sobre *La ley de pesca ante la crisis ecológica y social: coordinación y colaboración entre gestión pesquera y ambiental*.

Paloma Rueda Crespo, Directora – Gerente del Centro Tecnológico del Mar-Fundación Cetmar Xunta de Galicia, que tratará a *Sostenibilidad de los océanos y estado ambiental de nuestros mares*.

Itziar Martín Partida, Subdirectora xeral para a Protección do Mar, falará dos plans de ordenación do espazo marítimo.

Outra das ponencias leva por título

lo *El sector pesquero y su situación frente a los aerogeneradores marinos y su impacto negativo en la actividad*; para continuar cun estado sobre a relevancia socioeconómica das confradías de pescadores.

A función do IEO, a través da súa directora, e o novo marco normativo das titulacións náutico-pesqueiras en España redondean a temática, na que destaca tamén unha ponencia sobre o relevo xeracional.

Tamén haberá dous moderadores Javier Fraga Díaz, director de Abanca MAR e Basilio Otero, presidente da Federación Nacional de Cofradías.

## O PP vota en contra de pedir a Portos a reversión a Burela dunha parcela en desuso

A portavoz de Pesca do Grupo Socialista, Patricia Otero, lamentou que o PP votara en contra dunha proposta para pedirlle a Portos de Galicia que reverta no concello de Burela a parcela número 7 da Travesía do Porto, actualmente en desuso e nun estado “lamentable” para dedicala a uso xuvenil. Otero presentou esta iniciativa na mesma Comisión de Pesca do Parlamento na que o PP si que aprobou outra iniciativa socialista para axilizar a entrega aos concellos dos terreos de Portos en desuso.

A responsable socialista amosou a súa “sorpresa” pola actitude do PP, que evidencia que “unha cousa é o que din e outra o que fan”, ao negarse en redondo a unha proposta plantexada “polo ben da veciñanza”. Lembra que o terreo na práctica abandonado, de 1.900 metros cadrados, sitúase nunha “zona idónea” para un concello de apenas 8 quilómetros cadrados, que carece de instalacións acaidas para o lecer

da xuventude.

Asegurou que “tampouco entendemos a actitude de Portos de Galicia” ao negarse a ceder unha parcela que “non están a usar nin están a coidar, nunha parcela que da unha imaxe de abandono e suciedade”. Lembra que o propio PP tamén se abstivera nunha iniciativa semellante no propio Concello de Burela alegando que o Concello non tivera solicitado a cesión do espazo, “pero si, porque de feito llelo denegaron”.

Diante dos argumentos do portavoz do PP, que repetía que o Concello non solicitara o terreo, a parlamentaria socialista presentou o documento do Concello rexistrado o pasado 19 de agosto “para a instalación dunha zona de ocio xuvenil”, así como a resposta de Portos de Galicia, do 17 de setembro, denegando a petición. A mesma sorte correu, lembrou, a petición de cesión do Miradoiro da Limosa, que tamén foi denegada por parte de Portos de Galicia.

## Responsables de Expomar fan promoción en Euskadi

O xerente da Fundación Expomar, José Manuel González Brais, e o presidente da Federación de Confrarías e patrón maior do pósito de Burela, Basilio Otero, viaxaron ao País Vasco cunha delegación do Galp A Mariña-Ortega, dentro das actividades do Programa Relevo 2020.

Ambos aproveitaron esta visita para promocionar o traballo da Fundación Expomar. González e Otero mantiveron encontros en Ondárroa, Guetaria e Pasajes con representantes do sector pesqueiro do País Vasco. Na Confraría de Pescadores de San Sebastián participaron nunha xuntanza coa secretaria da Federación de Cofradías de Guipúzcoa, Miriam Garmendia, e con Alfredo de Miguel, da entidade pública Hazi, que leva a secretaria dos Galp no País Vasco. Eles mostraron o seu coñecemento das actividades da Fundación e o interese en participar nas programadas para 2022 e 2023. A Fundación Expomar estivo presente con stand propio na World Maritime Week, que se celebrou en Bilbao.

## a elección de...




**Alberto Burundarena**  
Presidente da Asociación  
A Ribeira de Foz

un libro



El viejo y el mar  
de Ernest Hemingway

un disco



Hum Along And Dance  
de Rare Earth

unha película




Master and Commander  
de Peter Weir

un personaxe histórico




Charles Darwin

un lugar para visitar



Santos, Brasil

unha afección



Pesca

unha comida



Mexillón

unha bebida



Cervexa

Consulta os eventos en:  
[www.amariñaxa.com](http://www.amariñaxa.com)

**MAESTRO IMAN**  
VIDENTE AFRICANO  
ALTA EXPERIENCIA  
Puede resolver todo tipo de problemas.  
Especialista de vida Amorosa,  
Recuperación de pareja,  
Impotencia Sexual, Familiares,  
Mal de Ojo, Hechizos...  
SU TRABAJO ES SERIO 100% Garantizado y Rápido  
**651 44 11 86**



## DESCUBRINDO O PATRIMONIO

# Homenaxe á faba laurentina

O principal obxectivo da festa gastronómica é promover este produto de calidade e darlle unha proxección de futuro

**A** abundancia de chuvias, as características do solo e as técnicas tradicionais de cultivo concúranse na Mariña lucense para producir unhas fabas de excepcional calidade que foron recoñecidas coa Indicación Xeográfica Protexida Faba de Lourenzán.

Na promoción desta leguminosa, que no Val de Lourenzán se cultiva nas súas variedades locais, Faba Galaica e Faba do Marisco, e comercialízanse secas e separadas da súa vaina, enteiras e limpas, xoga un importante papel, desde 1990, a Festa da Faba, un grande encontro de produtores, compradores, tratantes e consumidores.

Esta festa naceu en 1990 froito dunha iniciativa do Concello de Lourenzán para promover o consumo da leguminosa e incrementar o seu prezo. Dende aquela primeira edición, que consistiu na celebración dun concurso de fabas, aumentáronse paulatinamente as actividades organizadas.

Actualmente este acontecemento reúne no Concello a primeira fin de semana de outubro a produtores, compradores, tratantes e consumidores da Faba de Lourenzán; un legume que xa se exporta na actualidade a mercados como os de Madrid ou Barcelona.

Na Festa da Faba, que cada ano atrae a milleiros de persoas, combínanse a exaltación gastronómica e a celebración de eventos lúdicos e culturais. Así, as exposicións, o baile, a música ou o teatro contan xa cun espazo de seu no programa de actos.

Inicialmente a Festa, declarada de

Interese Turístico Galego pola Xunta de Galicia no ano 2000, celebrábase integramente o primeiro domingo de outubro. Dende o ano 2003 esténdese ao longo de toda a fin de semana cun notable incremento das actividades propostas.

Os fabeiros sitúan as súas casetas rústicas, de madeira e lona ao ar libre nos arredores do mosteiro de San Salvador, e os artesáns e distintas entidades ocupan a zona do claustro cos seus expositores.

As degustacións gastronómicas son só unha parte do programa da festa, que se nutre de eventos lúdicos e culturais, entre os que cobrou especial relevancia o Concurso de Fotografía, e conta con atraccións destinadas ao público infantil.

O principal obxectivo da celebración é promover a Faba de Lourenzán como un produto de calidade con proxección de futuro. A celebración pretende, asemade, apoiar aos colectivos de fabeiros, hostaleiros e comerciantes, imprescindibles no desenvolvemento económico deste legume.

Noutra orde de cousas, salienta a potenciación da Faba de Lourenzán como un produto delicatessen dentro da nosa gastronomía. Por último, preténdese dar a coñecer os bens patrimoniais e culturais do val de Lourenzán, unha zona que desenvolve a súa actividade arredor do cultivo e a comercialización da faba. Este ano a festa volveu celebrarse cunha programación tamén máis reducida pola covid pero co obxectivo de manter viva a tradición.

**CANDO A NATUREZA É ARTE.** A arte e a faba están intimamente vencelladas dende hai anos. Na novena



As cuncas coas que se toma a fabada e un momento da degustación

edición da Festa da Faba, en 1999, adoptouse o lema Cando a natureza é arte para reflectir esta relación. Xa se celebraba daquela o Concurso Fotográfico da Festa da Faba. Un certame que premiaba as mellores instantáneas sobre un tema, distinto cada ano, que é fixado pola organización.

**A LENDA DAS ARTES.** Indo máis aló, na XI edición nacía A Lenda das artes. Dende o 2001 poríase en valor o cartel promocional da Festa,

que a partir dese momento pasou a ser deseñado por recoñecidos artistas vencellados coa comarca de Lourenzán.

Así, unha técnica diferente plasma cada ano a relación existente entre a arte e a natureza que agroma na bisbarra. A fotografía foi a técnica elixida para que botara a andar a iniciativa. Así, o cartel de 2001 baseouse na instantánea premiada no Concurso Fotográfico. O collage e o gravado protagonizaron o cartel das edicións vindeiras.

Paralelamente, e como reforzo desta dimensión artística, pode visitarse no Concello unha exposición dos traballos realizados polo artista encargado de confeccionar o cartel.

**CONCURSO FOTOGRAFICO.** Un expoñente máis desta relación é o concurso fotográfico que está a acadar unha gran relevancia dentro dos circuitos nacionais. Arredor de 120 obras concorren ao certame, que en cada edición trata dunha temática diferente proposta pola organización.

Dentro destes temas acoutados existen dúas categorías diferenciadas. A primeira delas contempla traballos relacionados directamente coa comarca, mentres que na segunda compiten instantáneas cinguidas unicamente ao tema establecido.

Durante o transcurso da Festa, así como nos quince días posteriores á mesma, poden contemplarse no Claustro do Mosteiro de San Salvador as obras presentadas ao certame.



Un intre da Festa da Faba de Lourenzán

ESTABLECIMIENTOS  
**REY**



CALIDAD CON TRIPLE PUNTADA

acolchados + telas robustas = ropa hecha para durar

[www.establecimientosrey.es](http://www.establecimientosrey.es)